**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**
**Sesión do 10 de abril de 2015**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez
Dª Mª Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
Dª Mª Jesús Lago Rey
Dª. Olga Alonso Suárez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
Dª. Mª Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**NON ASISTEN:**

**Invitados:**
D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día dez de abril de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventora acctal., Sra. Hernández Vidal.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(385).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 18 e 19 de marzo e ordinaria do 23 de marzo de 2015. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

**2(386).- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN DO XEFE DA UNIDADE ADMINISTRATIVA DA ALCALDÍA EN CURSO DE FORMACIÓN EN LINGUA FRANCESA. EXPTE. 12390/101.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Unidade Administrativa de Alcaldía, do 2.01.15, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

*A pertenza ao ámbito territorial, xurídico e institucional da Unión Europea (UE) xenera a necesidade de interrelación coas institucións comunitarias e, como consecuencia directa, a necesidade de coñecemento das linguas oficiais comunitarias nos niveis directivos e predirectivos da organización municipal (órganos directivos, xefaturas de área e xefaturas do servizo) por ser estes os que directamente se relacionarán coas institucións comunitarias.*

*A cada vez mais frecuente relación da Administración municipal de Vigo, e mais concretamente desta Alcaldía, coas institucións da Unión Europea; a existencia da sede dunha axencia europea na cidade de Vigo (Axencia Europea da Pesca) así como a circunstancia de que comunicación institucional deba realizarse necesariamente en Francés, Inglés ou Alemán (excluído con carácter xeral o Castelán) determinan a necesidade de adquisición de coñecementos mínimos nalgunha das ditas linguas no solicitante, habida conta a natureza das tarefas que lle son encomendadas á Xefatura da Unidade administrativa da Alcaldía pola Alcaldía-Presidencia, e a necesidade, na realización dalgunhas delas, de comunicación con institucións da Unión Europea.*

*O funcionario municipal asinante da presente solicitude, adscrito a Xefatura da Oficina Administrativa da Alcaldía, conta cuns coñecementos básicos da lingua francesa, adquiridos na súa etapa de educación básica e media, polo que sería nesta lingua na que resultaría máis doado a adquisición do nivel medio ou superior desexado no manexo dunha das devanditas linguas, neste caso, en lingua francesa.*

*A Alianza Francesa de Vigo ofrece a posibilidade de participar nun curso de Francés, cun número reducido de alumnos, que se desenvolverá nos locais da dita entidade entre o 9 de xaneiro e o 29 de maio de 2015, en horario de 9,15 a 10,45 horas, cunha duración de trinta horas, por prezo de 148 euros mensuais —prezo exento de IVE por disfrutar a Alianza Francesa de tal exención— segundo figura no orzamento que se achega.*

*Por todo o exposto, e coa conformidade da Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal, e previo o preceptivo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal segundo o RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:*

*"Autorizar a asistencia de D. Francisco Javier González Yebra-Pimentel, Xefe da unidade Administrativa da Alcaldía, ao curso de lingua francesa que se desenvolverá na sede da Alianza Francesa de Vigo, entre o 9 de xaneiro e o 29 de maio de 2014, en horario de 9,15 a 10,45 horas, cunha duración de trinta horas, cun custe de 148 euros mensuais, a solicitude do mesmo conformada pola Alcaldía-Presidencia.*

*"Autorizar co dito obxecto o gasto por importe de 740 euros, con cargo a aplicación orzamentaria 912.0.162.00.00.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**3(387).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA "ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS DE VIGO" PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE INTÉRPRETE DE LINGUA DE SIGNOS- ANO 2015. EXPTE. 104006/301.**

Visto o informe xurídico do 9.03.15, o informe de fiscalización do 19.03.15, o informe da Técnica responsable de persoas maiores e persoas con discapacidade, do 4.03.15, conformado pola xefa do Servizo de Benestar Social, que di o seguinte:

*Tendo en conta a normativa existente en relación á supresión de barreiras arquitectónicas e, concretamente, ás barreiras de comunicación, son as administracións públicas as encargadas de promover a supresión de ditas barreiras así como de establecer os mecanismos e alternativas técnicas que fagan accesibles os sistemas de comunicación e sinalización a toda a poboación.*

*O Concello de Vigo leva a cabo, dende hai varios anos, unha serie de actuacións encamiñadas a eliminar estas barreiras de comunicación a través dun servizo de intérpretes de lingua de signos que cubre aqueles servizos que as persoas xordas e oíntes precisan para realizar xestións nalgunha administración pública ou entidade privada.*

*Este servizo está contribuíndo, progresivamente, á eliminación das barreiras da comunicación en Vigo, facilitando ás persoas xordas unha inserción social e laboral. Obsérvase, tamén, unha paulatina aceptación na sociedade e nas propias persoas xordas da figura profesional do Intérprete de L.S.E., e unha extensión dos seus servizos a máis ámbitos da vida.*

*A realización destas accións faise a través da sinatura dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación de Persoas Xordas de Vigo, entidade sen ánimo de lucro para persoas xordas creada no ano 1972 en Vigo. Esta asociación ten, entre os seus fines e actividades, e así o reflicten os seus estatutos, potenciar e dar continuidade aos servizos de intérprete de lingua de signos en todos os ámbitos da vida social e velar pola adecuada formación das persoas intérpretes.*

*Para a realización de canto antecede, no orzamento de Política de Benestar do ano 2015 existe consignación de crédito na partida 2310.4890002 " Convenio programa sordos", por un importe de 20.000 euros.*

*A subvención que se propón está prevista nominativamente no orzamento de Política de Benestar polo que ten a consideración de subvención directa segundo o artigo 22.2 da Lei 38/2003 xeral de subvencións e 19.4 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, a mais abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión, motivacións necesarias, así mesmo, para utilizar o procedemento de concesión directa. A concesión da subvención articúlase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescripcións que sinalan as Bases 38 e 40 das de Execución do Orzamento; competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.*

*Ao concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determina a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiara como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financieiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, proponse o aboamento dun 50% da cantidade anual á sinatura do convenio. De acordo co artigo 42 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, do Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non*

*lucrativas que desenvolvan proxecto e programas de acción social quedan exoneradas da constitución de garantías.*

Dáse conta igualmente, da proposta do 25.03.15, asinada pola xefa do Servizo de Benestar Social, o xefe da Área de Política de Benestar, a concelleira delegada da Área de Política de Benestar, e a concelleira delegada de Economía e Facenda, que di o seguinte:

*I. Para dar cumprimento ó indicado no informe de fiscalización (de conformidade) de data 19.03.2015 en relación coa Instrucción 1/2014 da Intervención xeral municipal, faise constar que, como se recolle expresamente na proposta de Convenio coa «Asociación de personas sordas de Vigo» sometida á aprobación da XGL, a concesión desta subvención (nominativa) abeirase tanto na lexislación sectorial en materia de servizos sociais como na Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na que se indica que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de servizos sociais «continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela» e que "non se entenderá como exercicio de novas competencias", entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).*

*II. En consecuencia, visto o que antecede, o informe da técnica responsable do Programa, a orde de inicio de expediente da concelleira delegada da Área de Política de Benestar e a proposta de convenio de colaboración elaborada, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte, «ACORDO:*

*PRIMEIRO.- Prestar aprobación ó texto do convenio de colaboración entre a Concellería de Política de Benestar e a «Asociación de personas sordas de Vigo» (CIF G36622835), para poñer a disposición das persoas xordas un intérprete da língua de signos – ano 2015.*

*SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 20.000€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.02 -Convenio programa sordos– do orzamento vixente».*

*Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

*«CONVENIO DE COLABORACIÓN COA "ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS DE VIGO" PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE INTÉRPRETE DE LÍNGUA DE SIGNOS – ANO 2015».*

*En Vigo, na Casa do Concello, o ………………………. de 2015*

*COMPARECEN*

*Dunha parte,*
*O Excmo. Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Vigo, D. Abel R. Caballero Álvarez, asistido polo Secretario de Administración municipal, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.*

*Doutra parte,*
*D. Francisco Eijo Santos, con DNI nº 36114753S, Vicepresidente da "Asociación de Personas Sordas de Vigo", CIF nº G-36622835, con enderezo para os efectos de notificación na rúa Romil nº 24, baixo, de Vigo.*

*INTERVEÑEN*

*D. Abel R. Caballero Álvarez, na súa condición de Alcalde – Presidente do Excmo. Concello de Vigo, no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación de Réxime local (Art. 61.1.a] da L.5/1997, do 22 de xullo, LALGA, e 124.4.a] da L.7/1985, do 2 de abril, LRBRL).*

*D. Francisco Eijo Santos, actuando neste acto en representación da "Asociación de Personas Sordas de Vigo" por delegación do Presidente, segundo así resulta dos seus estatutos e da documentación achegada, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.*

*D. Manuel Xosé Lorenzo Penela, Secretario de Administración municipal, ós meros efectos de asistencia ó Sr. Alcalde – Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento, por delegación da Secretaria de Goberno local (Resolucións de datas 19.09.2011 e 20.03.2013).*

*Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,*

*EXPOÑEN*

*I.- Que a «Asociación de Personas Sordas de Vigo» (en adiante, ASV) é unha ONG que ten como finalidade principal mellorar a calidade de vidas das persoas xordas e que traballa para acadar o recoñecemento legal e social da lingua de signos e pular pola súa investigación e difusión, fomentar a autonomía e a independencia deste colectivo e a eliminación das barreiras de comunicación, potenciando e dando continuidade ós servizos de intérpretes de lingua de signos en todos os ámbitos da vida social, velando tamén pola adecuada formación das persoas intérpretes.*

*II.- Que ámbalas dúas partes son conscientes de que esas barreiras de comunicación non poderán ser superadas sen a posta en marcha de actuacións específicas que, como a instrumentada no presente Convenio, teñan como obxectivo a efectiva integración das persoas xordas.*

*III.- Que o Concello de Vigo conta, desde hai anos, cun "Gabinete Técnico de Accesibilidade" como órgano consultivo encargado de garantir no ámbito local o cumprimento da normativa en materia de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de iniciar un proceso sistemático e coordenado para facer real o dereito ó goce da cidade para o amplo colectivo que representan as persoas con algunha discapacidade física, psíquica ou sensorial, entre os que se atopan os discapacitados auditivos.*

*IV.- Que a Concellería de Política de Benestar é coñecedora da existencia dun colectivo de persoas xordas na cidade que teñen a necesidade específica de acudir ós servizos prestados polos profesionais intérpretes da língua de signos.*

*V.- Que a normativa de réxime local (Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local – LRBRL e Art. 80.1 da L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia – LALGA) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a*

*satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, asumindo como competencia propia, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro – LRSAL ).*

*A teor da reforma introducida pola LRSAL, a competencia en materia de «prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social» residénciase agora na Admón. autonómica, que deberá asumila a 31.12.2015, nos termos previstos nas normas reguladoras do sistema de financiamento autonómico e das Facendas locais e previa elaboración dun plan para a avaliación, reestruturación e implantación dos servizos (Disp. Transit. 2ª), sen prexuízo da súa eventual delegación nos municipios (Art. 27 LRBRL).*

*De acordo coa Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, esas competencias que debería asumir a Admón. da CA en materia de servizos sociais «continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela».*

*Ademais, considera que "non se entenderá como exercicio de novas competencias", entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).*

*VI.- Que a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, atribúe competencias ós concellos nesta materia e prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante o outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.*

*De feito, a propia L.13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrencia competitiva na xestión das subvencións, por razóns xustificadas de interese público poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrencia pública.*

*Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.*

*VII.- Que, ademais, segundo a normativa autonómica vixente en materia de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, as Administracións públicas galegas deberán fomentar a supresión de barreiras na comunicación e o establecemento dos mecanismos e alternativas técnicas que fagan accesibles os sistemas de comunicación e sinalización a*

*toda a poboación así como a formación de profesionais intérpretes da lingua de signos e guías de xordos-cegos e a existencia nas distintas Administracións públicas deste persoal especializado, facilitando deste xeito a comunicación directa ó discapacitado auditivo ou xordo-cego.*

*VIII.- Que a subvención que se instrumenta mediante este Convenio de colaboración está prevista nominativamente nos orzamentos municipais para o ano 2015, polo que ten a consideración de subvención directa segundo o disposto nos Arts. 22.2 e 28 da L.38/2003, xeral de subvencións e 19.4 e 26 da L.9/2007, de subvencións de Galicia, e, a mais abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión.*

*IX.- Que o presente Convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.*

*Exposto o que antecede, as partes intervintes conclúen este Convenio a fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, con suxeición ás seguintes,*

*ESTIPULACIÓNS*

*PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos Orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da ASV para a prestación do servizo de intérprete da língua de signos.*

*SEGUNDA.- Para estes efectos, a ASV comprométese a colaborar coa Concellería de Política de Benestar para a realización de actividades que faciliten a comunicación directa ós discapacitados auditivos do municipio de Vigo e, concretamente:*

*–A poñer á súa disposición un intérprete da lingua de signos, coa finalidade de ofrecerlles a posibilidade de contar cun profesional que cubra todos aqueles servizos necesarios tales como asistencias a reunións, despachos profesionais, comparecencias en tribunais, consultas médicas, conferencias e cursos (estes últimos, organizados polo Concello de Vigo e/ou a ASV).*

*–A contratar os servizos do profesional intérprete da lingua de signos, a organizar e planificar o traballo que vai desempeñar, así como a levar a cabo a avaliación e cantas outras accións sexan precisas para a correcta realización desta actividade. A Asociación poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a correcta execución deste servizo, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña a existencia de relación laboral de ningunha clase desas persoas co Concello de Vigo.*

*–A cumprir, en xeral, coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*

*TERCEIRA.- O réxime de prestación deste servizo será o seguinte:*

*- Os servizos a realizar polo profesional intérprete da lingua de signos desenvolveranse seguindo o sistema de "chamada previa"; é dicir, aquelas persoas que necesiten os servizos do intérprete deberán chamar con antelación á ASV comunicando os seus datos persoais, data, lugar e materia para a que se require o servizo.*

*- Deberá terse en conta que non todas as demandas poderán ser cubertas na súa totalidade, sobre todo no que ó horario se refire, xa que a unha hora determinada pode atoparse o intérprete realizando outro servizo.*

*- Cando se trate de conferencias, relatorios ou semellantes, a organización do evento respectará e facilitará as condicións da sala, a ubicación do intérprete e os descansos periódicos (de 5 a 10 minutos por cada 30 minutos de interpretación realizada), atendendo sempre as peticións formuladas polo profesional intérprete de lingua de signos para favorecer a recepción e a calidade da mensaxe e facilitando sempre e, como mínimo cunha semana de antelación, un resumo ou copia da ponencia a impartir.*

*- O horario de prestación de servizos será tan flexible coma sexa posible, fixándose a realización de 48 horas semanais, organizadas pola ASV como mellor conveña para os intereses das persoas que precisen do servizo.*

*- O código deontolóxico da profesión de intérprete de língua de signos garante a confidencialidade, a fidelidade na comunicación e a obxectividade do seu traballo. As condicións nas que se desenvolverán os servizos deben ser claras e explícitas, coñecidas e aceptadas por ámbalas partes.*

*- O servizo será totalmente gratuíto para as persoas usuarias do mesmo.*

*CUARTA.- O Concello de Vigo comprométese a conceder directamente á entidade ASV unha subvención para o exercicio de 2015 por importe de 20.000 € (VINTE MIL EUROS) prevista nominativamente nos seus Orzamentos (aplicación nº 2310.489.00.02 – Convenio Programa Sordos).*

*QUINTA.- O réxime de pagamentos acordado é o seguinte:*

- *Un 50% da cantidade anual á sinatura do Convenio. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiara como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario conveniar un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.*

- *O 50% restante unha vez xustificada a totalidade do importe do Convenio, mediante facturas orixinais ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, acreditativos dos gastos e presentación de Memoria anual. Ó anterior unirase unha certificación do cumprimento do Convenio asinada polo/a funcionario/a responsable do programa.*

*SEXTA.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen durante a vixencia do Convenio.*

*SÉTIMA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos. En calquera caso, o importe total da subvención ou*

*subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo.*

*OITAVA.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.*

*NOVENA.- Para a xustificación da subvención, a beneficiaria deberá achegar, a través do Rexistro xeral municipal, antes do 30 de novembro de 2015, a documentación que xustifique o cumprimento da finalidade para a que se lle concedeu e a aplicación dos fondos recibidos. Para tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que constará a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.*

*A documentación da conta xustificativa deberá incluir unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados. Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:*

*-Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas.*
*-Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:*

1. *Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe e data de emisión.*
2. *Nominas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a asi como contrato de traballo; TC1, TC 2 como documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social.*
3. *Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.*
4. *Unha declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:*

    - *Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividades subvencionada.*
    - *Que foron abonadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.*
    - *Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.*

*A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total (Base 38.4 execución orzamentos).*

*As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.*

*Se a beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a Área xestora da subvención procederá ó estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado incorporarase ó expediente e a Área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

*DÉCIMA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.*

*UNDÉCIMA.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Política de Benestar. O/a responsable técnico/a do Programa emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

*DUODÉCIMA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política de Benestar e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*DÉCIMO TERCEIRA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007. Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*DÉCIMO CUARTA.- Como mecanismo de coordinación e solución de posibles controversias na súa aplicación, constituirase unha Comisión mixta de Seguimento do Convenio que estará composta por dous representantes da ASV (D. Miguel Ángel González Lloves, Presidente, e Dª Mª Carmen González Lloves, Técnica, ou as persoas que as substitúan) e dous representantes municipais (unha delas, o/a técnico/a do Departamento de Política de Benestar responsable do Programa/Servizo) e presidida polo/a Concelleiro/a da Área.*

*DÉCIMA QUINTA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD.1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.*

*DÉCIMA SEXTA.- Para o caso de que a entidade beneficiaria da subvención realice algún tipo de actividade publicitaria ou de difusión do proxecto subvencionado, deberá dar a axeitada publicidade ó financiamento municipal, previa conformidade da Concellería de Política de Benestar.*

*DÉCIMA SÉTIMA.- A beneficiaria queda informada de que que os seus datos e os do seu representante serán incorporados ós ficheiros municipais e de que a finalidade da súa recollida é*

*a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente Convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria. Estes datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común e na L.15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Política de Benestar.*

*DÉCIMA OITAVA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexerase pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006; polos pactos que se conteñen neste Convenio; as Bases de Execución dos vixentes Orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretario de Administración municipal, dou fe.*

**4(388).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDEMENTO NEGOCIADO CON PUBLICIDADE, DO ALLEAMENTO DE 124 VEHÍCULOS DEPOSITADOS NA AVDA. DE MADRID E CHATARRA DIVERSA. EXPTE. 4880/241.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 19.03.15, o informe de fiscalización do 27.03.15, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación, do 8.04.15, conformado polo concelleiro delegado de dito Servizo, que di o seguinte:

*NORMATIVA DE APLICACIÓN*

- *Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*
- *Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).*

*ANTECEDENTES*

*Primeiro.- En data 2 de abril de 2014, o xefe da área de Fomento comunica ó servizo de contratación a necesidade de allear para chatarra os seguintes elementos:*

- *Vehículo Motoniveladora matrícula PO-24545-VE, cun peso de 15.730 kgs.*
- *Chatarra diversa de ferro, cun peso aproximado de 70.000 kgs.*
- *500 kgs. aproximadamente de retais de cable de cobre illado*
- *500 kgs. aproximadamente de retais de cable de aluminio illado*

*Segundo.- En data 27 de xuño de 2014, o xefe de área de Seguridade e Transportes remite escrito ó servizo de contratación indicando a necesidade do alleamento de 126 vehículos para chatarra que se atopan no depósito municipal.*

*Terceiro.- En data 11 de xullo de 2014, a Xunta de Goberno Local acordou iniciar o procemento para o alleamento dos citados elementos.*

*Cuarto.- En data 1 de agosto de 2014, á Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo:*

*"1º.- Declarar o desistimento no procedemento aberto para o alleamento de 126 vehículos depositados na avenida de Madrid e chatarra diversa procedente do Parque central de servizos (expediente 4880-241).*
*2º.- Iniciar un novo procedemento para o alleamento dos elementos citados no apartado anterior (...) ".*

*FUNDAMENTOS DE DEREITO*

*Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 109.1 do TRLCSP iniciarase polo Órgano de Contratación. A Xunta de goberno Local en data 1 de agosto de 2014 acordou o inicio deste expediente de contratación.*

*Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 109.2 do TRLCSP, o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola xefa do servizo de Contratación.*

*No presente caso, dado que se trata de un alleamento de residuos para chatarra non procede a redacción dun prego de prescricións técnicas particulares.*

*Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o negociado con publicidade e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ó disposto no artigo 109 do TRLCSP.*

*Cuarto.- En cumprimento do disposto nos artigos 113 TRRL e no apartado 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP, emitiuse pola Asesoría Xurídica do concello de Vigo, en data 30 de outubro de 2014, informe favorable ó expediente de contratación.*

*Quinto.- No artigo 109.3 do TRLCSP se establece que ó expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito. No entanto, o presente contrato non xera custe económico directo para a Administración municipal por canto será o Concello o que reciba o prezo do alleamento destes residuos.*

*Sexto.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartados 3º e 8º do TRLCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 110.1 TRLCSP).*

*En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*"1º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento negociado con publicidade para o alleamento de 124 vehículos depositados na avenida de Madrid e chatarra diversa procedente do parque central de servizos, de data 17 de marzo de 2015.*

*2º. Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista".*

**Acordo**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**5(389).- ACEPTACIÓN DA RENUNCIA DE FUNDUCTIL TARREGA S.L. Á FORMALIZACIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE BANCOS PARA BEIRARRÚAS E ZONAS VERDES. EXPTE. 7580/446.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 27.03.15, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación, do 5.03.15, conformado pola titular de Asesoría Xurídica e polo concelleiro delegada da Área de Contratación, que di o seguinte:

*NORMATIVA DE APLICACIÓN*

- *Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público (TRLCSP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAP).*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*
- *Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a contratación do subministro de bancos por procedemento aberto (PCAP).*

*ANTECEDENTES*

*<u>Primeiro</u>.- En data 17 de decembro de 2014, D. Miquel Fábregas, en nome e representación de FUNDUCTIL TARREGA, S.L., empresa adxudicataria do procedemento aberto para a contratación da subministración de bancos, presenta escrito manifestando a súa renuncia a formalización do contrato por canto lle resulta imposible o cumprimento do prazo de execución, que dado que o contrato ten que finalizar en data 31 de decembro de 2014, se reduce a seis días hábiles.*

*En data 26 de decembro de 2014 a citada mercantil presenta un escrito de alegacións incidindo na imposibilidade de cumprimento do prazo contractual.*

*Segundo.- En data 25 de xaneiro de 2015, o xefe do servizo de Montes, parques e xardíns, informa sobre a procedencia de acceder a renuncia solicitada.*

*Terceiro.- En data 13 de febreiro de 2015, a xefa do servizo de Contratación, co conforme do Concelleiro-delegado de Contratación, formula proposta de aceptación da renuncia, da que se lle da traslado ó licitador en data 25 de febreiro de 2015.*

*Cuarto.- En data 26 de febreiro de 2015, o licitador, evacuado trámite de audiencia, manifesta a súa conformidade coa referida proposta.*

*FUNDAMENTOS DE DEREITO*

*Primeiro.- En sesión de data 12 de decembro de 2014, a Xunta de Goberno Local, acordou:*

> *"Adxudicar a FUNDÚCTIL TÁRREGA, S.L., o procedemento aberto para a contratación da subministración de bancos, que propón unha baixa proporcional única doe 16,05% a aplicar a cada un dos prezos unitarios relacionados na cláusula 1 do PPT.*
>
> *Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada."*

*Este acordo lle foi notificado ós licitadores participantes nesta licitación en data 15 de decembro de 2014.*

*Na notificación do acordo se sinalaba a data de formalización do contrato, o día 15 de decembro de 2014.*

*A petición do licitador, se lle enviou o contrato para a súa firma ante notario o día 16 de decembro de 2014.*

*Segundo.- Compre analizar en primeiro lugar a natureza e determinar o réxime xurídico aplicable ó contrato que nos ocupa.*

*Segundo o apartado 2.A da folla de especificacións do contrato do PCAP (en adiante FEC) o seu obxecto é "a adquisición dos bancos necesarios para a reposición de mobiliario urbano en rúas e zonas verdes do Concello de Vigo". Trátase dun contrato administrativo típico de subministración (artigo 19.1 TRLCSP), que se rexe polo TRLCSP, aplicándose supletoriamente as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado (artigo 19.2 TRLCSP).*

*Terceiro.- O licitador renuncia a formalización do contrato por canto o cumprimento do prazo de execución deveu imposible.*

*Efectivamente, o apartado 4.A da FEC, establece un prazo de execución de 4 meses, se ben se fixa como fecha de finalización do contrato o día 31 de decembro de 2014, coa previsión de que se se demorase o inicio da execución con respecto a data prevista de inicio de contrato (1 de setembro de 2014), se reducirá o prazo de execución para adaptalo a data na que debe rematar.*

*Manifesta o licitador, no seu escrito de data 17 de decembro de 2014, ter recibido a notificación do acordo de adxudicación en data 15 de decembro comunicándolle a formalización do contrato en data 17 de decembro e que "Dado que la sede de esta empresa se encuentra en Lérida no es posible que en un plazo tan breve de tiempo se traslade un representante legal de la misma a la ciudad de Vigo para firmar el contrato. Si se formalizase ante notario en los próximos días, y se devolviese firmado, teniendo en cuenta que además en estas fechas hay numerosos días in-*

*hábiles, resulta imposible ejecutar el contrato dentro del plazo previsto, pues este necesariamente debe finalizar el 31 de diciembre, y con carácter previo a la entrega es preciso proceder a grabar el escudo en los bancos y trasladarlos a Vigo. Debida a esta imposibilidad manifiesta de ejecutar el contrato a causa de lo reducido del plazo comunicamos nuestra renuncia a la formalización del mismo".*

*En resposta a este escrito, o xefe do servizo de Montes, parques e xardíns, en informe de data 18 de decembro de 2014, aclara que "Os bancos a subministrar son de dous tipos diferentes: madeira e madeira tecnolóxica e deberán gravarse a láser nun rectángulo de 105 x 270 mm cunha inscrición definida polo servizo. O proceso de gravado implica uns traballos específicos no subministro dos bancos. Na data que se comunica a empresa a adxudicación do contrato, e debido a gran cantidade de días inhábiles faise dificultoso a execución do mesmo nos prazos esixidos". En consecuencia, propón que se acepte a renuncia formulada polo licitador e se proceda a devolverlle a cantidade depositada en concepto de garantía definitiva así como o custe dos anuncios.*

*A nosa lexislación contractual ao regular, no artigo 156.4, o suposto de non formalización dun contrato administrativo distingue segundo a mesma sexa imputable ó contratista ou a Administración contratante. No primeiro caso, a Administración poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que, no seu caso tivese esixido. Se as causas da non formalización foren imputables á Administración, esta deberá indemnizar ao contratista os danos e prexuízos que a demora puidéselle ocasionar.*

*No caso que nos ocupa, o licitador solicita a non formalización do contrato por canto resultaba imposible o cumprimento do prazo, extremo que é aceptado polo xefe do servizo xestor do contrato e responsable do mesmo no informe 18-12-14, polo que o adxudicatario non resultaría responsable da falta de formalización do contrato e procede restituírlle tanto a cantidade satisfeita en concepto de abono dos anuncios de licitación así como devolverlle a garantía definitiva, pois esta responde do cumprimento dun contrato que non se vai executar. Non consta acreditado que esta falta de formalización do contrato lle ocasionase ningún dano nin prexuízo, polo que non procede aboarlle indemnización de danos e prexuízos.*

*Evacuado trámite de audiencia ó licitador, este manifesta, en escrito de data 26 de febreiro de 2015, a súa conformidade coa anterior proposta.*

*Quinto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación, .*

*En mérito ó que antecede, SE PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*"1º.- Aceptar a renuncia a formalización do contrato de subministración de bancos para beirarrúas e zonas verdes manifestada en escrito de data 17 de decembro de 2014. por D. Miquel Fábregas, en nome e representación de FUNDUCTIL TARREGA, S.L., empresa adxudicataria do citado contrato por resolución da Xunta de Goberno Local de data 12 de decembro de 2014.*

*2º.- Devolver a FUNDUCTIL TARREGA, S.L., 630,96 euros aboados en concepto de custe dos anuncios de licitación.*

*3º.- Devolver a FUNDUCTIL TARREGA, S.L., o aval por importe de 3.099,17 euros en concepto de garantía definitiva para responder da execución do citado contrato.*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**6(390).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DE PARQUES INFANTÍS, ÁREAS BIOSAUDABLES, AREAS DEPORTIVO XIMNÁSTICAS E MOBILIARIO URBÁN DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 7524/446.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta do 9.03.15, asinado polo secretario da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

*A Mesa de Contratación celebrada o 5 de marzo de 2015, entre outros, acordou:*

*4.- Propostas de adxudicación.*

**a)** *Procedemento aberto para a contratación dos servizos de conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaudables, areas deportivo ximnásticas e mobiliario urbán do concello de Vigo (expediente 7524-446)*

*<u>LEXISLACIÓN APLICABLE</u>*

- *Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Lexislativo 3/2011.*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto dodos servizos de conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaudables, areas deportivo ximnásticas e mobiliario urbán do concello de Vigo (PCAP).*

*<u>ANTECEDENTES</u>*

*Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión do día 20 de febreiro de 2015, adoptou o seguinte acordo:*

> *6.- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DE PARQUES INFANTÍS E ÁREA BIOSAÚDABLES. EXPTE. 7524/446.*
>
> *"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no "Procedemento aberto para a contratación dos servizos de conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaudables, areas deportivo ximnásticas e mobiliario urbán do concello de Vigo. (expediente 7524-446)" no seguinte orde decrecente:*

| Empresa | Puntos |
|---|---|
| FERROVIAL SERVICIOS S.A | 98,79 |
| CONTENUR S.L | 96,39 |
| EULEN S.A | 87,33 |
| IMESAPI S.A | 56,82 |

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, FERROVIAL SERVICIOS, S.A. para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- *Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- *A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Póliza do seguro de responsabilidade civil por un importe mínimo de 1.000.000 euros.*
- *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1443,85 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación".*

*Acordo*
*A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.*

*Segundo.- Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar o día 20 de febreiro de 2015, que presenta a documentación requirida en data 02 de marzo de 2015, dentro do prazo sinalado.*

*Terceiro.- Revisada a documentación presentada na sesión da Mesa de contratación de data 05 de marzo de 2015, e dado que esta é correcta, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda propoñer ó órgano de contratación a adxudicación do presente procedemento.*

*FUNDAMENTOS XURÍDICOS*

*Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).*

*Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.*

*<u>Segundo.</u>- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).*

*<u>Terceiro</u>.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.*

*En mérito ó que antecede, <u>SE PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL</u> como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, <u>a adopción do seguinte acordo:</u>*

*"Adxudicar á Ferrovial Servicios, S.A., o procedemento aberto para a contratación dos servizos de conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaudables, areas deportivo ximnásticas e mobiliario urbán do concello de Vigo (expediente 7524-446), por un prezo de 1.412.609,52 euros (IVE engadido). Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada."*

Visto o informe de fiscalización do 16.03.15, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación, 9.04.15, conformado polo concelleiro delegado de Contratación, a titular de Asesoría Xurídica e fiscalizado de conformidade, que di o seguinte:

*NORMATIVA DE APLICACIÓN*

- *Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ó TRLCSP.*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAP).*
- *Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).*
- *Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA).*
- *Real Decreto - Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facenda Locais (LHL).*

*ANTECEDENTES*

*<u>Primeiro</u>.- En data 10 de outubro de 2014, a Xunta de Goberno Local acordou:*

> *"1º.- Aprobar o gasto (...)*
>
> *2º Aprobar o expediente de Servizos de Conservación e Reposición de Parques Infantís, Áreas Biosaudables, Áreas deportivas ximnásticas e Mobiliario Urbán do Concello de Vigo que contén o prego de prescricións técnicas particulares de data 19 de setembro de 2014 e o prego de cláusulas administrativas particulares de data 26 de setembro de 2014.*

*3º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista".*

*Segundo.- Tra-la tramitación do procedemento de licitación, a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión de data 5 de marzo de 2015, acordou propoñer á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, a adopción do seguinte acordo:*

> *"Adxudicar á Ferrovial Servicios, S.A., o procedemento aberto para a contratación dos servizos de conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaudables, areas deportivo ximnásticas e mobiliario urbán do concello de Vigo (expediente 7524-446), por un prezo de 1.412.609,52 euros (IVE engadido). Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada."*

*Terceiro.- A proposta de adxudicación formulada pola Mesa de Contratación, con carácter previo á súa aprobación, foi sometida a fiscalización previa, de acordo co previsto no artigo 214 da LHL) e na DA 2ª do TRLCSP. No informe de fiscalización se manifesta que con respecto a prestación de mantemento e conservación das áreas biosaudables e áreas deportivas, adxudicouse un contrato con este obxecto en data 12 de decembro de 2014 á empresa CONTENUR ESPAÑA, S.L., iniciándose a execución en data 15 de decembro do mesmo ano por un prazo de 7 meses, polo que o seu remate está previsto o vindeiro 14 de xullo de 2015. En consecuencia, dado que o contrato que nos ocupa ten prevista como data de inicio o día 1 de maio de 2015, solaparíanse as prestacións de ambos os dous contratos durante dous meses e medio. Conclúe o citado informe propoñendo que "no contrato que se formalice deberá constar como período de prestación dos servizos:*

- *O 1 de maio de 2015, no que se refire á prestación do servizo de mantemento, conservación e reposición de parques infantís e mobiliario urbano.*
- *O 15 de xullo de 2015, no que se refire á prestación do servizo de mantemento, conservación e reposición das áreas biosaudables e áreas deportivas-ximnásticas.*

*Cuarto.- Á vista do citado informe de fiscalización, o xefe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, elaborou un informe, en data 31 de marzo de 2015, propoñendo ó primeiro clasificado neste procedemento, a mercantil CONTENUR ESPAÑA, S.L., que a prestación relativa ó mantemento, conservación e reposición das áreas biosaudables e áreas deportivas-ximnásticas non entre en vigor ata o 15 de xullo de 2015, coa correspondente detracción do prezo do contrato do importe relativo as citadas prestacións.*

*Quinto.- En data 6 de abril de 2015, Alfonso Clemente González, actuando en nome e representación de CONTENUR ESPAÑA, S.L., presenta escrito manifestando a conformidade do licitador coa proposta formulada polo xefe de Montes, Parques e Xardíns no informe de data 31 de marzo de 2015.*

*Sexto.- En data 8 de abril de 2015, o xefe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, en dilixencia dirixida ó servizo de Contratación, solicita que polo mesmo se formule proposta de modificación da entrada en vigor do contrato no relativo a citada prestación e cuantifica os importes que habería que detraer das mensualidades a aboar pola prestación do servizo dende o inicio da execución do contrato ata o 14 de xullo de 2015.*

*FUNDAMENTOS XURÍDICOS*

*-I-*

*O texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público regula a modificación dos contratos con carácter xeral no Título V do Libro I, que leva por rúbrica precisamente "Modificación dos contratos" (artigos 105 a 108).*

*No entanto, no presente suposto non pode falarse en puridade dunha modificación do contrato, por canto os contratos se perfeccionan coa súa formalización (artigo 27.1 do TRLCSP) e no procedemento que nos ocupa, aínda non se adxudicou o contrato e, por conseguinte, non se formalizou, polo que de momento este non existe no mundo xurídico. Aberta a licitación, o órgano de Contratación, en data 20 de febreiro de 2015, acordou clasificar os licitadores en orde descendente, sendo o primeiro clasificado CONTENUR ESPAÑA, S.L.*

*A modificación do prego non está prevista na lexislación contractual por canto esta so regula a modificación do contrato unha vez perfeccionado. En consecuencia non fixa requisitos para a mesma. No entanto, dado que o presente procedemento foi obxecto dun procedemento de licitación que rematará precisamente coa adxudicación e posterior formalización do contrato e no mesmo xa hai un licitador primeiro clasificado, hai que considerar un trámite fundamental do mesmo o trámite de audiencia ó mesmo.*

*Tras o informe de fiscalización, o xefe do servizo xestor, Montes, Parques e Xardíns, en informe de data 31 de marzo de 2015, puxo de manifesto ó licitador o posible solapamento de dous contratos propoñéndolle que a prestación relativa ó mantemento, conservación e reposición das áreas biosaudables e áreas deportivas-ximnásticas non entre en vigor ata o 15 de xullo de 2015, coa correspondente detracción do prezo do contrato do importe relativo as citadas prestacións. CONTENUR ESPAÑA, S.L., en escrito de data 6 de abril de 2015 manifesta a súa conformidade coa citada proposta formulada polo xefe de Montes, Parques e Xardíns no informe de data 31 de marzo de 2015.*

*O importe a detraer, consonte a dilixencia do xefe do servizo de Montes Montes, Parques e Xardíns de data 8 de abril de 2015 é de 5.405,48 € mensuais nos meses de maio e xuño e de 2.524 € no mes de xullo.*

*Así mesmo, a xuízo da informante, deberán respectarse ós limites á modificación dos contratos fixados no artigo 105.2, pois do contrario, poderían vulnerarse os dereitos dos demais licitadores no procedemento. Estes límites son os seguintes:*

- *A modificación do contrato non poderá realizarse co fin de engadir prestacións complementarias ás inicialmente contratadas.*
- *Non poderá ampliar o obxecto do contrato a fin de que poida cumprir finalidades novas non contempladas na documentación preparatoria do mesmo.*
- *Non poderá incorporar unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente.*

*No presente caso a modificación non é substancial, pois unicamente afecta a entrada en vigor dunha das prestacións que comprende ó obxecto do contrato e respecta os limites das modificacións contractuais citados.*

*-II-*

*A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP).*

*En mérito ó que antecede, SE PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

> *"Reducir o prazo de execución respecto da prestación relativa ó mantemento, conservación e reposición das áreas biosaudables e áreas deportivas-ximnásticas, incluída no obxecto do contrato de servizos de conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivo ximnásticas e mobiliario urbán do concello de Vigo, que no comezará a prestarse ata o 15 de xullo de 2015, coa correspondente detracción do importe relativo as*

*citadas prestacións das mensualidades a aboar ó adxudicatario ata a citada data, que ascenden a 5.405,48 euros mensuais".*

**Acordo**
A Xunta de Goberno local aproba, vistos os precedentes informes-propostas, acorda:

Primeiro.- "Adxudicar á Ferrovial Servicios, S.A.,  o procedemento aberto para a contratación dos servizos de conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaudables, areas deportivo ximnásticas e mobiliario urbán do concello de Vigo (expediente  7524-446), por un prezo de 1.412.609,52 euros (IVE engadido). Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada."

Segundo.- Reducir o prazo de execución respecto da prestación relativa ó mantemento, conservación e reposición das áreas biosaudables e áreas deportivas-ximnásticas, incluída no obxecto do contrato de servizos de conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivo ximnásticas e mobiliario urbán do concello de Vigo, que no comezará a prestarse ata o 15 de xullo de 2015, coa correspondente detracción do importe relativo as citadas prestacións das mensualidades a aboar ó adxudicatario ata a citada data, que ascenden a 5.405,48 euros mensuais".

**7(391).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN ADOPTADA POLO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO CENTRAL DE RECURSOS CONTRACTUALES REFERENTE Á SUSPENSIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DE ZONAS VERDES. EXPTE. 7614/446.**

Dáse conta de resolución da Secretaría do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales pola que se adopta a medida provisional de suspensión do procedemento de contratación"Servizo de conservación e reposición das zonas verdes do Concello de Vigo", tal e como se transcribe:

*"RESOLVE a concesión da medida provisional consistente en suspender o procedemento de contratación, de conformidade co establecido nos artigos 43 e 46mdo TRLCSP, de xeito que segundo o establecido no artigo 47.4 do mesmo corpo legal, será a resolución do recurso a que acordo o levantamento da medida adoptada."*

Acordo
A Xunta de Goberno Local queda informada.

**8(392).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS:**

A) IMES S.A. EXPTE. 4783/241.
Visto o informe de fiscalización do 31.03.15, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación, do 6.04.15, que di o seguinte:

*Examinado o expediente promovido por IMES, S.A. no que se solicita a devolución da fianza de 87.035,77 euros, constituida para responder das obras de humanización da rúa Sevilla, e cumpridos os requisitos esixidos na lexislación vixente, proponse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:*

*"Devolver a IMES, S.A. a fianza de 87.035,77 euros, constituida para responder das obras de humanización da rúa Sevilla, xa que as obras foron recibidas mediante acta de 4 de decembro de 2009 por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e transcorrer-lo prazo de garantía."*

Acordo
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

B) IMES S.A. EXPTE. 4786/241.
Visto o informe de fiscalización do 31.03.15, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación, do 6.04.15, que di o seguinte:

*Examinado o expediente promovido por IMES, S.A., no que solicita a devolución da fianza de 53.207,54 euros, constituida para responder das obras de humanización das rúas Balaídos e Portanet, e cumpridos os requisitos esixidos na lexislación vixente, proponse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:*

*"Devolver a IMES, S.A. a fianza de 53.207,54 euros, constituida para responder das obras de humanización das rúas Balaídos e Portanet, xa que as obras foron recibidas mediante acta de 4 de decembro de 2009 por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e transcorre-lo prazo de garantía."*

Acordo
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**9(393).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DA ÁREA DE CULTURAS, FESTAS E MUSEOS DURANTE O MES DE MARZO DE 2015. EXPTE. 451/330.**
Mediante escrito de data 7.04.15, en cumprimento das instrucións da base 31º das de execución do presuposto en vigor, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, dá conta dos expedientes de gasto menor tramitados polo servizo da Área de Cultura, Festas e Museos, no mes de marzo de 2015, que son os seguintes:

SERVIZO: Área de Cultura, Festas e Museos

| EXPTE | DATA | CONCEPTO | APLICACIÓN ORZAMENTARIA | Nº OPERACIÓN | IMPORTE | TERCEIRO |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 418/330 | 03/03/15 | CONTRATACIÓN DE SERVIZOS XERAIS DE PORTERÍA E ATENCION XERAL AO PÚBLICO NO EQUIPAMENTO DA PINACOTECA "FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO". | 33302279909 | 16015 | 21.450,13 € | Servicios Securitas, S.A. |

| EXPTE | DATA | CONCEPTO | APLICACIÓN ORZAMENTA-RIA | Nº OPE-RACIÓN | IMPORTE | TERCEIRO |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 435/330 | 11/03/15 | CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE PRODUCIÓN INTEGRAL DE CICLO DE CONCERTOS DA ORQUESTRA CLÁSICA DE VIGO (27 DE MARZO, 5 DE ABRIL E 1 DE MAIO). | 33402260904 | 18311 | 12.000,00 € | Orquesta Clásica de Vigo |

Acordo
A Xunta de Goberno local queda informada.

**10(394).- FIXACIÓN DE PREZOS DE VENDA DE ENTRADAS DA PROGRAMACIÓN DO SERVIZO DE CULTURA E BIBLIOTECAS NO AUDITORIO MUNICIPAL NO PRIMEIRO SEMESTRE DO ANO 2015. EXPTE. 14951/331.**
Visto o informe de fiscalización do 30.03.15, e o informe xurídico do 8.04.15, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Cultura e Bibliotecas, do 26.03.15, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e o concelleiro delegado de dito Servizo, que di o seguinte:

*O concelleiro-delegado da área de Cultura, Festas e Museos, resolveu con data 16 de marzo de 2015 que polo servizo de Cultura e Bibliotecas se inicie o expediente necesario para a fixación de prezos de venda de entradas da programación do servizo de Cultura e Bibliotecas no Auditorio Municipal no primeiro semestre do ano 2015, dacordo coa ordenanza reguladora de prezos públicos nº42.*

*Xa que o custo de organización desta programación é extraordinario, tal e como establece a citada ordenanza reguladora de prezos públicos, increméntanse as tarifas relacionadas nesta ordenanza en contía que non superará o custo calculado en base á ocupación total das localidades.*

*A programación que se presenta no primeiro semestre do ano 2015 consta dun total de dezanove espectáculos, divididos en programación dirixida a público adulto (a realizar os venres) e programación dirixida a público familiar (a realizar os domingos).*

*O custo total da programación, incluíndo cachés das compañías, produción, material gráfico publicitario do programa, porcentaxes de INAEM, dereitos de autor e servizo de venda de entradas, é de 54.756,30 € que se divide en:*
*Cachés: 39.667,20 €*
*Material gráfico: 3.234,75 €*
*Produción: 7.396,13 €*
*Dereitos de autor: 1.754,28 €*
*Servizo de venda de entradas: 2.561,44 €*
*Inaem: 142,50 €*

*Para calcular o prezo por espectador de cada función, ao caché de cada espectáculo habería que engadirlle os costes de publicidade (importe total do material gráfico dividido entre as 19 funcións), os gastos de produción de cada función, os dereitos de autor derivados da súa exhibición, o coste polo servizo de venda de entradas e os gastos por porcentaxes derivados do convenio co Inaem, de se-lo caso.*
*Así pois o coste por espectador calculado en base á ocupación total das localidades (285 butacas) é o seguinte:*

| DÍA | COMPAÑÍA | ESPECTÁCULO | CACHÉ | DEREITOS DE AUTOR | PRODUCIÓN | VENDA ENTRADAS | MATERIAL GRÁFICO | PORCENTAXES INAEM | COSTE TOTAL | COSTE/ ESPECTADOR | PREZO PROPOSTO |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 20/03/15 | Voadora | A tempestade | 4.080,00 € | 36,30 € | 1.491,66 € | 160,57 € | 170,25 € | | 5.938,78 € | 20,84 € | 8,00 € |
| 22/03/15 | Ghazafelhos | ...3, 2, 1 | 1.080,00 € | | 154,47 € | 111,90 € | 170,25 € | | 1.516,62 € | 5,32 € | 3,00 € |
| 27/03/15 | Teatro do Morcego | Diálogo do can co seu amo | 1.740,00 € | 112,53 € | 304,80 € | 129,75 € | 170,25 € | | 2.457,33 € | 8,62 € | 5,00 € |
| 29/03/15 | Expresión Producións | Uxío no país de Patadecabra | 870,00 € | | 239,03 € | 111,90 € | 170,25 € | | 1.391,18 € | 4,88 € | 3,00 € |
| 03/04/15 | Rodrigo Romaní | As arpas de Breogán | 2.420,00 € | 181,50 € | 210,84 € | 129,75 € | 170,25 € | | 3.112,34 € | 10,92 € | 5,00 € |
| 05/04/15 | Pablo Díaz e a Banda Tic Tac | Concerto | 1.016,40 € | 76,23 € | 644,54 € | 111,90 € | 170,25 € | | 2.019,32 € | 7,09 € | 3,00 € |
| 10/04/15 | Antón Coucheiro | Psicópata | 900,00 € | | 304,80 € | 129,75 € | 170,25 € | | 1.504,80 € | 5,28 € | 5,00 € |
| 15/04/15 | La Tartana | El guardián de los cuentos | 2.299,00 € | 131,89 € | 323,59 € | 132,45 € | 170,25 € | 71,25 € | 3.128,43 € | 10,98 € | 5,00 € |
| 17/04/15 | Titzina Teatre | Distancia siete minutos | 2.613,60 € | 131,89 € | 408,16 € | 160,57 € | 170,25 € | | 3.484,47 € | 12,23 € | 8,00 € |
| 19/04/15 | Baobab Teatro | Martes | 1.074,00 € | 131,89 € | 192,05 € | 111,90 € | 170,25 € | | 1.680,09 € | 5,90 € | 3,00 € |
| 24/04/15 | Teresa Nieto | Petí Comité | 2.105,40 € | 130,57 € | 389,37 € | 160,57 € | 170,25 € | | 2.956,16 € | 10,37 € | 8,00 € |
| 26/04/15 | Entremáns | Xoga | 825,00 € | 130,57 € | 295,41 € | 132,45 € | 170,25 € | | 1.553,68 € | 5,45 € | 5,00 € |
| 01/05/15 | Yllana | The Gagfather | 5.808,00 € | 131,89 € | 824,71 € | 181,11 € | 170,25 € | | 7.115,96 € | 24,97 € | 10,00 € |
| 03/05/15 | Gorakada | Aladdin | 4.235,00 € | 131,89 € | 220,24 € | 132,45 € | 170,25 € | 71,25 € | 4.961,08 € | 17,41 € | 5,00 € |
| 08/05/15 | Ilmaquinario | Perplexo | 2.028,00 € | 131,89 € | 398,75 € | 160,57 € | 170,25 € | | 2.889,46 € | 10,14 € | 8,00 € |
| 10/05/15 | Talía Teatro | Sopa de Sapo | 1.317,00 € | 131,89 € | 248,42 € | 111,90 € | 170,25 € | | 1.979,46 € | 6,95 € | 3,00 € |
| 15/05/15 | Begoña Salqueiro | Doce cancións galegas | 2.609,80 € | 163,35 € | 126,29 € | 129,75 € | 170,25 € | | 3.199,44 € | 11,23 € | 5,00 € |
| 17/05/15 | Butterfly Ensemble | I'l Cirque D'amore | 1.596,00 € | | 267,22 € | 132,45 € | 170,25 € | | 2.165,92 € | 7,60 € | 5,00 € |
| 22/05/15 | A panadaría | Pan! Pan! | 1.050,00 € | | 351,78 € | 129,75 € | 170,25 € | | 1.701,78 € | 5,97 € | 5,00 € |

*Ningún dos prezos propostos superan o custo calculado en base á ocupación total das localidades nas medias calculadas, segundo establece a ordenanza nº 42 reguladora dos prezos públicos pola prestación do servizo de organización de espectáculos no seu artigo 3.1*

*Dacordo co artigo 3.1 da citada ordenanza se establecerán abonos pola compra de 5 espectáculos no que se aplicará un 15 % de desconto sobre o prezo total de compra e de 10 espectáculos, no que se aplicará un 25% de desconto, non sobrepasando en ningún dos casos o 30 % que establece a ordenanza.*

*As entradas serán postas á venda anticipadamente a través da web www.ataquilla.com, a través do teléfono 902504500, despacho de billetes da central de espectáculos e no mesmo despacho de billetes do Auditorio municipal desde unha hora antes do comezo do espectáculo.*

*Á vista do exposto, coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural faise a seguinte*

*PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL*

*Que se autoricen os prezos de venda de entradas da programación do servizo de Cultura e Bibliotecas no Auditorio Municipal no primeiro semestre do ano 2015, dacordo coa ordenanza reguladora de prezos públicos nº42, segundo o seguinte detalle:*

*Espectáculos programados para público adultos (venres ás 21 horas):*

- *“The Gagfather” de Yllana: 10 €*
- *“A Tempestade” de Voadora, “Distancia siete minutos” de Titzina Teatre, “Petí Comité” de Teresa Nieto en Compañía e “Perplexo” de Ilmaquinario Teatro: 8 €*
- *“Diálogo dun can co seu amo” de Teatro do Morcego, “As arpas de Breogán” de Rodrigo Romaní, “Psicópata” de Antón Coucheiro, “Doce cancións galegas” de Begoña Salgueiro e “Pan! Pan! De A Panadaría: 5 €*

*Espectáculos programados para público familiar (domingos ás 18 horas):*

- *“El guardián de los cuentos” de La Tartana, “Xoga” de Entremans, “Aladdin” de Gorakada e “I'l Cirque D'amore” de Butterfly Ensemble: 5 €*
- *“...3, 2, 1” de Ghazafelhos, “Uxío no país de Patadecabra” de Expresión Produccións, “Pablo Díaz e a Banda Tic Tac”, “Martes” de Baobab Teatro e “Sopa de Sapo” de Talía Teatro: 3 €*

*Se establecen dous tipos de abonos á carta pola compra de 5 espectáculos no que se aplicará un 15 % de desconto sobre o prezo total de compra e de 10 espectáculos, no que se aplicará un 25% de desconto.*

*Asemade, e en virtude do protocolo de colaboración asinado polo concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos e o director da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia, con data 16 de marzo de 2015, se establece un desconto do 65% no prezo das entradas para os estudantes e profesorado da ESAD, e que deberán acreditar coa presentación do carné correspondente nas portas do Auditorio.*

*As entradas serán postas á venda anticipadamente a través da web www.ataquilla.com , no teléfono 902504500, no despacho de billetes da Central de Espectáculos e no mesmo despacho de billetes do Auditorio Municipal desde unha hora antes do comezo do espectáculo.*

Acordo
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**11(395).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO (ACOPOVI) PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA "VIGO, UN MAR DE CORAIS" PARA O ANO 2015. EXPTE. 6008/335.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 24.03.15, e o informe de fiscalización do 6.04.15, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Festas, do 7.04.15, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro de Cultura, Festas e Museos e a concelleira delegada da Área de Economía e Facenda, que di o seguinte:

*Con data 16 de marzo de 2015, o concelleiro da área de Cultura, Festas e Museos resolveu que se iniciase o expediente para a redacción do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación de Corais Polifónicas de Vigo (ACOPOVI, entidade inscrita no Rexistro municipal de Asociacións co número 1110-10), que ten por obxectivo a organización do programa de concertos de masas corais polifónicas denominado "VIGO, UN MAR DE CORAIS".*

*A entidade Asociación de Corais Polifónicas de Vigo ten entre outros fins, segundo os seus estatutos, os de: promover a difusión e dar a coñecer a música coral polifónica; fomentar a creación e participación en coros infantís, xuvenís, parroquiais como preámbulo e formación básica para o sustento e xestación de corais polifónicas; promover a creación e recuperación do repertorio de música coral.*

*ACOPOVI aglutina e representa a un total de trinta e cinco masas corais polifónicas que pertencen a distintas entidades veciñais ou culturais de Vigo, e que realizarán un total de cento cinco actuacións. Cada coral realizará tres actuacións no período obxecto deste convenio, unha delas de carácter gratuíto no lugar, día e hora que determine a Concellería de Festas do Concello de Vigo.*

*A Concellería de Cultura, Festas e Museos a través do seu servizo de Festas vén realizando unha importante labor de descentralización da programación cultural polos numerosos barrios da nosa cidade, baseada no apoio, difusión e potenciación das artes escénicas e musicais, e que se concreta na organización de ciclos permanentes coas bandas de música, corais polifónicas e compañías de teatro de adultos e infantil.*

*O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas ós municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e ós municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.*

*Que o Concello de Vigo e a ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO veñen organizando desde o ano 2003 diversos ciclos de actuacións de agrupacións de músicas corais, mediante convenios de colaboración, e os resultados acadados teñen sido moi satisfactorios para ambas as partes.*

*O Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3380.489.0003, prevé a concesión dunha subvención por importe de vinte e cinco mil euros a favor da Asociación de Corais polifónicas de Vigo, para o convenio de organización do programa de concertos de corais polifónicas "Vigo, un mar de corais". Na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, xa que se trata dun programa de grande arraigo na cidade e que conta cunha ampla asistencia por parte do público. A súa organización en todas as edicións anteriores vén estando a cargo da referida entidade.*

*A presente axuda acóllese ó réxime excepcional de concesión directa, conforme ó artigo 22.2 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións, atopándose a tal fin previsión nominativa a favor da ACOPOVI no vixente orzamento.*

*De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente.*

*Que a Asociación de Corais polifónicas de Vigo (ACOPOVI) non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente 6008-335*

*O importe total deste convenio, de carácter anual, con todos os conceptos e impostos incluídos, ascende a 25.000,00 (vinte e cinco mil) euros, con cargo á partida presupostaria 3380.489.0003 (Convenio Acopovi) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio prorrogado.*

*O pagamento da cantidade estipulada no pacto terceiro do convenio farase por transferencia bancaria ao IBAN ES21 2080 5128 0630 4000 5172 domiciliada en ABANCA, da que é titular a beneficiaria e segundo o seguinte detalle:*

*a) Un primeiro pagamento que se tramitará previa solicitude de pagamento polo Rexistro Xeral na segunda quincena do mes de maio polo importe correspondente ao número de actuacións deste período.*

*b) Un segundo pagamento que se tramitará previa solicitude de pagamento polo Rexistro Xeral na segunda quincena de setembro polo importe correspondente ao número de actuacións deste período (xuño, xullo, agosto e primeria quincena de setembro).*

*c) Un terceiro pagamento que se tramitará previa solicitude de pagamento polo Rexistro Xeral na primeira quincena de decembro polo importe correspondente ao número de actuacións desde último período ( segunda quincena de setembro, outubro, novembro e decembro).*

*A beneficiaria terá que acreditar xunto coas solicitudes dos tres pagamentos, as memorias parciais de actuación e económica correspondentes a cada período conforme o recollido no pacto décimo primeiro deste convenio.*

*Os pagamentos tramitaranse previa certificación da xefa do Servizo de Festas, na que especifique que procede por cumprirse o estipulado no convenio e a conformidade cos xustificantes presentados.*

*De conformidade co artigo 127.g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación do convenio e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da LG 9/2007. Así mesmo, queda facultado o concelleiro delegado de Cultura, Festas e Museos para asinar o citado convenio, en virtude do decreto da Alcaldía de 29 de xullo, e acordo da Xunta de Goberno Local de 30 de xullo.*

*Á vista do exposto, previos os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade do xefe do Servizo de Xestión e Promoción cultural e do concelleiro delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, faise á Xunta de Goberno local a seguinte*

*PROPOSTA.*

*1º.- Que se aprobe o Convenio de colaboración, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a Asociación de Corais Polifónicas de Vigo para a organización do programa 2015 “VIGO, UN MAR DE CORAIS”.*

*2º.- Que se autorice un gasto por importe de 25.000,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, que se aboará á Asociación de Corais Polifónicas de Vigo (CIF G-36.980.928), con cargo á partida presupostaria 3380.489.0003 (Convenio Acopovi) do programa presupostario de Festas para o vixente exercicio prorrogado.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

*PROXECTO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA 2015 “VIGO, UN MAR DE CORAIS”*

*Na Casa do Concello de Vigo, a de de 2015*

*REUNIDOS*

*Dunha parte, Dna. CAYETANO RODRIGUEZ ESCUDERO, CONCELLEIRO DELEGADO DE CULTURA, FESTAS E MUSEOS na representación legal do Concello de Vigo, con CIF P-3605700-H, con domicilio en Vigo, praza do Rei, s/n; no sucesivo O CONCELLO, en virtude do decreto da Alcaldía de 29 de xullo, e acordo da Xunta de Goberno Local de 30 de xullo de 2014.*

*Doutra, don ENRIQUE LORENZO VILA, como PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO (ACOPOVI), CIF nº G-36.980.928, inscrita no Rexistro municipal de Asociacións co número 1110-10 e enderezo social en Vigo, na rúa Ecuador nº 17 – CP 36203, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente nº 6008-335.*

*Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio*

*MANIFESTAN*

*I.- Que a entidade Asociación de Corais Polifónicas de Vigo ten entre outros fins, segundo os seus estatutos, os de: promover a difusión e dar a coñecer a música coral polifónica; fomentar a creación e participación en coros infantís, xuvenís, parroquiais como preámbulo e formación básica para o sustento e xestación de corais polifónicas; promover a creación e recuperación do repertorio de música coral.*

*II.- Que a Concellería de Cultura, Festas e Museos a través do seu servizo de Festas vén realizando unha importante labor de descentralización da programación cultural polos numerosos barrios da nosa cidade, baseada no apoio, difusión e potenciación das artes escénicas e musicais, e que se concreta na organización de ciclos permanentes coas bandas de música, corais polifónicas e compañías de teatro de adultos e infantil.*

*III.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3380.489.0003, prevé a concesión dunha subvención por importe de vinte e cinco mil euros a favor da Asociación de Corais polifónicas de Vigo, para o convenio de organización do programa de concertos de corais polifónicas "Vigo, un mar de corais". Na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, xa que se trata dun programa de grande arraigo na cidade e que conta cunha ampla asistencia por parte do público. A súa organización en todas as edicións anteriores vén estando a cargo da referida entidade. Estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.*

*IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervenientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a organización do programa de concertos de corais polifónicas "Vigo, un mar de corais".*

*V.- Que a Asociación de Corais polifónicas de Vigo (ACOPOVI) non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 6008-335.*

*VI.- Que o Concello de Vigo e a ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO veñen organizando desde o ano 2003 diversos ciclos de actuacións de agrupacións de músicas corais, mediante convenios de colaboración, e os resultados acadados teñen sido moi satisfactorios para ambas as partes.*

*VII.- Que a ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO aglutina a 35 corais polifónicas de Vigo e está interesada en participar neste ciclo durante ano 2015, tal como solicitou ó CONCELLO.*

*Que en base ás precedentes consideracións e ao interese (social, cultural etc.) que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Asociación de Corais polifónicas de Vigo, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes*

*PACTOS*

*Primeiro.- A Asociación de Corais polifónicas de Vigo comprométese a colaborar coa Concellería de Cultura, Festas e Museos do Concello de Vigo en canto á organización e programación de diversos ciclos estábeis de actuacións de corais polifónicas da nosa cidade polos barrios vigueses. Este programa chamarase "Vigo, un mar de corais" e nel participarán trinta e cinco (35) corais polifónicas de Vigo. Concretamente, a entidade beneficiaria comprométese a:*

> *1. Realizar 105 (cento cinco) actuacións. Cada coral realizará tres actuacións, unha delas de carácter gratuíto, no lugar, día e hora que determine o Concello.*
>
> *2. A concellería de Festas comunicará a Entidade os lugares, datas e horas das actuacións de cada coral:*
>
> > *- Se a data indicada estivese dispoñíbel, a coral quedará automaticamente comprometida co Concello para a súa realización.*

*- Se a data estivese comprometida previamente, a coral terá que acreditar o compromiso na citada concellería nun prazo de dous días hábiles dende o recibo da comunicación; en caso contrario entenderase que se acepta a súa realización.*

*- Toda a actuación que se realice sen a autorización previa da concellería de Festas non será aboada con cargo a este convenio.*

*3. De mutuo acordo entre o Concello e a Entidade desígnase a D. Enrique Lorenzo Vila como coordinador desta programación, coa función principal de servir de conexión entre ambas as partes: determinar as datas e horarios dispoñíbeis de cada coral, solicitar posíbeis cambios, comunicar incidencias.*

*4º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano real ou presunto que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa "Vigo un mar de corais", asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento; a ENTIDADE entregará ao CONCELLO copia da póliza antes do inicio dos programas.*

*5. Deberá obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades incluídas neste convenio.*

*6. Asumir todos os gastos que se poidan derivar da execución de cada actuación, en particular a edición gráfica dos repertorios de cada concerto.*

*7. Coordinar con cada coral e nun lugar perfectamente visíbel do escenario da actuación, a instalación desmontábel dos soportes publicitarios institucionais achegados pola Concellería de Festas. No caso de que algunha das corais incumpra este apartado, o Concello poderá decidir que non lle sexa aboado o importe correspondente a esa actuación. Así mesmo, cada coral responsabilizarase da conservación da estrutura durante a vixencia do convenio.*

*8. As corais presentarán a ACOPOVI solicitude de pago das actuacións realizadas, coas correspondentes "certificacións de actuación" (segundo o modelo que figura no anexo deste convenio) antes do día 15 de decembro.*

*En xeral, a entidade comprométese a cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.*

*Segundo.- Aquelas entidades que propoñan a realización de concertos e que sexan finalmente programados pola Concellería de Cultura, Festas e Museos deberán asumir os seguintes compromisos:*

*- Distribuír o material gráfico que se envíe dende o Concello, se é o caso, para difundir o concerto e incluír o logotipo do Concello de Vigo naquel que edite a propia entidade.*

*- Xestionar e aboar o importe correspondente ós dereitos de autor derivados da actuación da coral.*

*- Cubrir a "certificación de actuación", da que se inclúe modelo no anexo do convenio, indicando as posíbeis incidencias acontecidas durante o desenvolvemento do concerto programado.*

*- Presentar o concerto facendo unha mención breve ó historial da coral, repertorio a executar e entidades que colaboran para a programación do concerto.*

*Terceiro.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:*

*1.- Programar as datas e lugares dos concertos con cargo a este convenio.*

*2.- Comunicarlle ás corais os lugares, datas e horas das actuacións, cunha antelación mínima de 15 días naturais. Debido a isto, poderanse desestimar aquelas propostas de realización de concertos que non sexan presentadas no Rexistro Xeral cunha antelación mínima de 20 días á data solicitada.*

*3.- Editar o material gráfico necesario para a difusión e publicidade dos concertos e remitir ós medios de comunicación a información acerca das actuacións programadas.*

*4.- Velar para que as condicións das actuacións sexan as máis apropiadas para a actividade e consensuadas coa propia coral, dignificando os espazos, lugares, escenarios, etc.*

*5.- Conceder directamente á Asociación de Corais Polifónicas de Vigo, unha subvención para a edición 2015 por importe de 25.000,00 euros, con todos os conceptos e impostos incluídos, segundo a proposta presentada por ACOPOVI que figura como anexo ó convenio, e que se financiarán con cargo ós créditos asignados en cada exercicio económico do programa orzamentario de Festas.*

*O CONCELLO non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.*

*Cuarto.- Os concertos con cargo a este convenio irán destinados ó público en xeral, con acceso libre e gratuíto, ata completar o aforo do lugar onde se realicen. Os lugares concretos de actuación serán decididos pola Concellería de Festas, tendo en conta as seguintes necesidades técnicas:*

*- Escenario adecuado e suficiente para a actuación da coral.*

*- Estrutura para a disposición dos membros da coral en tres niveis.*

*- Cadeiras para o público.*

*–Local a modo de camerinos para cambio de vestiario.*

*Quinto.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.*

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.*

*Sexto.- O pagamento da cantidade estipulada no pacto terceiro deste convenio farase por transferencia bancaria ao IBAN ES21 2080 5128 0630 4000 5172 domiciliada en ABANCA, da que é titular a beneficiaria e segundo o seguinte detalle:*

*a) Un primeiro pagamento que se tramitará previa solicitude de pagamento polo Rexistro xeral na segunda quincena do mes de maio polo importe correspondente ao número de actuacións deste período.*

*b) Un segundo pagamento que se tramitará previa solicitude de pagamento polo Rexistro xeral na segunda quincena de setembro polo importe correspondente ao número de actuacións deste período (xuño, xullo, agosto e primeira quincena de setembro).*

*c) Un terceiro pagamento que se tramitará previa solicitude de pagamento polo Rexistro xeral na primeira quincena de decembro polo importe correspondente ao número de actuacións desde último período (segunda quincena de setembro, outubro, novembro e decembro) e na parte proporcional á contía de subvención xustificada.*

*A beneficiaria terá que acreditar xunto coas solicitudes dos tres  pagamentos, as memorias parciais de actuación e económica correspondentes a cada período conforme o recollido no pacto décimo primeiro deste convenio.*

*Os pagamentos tramitaranse previa certificación do persoal técnico de Festas, na que especifique que procede por cumprirse o clausulado do convenio e a conformidade cos xustificantes presentados.*

*Sétimo.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.*

*A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

*Oitavo.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.*

*Noveno.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.*

*Décimo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.*

*Décimo primeiro.- A beneficiaria, nos prazos establecidos no pacto sexto deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar informes parciais  e un informe final relativo ó desenvolvemento do programa "Vigo, un mar de corais", onde figurarán como mínimo:*

*a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actuacións celebradas, certificacións das actuacións, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.*

*b) Memoria económica xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:*

1) *Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.*

2) *Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se aporten con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.*

3) *Facturas das actuacións realizadas emitidas á ACOPOVI polas corais asociadas (programa "Vigo, un mar de corais"), que serán orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data,*

*número de factura e o IVE; ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada citada no apartado anterior, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio, Os gastos xustificativos con facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil presentarase en orixinal. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Se a entidade beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

4) *En ningún caso se admitirán simples recibos ou xustificantes de caixa. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.*

5) *De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.*

6) *A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituir a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de 25.000,00 euros, euros."*

*Décimo segundo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei de Galicia 9/2007.*

*Décimo terceiro.- Serán gastos subvencionabels os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.*

*Décimo cuarto.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a súa axeitada xustificación serán comprobados polo servizo de Festas. O persoal técnico do servizo de Festas emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

*Décimo quinto.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Festas e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*Décimo sexto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.*

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*Décimo sétimo.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo servizo de normalización lingüística do Concello de Vigo. En toda a información figurarán os logotipos do Concello de Vigo e da entidade beneficiaria, nas mesmas condicións e tamaños.*

*Décimo oitavo.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio realizarase en base ás "certificacións de actuación" asinadas pola entidade correspondente, á memoria e informe que presente a ACOPOVI e da presenza de persoal técnico do servizo de Festas da Concellería de Cultura, Festas e Museos durante os concertos que se determinen.*

*Décimo noveno.- O presente convenio terá vixencia anual a contar dende a data da súa sinatura.*

*Vixésimo.- A cancelación do presente convenio con algunha das corais participantes poderá producirse unilateralmente por parte do CONCELLO por algún dos seguintes motivos:*

*- Unha incomparecencia inxustificada a un concerto;*

*- Por impuntualidade non xustificada en tres ocasións;*

*- Por non ter presente no escenario os soportes de difusión e publicidade institucional en dous concertos.*

*Vixésimo primeiro.- O concelleiro de Cultura, Festas e Museos queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.*

*Vixésimo segundo.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.*

*Vixésimo terceiro.- A beneficiaria está informada de que que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Festas.*

*A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura, Festas e Museos do Concello de Vigo.*

*Vixésimo cuarto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os*

*preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, no lugar e na data que se indican.*

*SOLICITUDE DE ACTUACIÓNS DE*
*MASAS CORAIS PARA O ANO 2014*
*"VIGO UN MAR DE CORAIS"*

*D/Dª.....................................................................................................................……… en representación da entidade ..................................................................…… CIF................................, con domicilio social en ..........................................……, da cidade de VIGO, teléfono/s de contacto........................................................, fax.................................,correo electrónico:.............................. (imprescindible)*

*SOLICITA que o servizo de Festas da Concellaría Cultura, Festas e Museos programe a actuación de masas corais de Vigo con cargo ao convenio para o exercicio 2014, nas datas e lugares que se propoñen a continuación, e DECLARA coñecer e aceptar as obrigas que lle corresponderían según o estipulado nas condicións dos beneficiarios:*

*DATOS DO RECINTO DE ACTUACIÓN PROPOSTO:*

*LOCALIZACIÓN*____________________________________________________

*ESCENARIO: Longo:*__________*Ancho:*____________ *Alto:* _________________

*CAPACIDADE DE CADEIRAS:* ________________________________________

*CAMERINOS: a) ☐ Fixos ☐ Eventuais.*
*b) Aforo.*

| *Datas* | *Horarios* | *Nome da actividade onde se encadran as actuacións* |
|---|---|---|
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |

*Nota:- Sinalar unha ou varias opcións.*

*Vigo, …... de ………................... de 2014*

*O/A REPRESENTANTE DA ENTIDADE* *SELO DA ENTIDADE*

*Asdo:*

| |
|---|
| *CERTIFICACIÓN DE ACTUACIÓN*<br>*MASAS CORAIS PARA O ANO 2014*<br>*"VIGO UN MAR DE CORAIS"* |

| |
|---|
| *D/Dª..............................................……………………......................................................…NIF ou CIF.........................................…………..........,   en   representación   da entidade ................................................................................................................................... ...*<br>*con domicilio social na rúa.........................……………………….............................................., núm.. ……....……..CP……….......correo electrónico..............................................................* |

| |
|---|
| *1.-Que a coral ......................................................................................………realizou o concerto programado pola Concellaría de Cultura, Festas e Museos na citada entidade, o día ..........…..... de .................................. de 2014, en..........................................................................…….............................................................*<br>*2.-Que a coral se presentou no recinto de actuación á hora indicada e realizou o concerto con total normalidade.*<br><br>*3.-Que o número de asistentes o concerto foron ..............................................................* |

*OUTROS DATOS:*

*Sistemas de información, comunicación e publicidade utilizados (achegar modelo de material editado)*

- *Folletos Nº........*  - *Carteis Nº........*  - *Programas de man Nº.......*
- *Megafonía móbil*  - *Inserción na prensa escrita.*
- 

*Outros.........................................................................................................................................*
*...............................................................................................................................*

*OBSERVACIÓNS:..........................................................................................................................*
*..............................................................................................................................*

*VIGO, ….... de ………..................... de 2014*

*O/A REPRESENTANTE DA ENTIDADE* *SELO DA ENTIDADE*

*Asdo:*

**12(396).- PROXECTO DE CONVENIO PARA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN CULTURAL NOESCAFÉ TEATRO PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA "ALT.15-14º FESTIVAL ALTERNATIVO DAS ARTES ESCÉNICAS DE VIGO". EXPTE. 14936/331.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 5.03.15, e o informe de fiscalización do 25.0315, dáse conta do informe-proposta da xefa do xefe

do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, do 13.03.15, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro de Cultura, Festas e Museos e a concelleira delegada da Área de Economía e Facenda, que di o seguinte:

*Con data 2 de marzo de 2015, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Política do Benestar, D. Cayetano Rodríguez Escudero resolveu que polo servizo de Cultura se inicie o expediente de subvención do Concello de Vigo a ASOCIACIÓN CULTURAL NOESCAFE TEATRO para a organización e realización do programa "ALT.15.- 14º FESTIVAL ALTERNATIVO DAS ARTES ESCÉNICAS DE VIGO", e realizar un convenio con esta entidade para regulala.*

*Trala dilixencia da Intervención Xeral de data 13 de marzo, procédese a redactar novo informe-proposta coas correcións indicadas, realizadas tamén na proposta de convenio (manifestan, cláusula novena de "xustificación" e décimo sexta de "vixencia")*

*ANTECEDENTES.-*

*ASOCIACIÓN CULTURAL NOESCAFE TEATRO foi creada 23 de abril de 2002 como unha entidade asociativa sen ánimo de lucro, con capacidade xurídica e plena capacidade de obrar, ao amparo do disposto na Lei Orgánica 1/2002 do 22 de marzo, e normas complementarias.*

*Que Noescafé Teatro, tal e como establecen os seus estatutos ten como fins desenvolver e organizar actividades culturais, fomentar, promocionar e divulgar todo tipo de actividades relacionadas coas artes escénicas, difundir obras de autores que non teñan cabida dentro do teatro comercial e promover accións de carácter cooperativo e cultural con outras organizacións afíns, tanto nacionais como internacionais.*

*Que Noescafé Teatro ven organizando desde hai doce anos o Festival Alternativo das Artes Escénicas Alt', amosando o máis experimental e arriscado das novas linguaxes escénicas, creando ciclos, programas e actividades paralelas e convertíndose nun referente nas artes escénicas non comerciais no panorama galego e nacional.*

*As liñas de traballo do mesmo pretenden exhibir traballos que non teñen cabida nas programacións "oficiais" e/ou traballos que pola súa singularidade formal ou temática non son doados de ver nas programacións convencionais. Empregrar espazos de exibición non convencionais. Producir traballos de creadores emerxentes. Colaborar con outros festivais galegos. Buscar complicidades con outras estructuras estatais e internacionais.*

*Que a Concellería de Cultura, Festas e Museos do Concello de Vigo considera que o interés público e social do Festival Alternativo das Artes Escénicas, promovido por NOESCAFÉ TEATRO, complementa a programación cultural propia do Concello de Vigo e contribúe á proxección exterior da cidade e á súa actividade cultural en España e norte de Portugal, o que determina o carácter singular da concesión da subvención.*

*O programa "ALT.15.- 14º FESTIVAL ALTERNATIVO DAS ARTES ESCÉNICAS DE VIGO":*

*Abrangue :*

*PROGRAMACIÓN ALT.15 //FESTIVAL ALTERNATIVO DAS ARTES ESCÉNICAS DE VIGO*
*DO 9 AO 15 DE MARZO DE 2015 // www.festivalt.org // PROGRAMACIÓN POR ORDE CRONOLÓXICA.*
*preALT.15 / MARATHON, una retrospectiva VOADORA no ALT.15 // VENDA DE ENTRADAS EN www.servinova.com 15 € ANTICIPADA / 17 €.*

*DOMINGO 1 MARZO de 16h a 22h.*
*ESPAZOS: CASA ARINES, AUDITORIO DO CONCELLO E AUDITORIO A FUNDACIÓN.*
*O 14º Festival Alternativo das Artes Escénicas de Vigo ofrecerá unha programación especial adicada ao traballo da compañía VOADORA.*
*16H NUN FILME SEMPRE POP*
*Mesa Redonda. Mesa redonda integrada por Inma López Silva e Camilo Franco.*
*17H QUEN GOSTE DE POESÍA QUE GRITE:"MISERIA"*
*Auditorio do Concello de Vigo .Coa colaboración da ESAD de Galicia. Os alumnos da ESAD de Galicia cos que a compañía traballa nun atelier de creación artística durante a semana do MARATHON presentan esta peza de Voadora inédita en España.*
*17:30H 1º FOTOGRAMA DE SUPER8*
*Autobús con saída da Praza do Rei*
*18H WALTZ*
*Auditorio Afundación*
*19:15 2ª FOTOGRAMA DE SUPER8*
*Autobús con saída da rúa Marqués de Valladares*
*19:30 MERENDOLA*
*Hall do Auditorio do Concello de Vigo*
*O ALT15 ofrece un ágape para coller forzas cara a segunda parte de xornada.*
*20:00 TOKIO3*
*Auditorio do Concello de Vigo*
*21:30 PARTY*
*Fin de Festa no hall do Auditorio Municipal Concello de Vigo con convidado especial*
*A COMPAÑÍA*

*LUNS 9 MARZO ás 20.30h. AUDITORIO DO CONCELLO*
*COLABORACIÓN co Cineclube Lumiere, www.lumierevigo.com*
*"FIVE DAYS TO DANCE". ESPAÑA 2014; 77' V.O.S.C. RAFA MOLÉS e PEPE ANDREU.*
*Wilfried Van Poppel e Amaya Lubeigt son coreógrafos.*

*MÉRCORES 11 MARZO ás 20.30h. FUNDACIÓN LAXEIRO*
*PROGRAMA ESPECIAL ALT.procrea en Feminino coa colaboración da Fundación Laxeiro, www.laxeiro.es*
*"EXPOSICIÓN DANZA". DANZA. ÁNXELA BLANCO, ANA F GOUVEIA, ANA BEATRIZ PÉREZ ENRÍQUEZ, KIRENIA CELIA MARTÍNEZ ACOSTA, OLGA CAMESELLE, "LEZ" E MERCÉ DE RANDE.*

*XOVES 12 MARZO 19.00h. CASA DAS ARTES. 1º ANDAR SALA 2. ENTRADA 5 €.*
*SARA MOLINA (Granada) & ANA VALLÉS (Santiago de Compostela). "In TIME" (55´). PRESENTACIÓN PÚBLICA.*
*21.00h. AUDITORIO DO CONCELLO. ENTRADA 5 €.*
*CIRCOLANDO. André Braga e Cláudia Figueiredo (PORTUGAL). ""Paus e Pétalas" (70´). ESTREA NO ESTADO.*

*VENRES 13 MARZO*
*18.00h. ESPAZO ESCONDIDO. ENTRADA 10 €. É PRECISO MERCAR A ENTRADA PARA RECIBIR A INFORMACIÓN DO LUGAR.*
*MICROSCOPÍA & OLIGOR (MÉXICO-ESPAÑA). "La Máquina de la Soledad" (80´).*
*O ALT.15 ACOLLE DURANTE TRES SEMANS Á COMPAÑÍA EN RESIDENCIA.*
*19.00h. CASA DAS ARTES. 1º ANDAR SALA 1. ENTRADA 5 €.*
*KARLA KRACHT & ANDRÉS BELADIEZ (ALEMAÑA-ESPAÑA). "2062" (50´). ESTREA ABSOLUTA.*

*20.00h. MARCO. ENTRADA 5 €.*
*ANÓMICO TEATRO (GALICIA). “Preferiría non facelo” (80´). ESTREA ABSOLUTA.*
*20.30h. AUDITORIO CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA. ENTRADA LIBRE.*
*ACTIVIDADE EN COLABORACIÓN CO CONSERVATORIO.*
*GUILLERMO WEICKERT & ALEJANDRO ROJAS MARCO (ANDALUCIA)." IUSISUSU?" (40´). ESTREA.*
*22.00h. AUDITORIO DO CONCELLO. ENTRADA 5 €*
*KHEA ZIATER (EUSKADI). "NOT NEVER ON TIME" (60´). ESTREA.*

*SÁBADO 14 MARZO*
*17.30H. DIANTE DO MARCO.RÚA.*
*PHYSICAL MOMENTUM PROJECT (MÉXICO-CATALUÑA). "POSTSKRIPTUM" (15´). ESTREA.*
*18.00H. ESPAZO ESCONDIDO. ENTRADA 10 €. É PRECISO MERCAR A ENTRADA PARA RECIBIR A INFORMACIÓN DO LUGAR.*
*MICROSCOPÍA & OLIGOR (MÉXICO-ESPAÑA). "LA MÁQUINA DE LA SOLEDAD" (80´).*
*O ALT.15 ACOLLE DURANTE TRES SEMANS Á COMPAÑÍA EN RESIDENCIA.*
*19.00H. CASA DAS ARTES. 1º ANDAR SALA 1. ENTRADA 5 €.*
*KARLA KRACHT & ANDRÉS BELADIEZ (ALEMAÑA-ESPAÑA). “2062" (50´). ESTREA ABSOLUTA.*
*20.00H. MARCO. ENTRADA 5 €. COLECTIVO CINEMA STICADO (GALICIA). "STRPTS // EPISODIO1: MIRLO&RULA" (60´). ESTREA ABSOLUTA.*
*22.00H.AUDITORIO DO CONCELLO. ENTRADA 5 €*
*MATARILE TEATRO (GALICIA). "HOMBRES BISAGRA" (75´). RE-ESTREA, VERSIÓN AMPLIADA E MELLORADA.*

*DOMINGO 15 MARZO*
*17.00H. CASA DAS ARTES. 1º ANDAR SALA 2. ENTRADA 5 €.*
*FUNBOA ESCÉNICA (SANTIAGO DE COMPOSTELA). "SUSHI GRATIS" (30´). PRESENTACIÓN PÚBLICA.*
*18.00H. ESPAZO ESCONDIDO. ENTRADA 10 €. É PRECISO MERCAR A ENTRADA PARA RECIBIR A INFORMACIÓN DO LUGAR.*
*MICROSCOPÍA & OLIGOR (MÉXICO-ESPAÑA). "LA MÁQUINA DE LA SOLEDAD" (80´).*
*O ALT.15 ACOLLE DURANTE TRES SEMANS Á COMPAÑÍA EN RESIDENCIA.*
*19.00H. AUDITORIO DO CONCELLO. ENTRADA 5 €.*
*PIERRE RIGAL / DERNIÈRE MINUTE (FRANCIA). "BATAILLE" (50´). ESTREA NO ESTADO.*
*20.00H. MARCO. ENTRADA 5 €.*
*CRISTINA BLANCO (MADRID-BARCELONA). "EL AGITADOR VÓRTEX" (60´). ESTREA.*
*20.30H. ESPAZO ESCONDIDO. ENTRADA 10 €. É PRECISO MERCAR A ENTRADA PARA RECIBIR A INFORMACIÓN DO LUGAR.*
*MICROSCOPÍA & OLIGOR (MÉXICO-ESPAÑA). "LA MÁQUINA DE LA SOLEDAD" (80´).*

*A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 61.983,00 € (sesenta e un mil novecentos oitenta e tres euros), financiandose os mesmos mediante as achegas de 20.000€ do Concello de Vigo (32 %), de outras achegas públicas 28.000€ (45%), de recursos propios (Noescafé Teatro) 9.483€ (15%), de 4.000€ por billeteira (6 %) e outros 1.300€ (2 %).*

*<u>DOCUMENTACIÓN.-</u>*
*Por parte da asociación , presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:*

- *Proxecto da actividade*
- *NIF do Presidente*

- *CIF da Asociación*
- *Estatutos da Asociación*
- *Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria*
- *Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia*
- *Xustificante de solicitude de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo*
- *Certificación da conta bancaria*
- *Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.*
- *Certificación da axencia tributaria da exención do IVE*
- *Declaración doutras axudas.*
- *Escrito de conformidade ao texto do convenio.*
- *Cronograma actualizado.*
- *Escrito de solicitude de inscripción no rexistro municipal de asociacións.*
- *Escrito de data 4 de marzo de 2015 remitido por ASOCIACIÓN CULTURAL NOESCAFE TEATRO de aceptación do texto do convenio de colaboración relativo ao "ALT.15.- 14º FESTIVAL ALTERNATIVO DAS ARTES ESCÉNICAS DE VIGO" proposto polo Concello de Vigo.*

*LEXISLACIÓN APLICABLE.-*
*A concesión subvención que outorgue o Concello de Vigo a ASOCIACIÓN CULTURAL NOESCAFE TEATRO, para a organización do programa "ALT.15.- FESTIVAL ALTERNATIVO DAS ARTES ESCÉNICAS DE VIGO", obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demáis lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obirga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.*

*A concesión da subvención directa a ASOCIACIÓN CULTURAL NOESCAFE TEATRO deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no vixente presuposto do Concello de Vigo, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade ca actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu otorgamento.*

*De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclue o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.*

*ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-*
*O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.*

*O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.*

*FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-*
*A subvención do Concello de Vigo a ASOCIACIÓN CULTURAL NOESCAFE TEATRO ten como obxecto financiar a organización do "ALT.15 14º FESTIVAL ALTERNATIVO DAS ARTES ESCÉNICAS DE VIGO" e figura na partida 3340.489.00.05 "CONVENIO NOESCAFE FESTIVAL ALTERNATIVO", a concesión dunha subvención nominativa por importe de 20.000 €, a favor da devandita entidade.*

*A subvención do Concello de Vigo a ASOCIACIÓN CULTURAL NOESCAFE TEATRO, é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.*

*CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN CULTURAL NOESCAFE TEATRO.*
*A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.*

*Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos e, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte*

*PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-*

*"PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 20.000€ (vintemil euros) á ASOCIACIÓN CULTURAL NOESCAFE TEATRO, NIF: G36891323, para o financiamento do programa "ALT.15 14º FESTIVAL ALTERNATIVO DAS ARTES ESCÉNICAS DE VIGO", organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á partida 3340.489.00.05 "CONVENIO NOESCAFE FESTIVAL ALTERNATIVO", que figura no presuposto do Concello de Vigo.*

*SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e ASOCIACIÓN CULTURAL NOESCAFE TEATRO que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do programa "ALT.15.- 14º FESTIVAL ALTERNATIVO DAS ARTES ESCÉNICAS DE VIGO".*

**Acordo**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN CULTURAL NOESCAFÉ TEATRO, RELATIVO Á APORTACIÓN DO CONCELLO PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA "ALT.15.- 14º FESTIVAL ALTERNATIVO DAS ARTES ESCÉNICAS DE VIGO".*

*En Vigo, __ de abril de dous mil quince.*

*REÚNENSE*

*A Concellería de Cultura, Festas e Museos (en adiante Concellería), e no seu nome e reresentación, D. Cayetano Rodríguez Escudero, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos do Concello de Vigo (CIF:P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación da Alcaldía de data 29 de xullo de 2014 e acordo da Xunta de Go-*

*berno Local de 30 de xullo de 2014; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo,*

*Doutra, o Dna. María Dolores Correa Sobrido, na súa condición de presidente da Asociación Cultural Noescafé Teatro (NIF:G36891323), actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos, tal como figura nos arquivos desta concellería; e con enderezo na rúa Pizarro, 89 - 6º B CP.36204 da cidade de Vigo, en adiante a Asociación.*

*Ámbalas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,*

*MANIFESTAN*

*PRIMEIRO.- Que a Concellería de Cultura, Festas e Museos do Concello de Vigo considera de interese social e cultural o "Programa ALT.15.- 14º Festival Alternativo das Artes Escénicas de Vigo", toda vez que este complementa á programación cultural propia do Concello de Vigo e contribúe a dotar a cidade dunha programación de teatro e danza estable; posibilitando unha maior proxección exterior da cidade e a súa actividade cultural no conxunto do Estado e norte de Portugal.*

*SEGUNDO.- De acordo coa planificación e execución programática realizada pola Concellería para o 2014, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxetivos, non é posible promover a concorrencia, polas especiais características da entidade coa que se convenia.*
*A tal fin, e en función desta singularidade, o Concello de Vigo prevé no seu vixente orzamento, na partida 3340.489.00.05 "CONVENIO NOESCAFE FESTIVAL ALTERNATIVO", a concesión dunha subvención nominativa por importe de 20.000 €, a favor da devandita entidade, a cal foi aprobada por acordo da XGL __ de ____ de 2015.*

*TERCEIRO.- Que a Asociación Cultural Noescafé Teatro, é unha entidade inscrita no Rexistro Central de Asociacións de Galicia e Rexitro Municipal de Asociacións do Concello de Vigo, e tal e como establecen os seus estatutos ten como fins sociais ".a promoción e a difusión da cultura e das artes escénicas, o estímulo da vocación e interese polo estudio e goce do teatro e demais expresións escénicas e o achegamento destas á sociedade dun xeito crítico e educativo".*

*CUARTO.- Que a Asociación Cultural Noescafé Teatro ven desenvolvendo unha labor de continuidade no campo da promoción e difusión das artes escénicas en xeral, promovendo o evento ALT15.- Festival Alternativo das Artes Escénicas de Vigo, que en aras dunha maior eficacia considera que a cooperación en programas culturais beneficia ao mundo da cultura galega.*

*QUINTO.- Que a Asociación Cultural Noescafé Teatro reune a condición de beneficiario da subvención de acordo cos requisitos establecidos no art. 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e declara non estar incursa nas prohibicións ou circunstancias previstas no apartado 2 e 3 do citado artigo. Ao mesmo ten achegado a documentación que acredita que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segunda resulta das declaracións responsables e certificacións positivas que figuran no expediente.*

*SEXTO.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente no orzamento da Administración concedente, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da concesión*

*da subvención, que ten como obxecto a organización do "Programa ALT.15.- 14º Festival Alternativo das Artes Escénicas de Vigo".*

*De conformidade ás precedentes consideracións e dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas teñen intereses coincidentes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes*

*CLÁUSULAS*

*PRIMEIRA.- OBXECTO.*
*A través do presente convenio establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Concellería e a Asociación Cultural Noescafé Teatro para desenvolver o programa de actividades "Programa ALT.15.- 14º Festival Alternativo das Artes Escénicas de Vigo" que se detalla na documentación aportada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio.*

*SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO.*
*A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 61.983,00 € (sesenta e un mil novecentos oitenta e tres euros), financiandose os mesmos mediante as achegas de 20.000€ do Concello de Vigo (32 %), de outras achegas públicas 28.000€ (445%), de recursos propios (Noescafé Teatro) 9.483€ (15%), de 4.000€ por billeteira (6 %) e outros 1.300€ (2 %).*

*TERCEIRA.- DATAS E LUGARES.*
*O "Programa ALT.15.- 14º Festival Alternativo das Artes Escénicas de Vigo", é como sigue:*

*DO 9 AO 15 DE MARZO DE 2015 // www.festivalt.org // PROGRAMACIÓN POR ORDE CRONOLÓXICA.*
*preALT.15 / MARATHON, una retrospectiva VOADORA no ALT.15 // VENDA DE ENTRADAS EN www.servinova.com 15 € ANTICIPADA / 17 €.*

*DOMINGO 1 MARZO de 16h a 22h.*
*ESPAZOS: CASA ARINES, AUDITORIO DO CONCELLO E AUDITORIO A FUNDACIÓN.*
*O 14º Festival Alternativo das Artes Escénicas de Vigo ofrecerá unha programación especial adicada ao traballo da compañía VOADORA.*
*16H NUN FILME SEMPRE POP*
*Mesa Redonda. Mesa redonda integrada por Inma López Silva e Camilo Franco.*
*17H QUEN GOSTE DE POESÍA QUE GRITE:"MISERIA"*
*Auditorio do Concello de Vigo .Coa colaboración da ESAD de Galicia. Os alumnos da ESAD de Galicia cos que a compañía traballa nun atelier de creación artística durante a semana do MARATHON presentan esta peza de Voadora inédita en España.*
*17:30H 1º FOTOGRAMA DE SUPER8*
*Autobús con saída da Praza do Rei*
*18H WALTZ*
*Auditorio Afundación*
*19:15 2ª FOTOGRAMA DE SUPER8*
*Autobús con saída da rúa Marqués de Valladares*
*19:30 MERENDOLA*
*Hall do Auditorio do Concello de Vigo*
*O ALT15 ofrece un ágape para coller forzas cara a segunda parte de xornada.*
*20:00 TOKIO3*
*Auditorio do Concello de Vigo*

*21:30 PARTY*
*Fin de Festa no hall do Auditorio Municipal Concello de Vigo con convidado especial A COMPAÑÍA*

*LUNS 9 MARZO ás 20.30h. AUDITORIO DO CONCELLO*
*COLABORACIÓN co Cineclube Lumiere, www.lumierevigo.com*
*"FIVE DAYS TO DANCE". ESPAÑA 2014; 77' V.O.S.C. RAFA MOLÉS e PEPE ANDREU.*
*Wilfried Van Poppel e Amaya Lubeigt son coreógrafos.*

*MÉRCORES 11 MARZO ás 20.30h. FUNDACIÓN LAXEIRO*
*PROGRAMA ESPECIAL ALT.procrea en Feminino coa colaboración da Fundación Laxeiro, www.laxeiro.es*
*"EXPOSICIÓN DANZA". DANZA. ÁNXELA BLANCO, ANA F GOUVEIA, ANA BEATRIZ PÉREZ ENRÍQUEZ, KIRENIA CELIA MARTÍNEZ ACOSTA, OLGA CAMESELLE, "LEZ" E MERCÉ DE RANDE.*

*XOVES 12 MARZO 19.00h. CASA DAS ARTES. 1º ANDAR SALA 2. ENTRADA 5 €.*
*SARA MOLINA (Granada) & ANA VALLÉS (Santiago de Compostela). "In TIME" (55´). PRESENTACIÓN PÚBLICA.*
*21.00h. AUDITORIO DO CONCELLO. ENTRADA 5 €.*
*CIRCOLANDO. André Braga e Cláudia Figueiredo (PORTUGAL). ""Paus e Pétalas" (70´). ESTREA NO ESTADO.*

*VENRES 13 MARZO*
*18.00h. ESPAZO ESCONDIDO. ENTRADA 10 €. É PRECISO MERCAR A ENTRADA PARA RECIBIR A INFORMACIÓN DO LUGAR.*
*MICROSCOPÍA & OLIGOR (MÉXICO-ESPAÑA). "La Máquina de la Soledad" (80´).*
*O ALT.15 ACOLLE DURANTE TRES SEMANS Á COMPAÑÍA EN RESIDENCIA.*
*19.00h. CASA DAS ARTES. 1º ANDAR SALA 1. ENTRADA 5 €.*
*KARLA KRACHT & ANDRÉS BELADIEZ (ALEMAÑA-ESPAÑA). "2062" (50´). ESTREA ABSOLUTA.*
*20.00h. MARCO. ENTRADA 5 €.*
*ANÓMICO TEATRO (GALICIA). "Preferiría non facelo" (80´). ESTREA ABSOLUTA.*
*20.30h. AUDITORIO CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA. ENTRADA LIBRE.*
*ACTIVIDADE EN COLABORACIÓN CO CONSERVATORIO.*
*GUILLERMO WEICKERT & ALEJANDRO ROJAS MARCO (ANDALUCIA)." IUSISUSU?" (40´). ESTREA.*
*22.00h. AUDITORIO DO CONCELLO. ENTRADA 5 €*
*KHEA ZIATER (EUSKADI). "NOT NEVER ON TIME" (60´). ESTREA.*

*SÁBADO 14 MARZO*
*17.30H. DIANTE DO MARCO.RÚA.*
*PHYSICAL MOMENTUM PROJECT (MÉXICO-CATALUÑA). "POSTSKRIPTUM" (15´). ESTREA.*
*18.00H. ESPAZO ESCONDIDO. ENTRADA 10 €. É PRECISO MERCAR A ENTRADA PARA RECIBIR A INFORMACIÓN DO LUGAR.*
*MICROSCOPÍA & OLIGOR (MÉXICO-ESPAÑA). "LA MÁQUINA DE LA SOLEDAD" (80´).*
*O ALT.15 ACOLLE DURANTE TRES SEMANS Á COMPAÑÍA EN RESIDENCIA.*
*19.00H. CASA DAS ARTES. 1º ANDAR SALA 1. ENTRADA 5 €.*
*KARLA KRACHT & ANDRÉS BELADIEZ (ALEMAÑA-ESPAÑA). "2062" (50´). ESTREA ABSOLUTA.*
*20.00H. MARCO. ENTRADA 5 €. COLECTIVO CINEMA STICADO (GALICIA). "STRPTS // EPISODIO1: MIRLO&RULA" (60´). ESTREA ABSOLUTA.*
*22.00H.AUDITORIO DO CONCELLO. ENTRADA 5 €*

*MATARILE TEATRO (GALICIA). "HOMBRES BISAGRA" (75´). RE-ESTREA, VERSIÓN AMPLIADA E MELLORADA.*

*DOMINGO 15 MARZO*
*17.00H. CASA DAS ARTES. 1º ANDAR SALA 2. ENTRADA 5 €.*
*FUNBOA ESCÉNICA (SANTIAGO DE COMPOSTELA). "SUSHI GRATIS" (30´). PRESENTACIÓN PÚBLICA.*
*18.00H. ESPAZO ESCONDIDO. ENTRADA 10 €. É PRECISO MERCAR A ENTRADA PARA RECIBIR A INFORMACIÓN DO LUGAR.*
*MICROSCOPÍA & OLIGOR (MÉXICO-ESPAÑA). "LA MÁQUINA DE LA SOLEDAD" (80´).*
*O ALT.15 ACOLLE DURANTE TRES SEMANS Á COMPAÑÍA EN RESIDENCIA.*
*19.00H. AUDITORIO DO CONCELLO. ENTRADA 5 €.*
*PIERRE RIGAL / DERNIÈRE MINUTE (FRANCIA). "BATAILLE" (50´). ESTREA NO ESTADO.*
*20.00H. MARCO. ENTRADA 5 €.*
*CRISTINA BLANCO (MADRID-BARCELONA). "EL AGITADOR VÓRTEX" (60´). ESTREA.*
*20.30H. ESPAZO ESCONDIDO. ENTRADA 10 €. É PRECISO MERCAR A ENTRADA PARA RECIBIR A INFORMACIÓN DO LUGAR.*
*MICROSCOPÍA & OLIGOR (MÉXICO-ESPAÑA). "LA MÁQUINA DE LA SOLEDAD" (80´).*

*Só será posible o cambio de lugar ou data de realización do programa, no caso de que algunha causa de forza maior, allea á organización do Programa e debidamente xustificada, impida a súa realización segundo o previsto neste convenio; non entendéndose as conseguintes modificacións como razóns achacables ao incumprimento do presente convenio.*

*CUARTA.- OBRIGAS DE ASOCIACIÓN . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA.*

- *–Todas as actividades, serán organizadas por un equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola Asociación, baixo as ordenes de Dna. María Dolores Correa Sobrido que actuará como interlocutor fronte á Concellería.*
  *A tal fin a Asociación designará ao persoal máis axeitado para a conformación do equipo que realizará os diferentes programas, en colaboración coas distintas áreas que conforman as actividades.*
- *–Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de sé lo caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude,de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.*
- *–Cumprir o programa obxecto da subvención de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos, (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de selo caso, e demais infraestructura necesaria para o desenvolvemento efectivo da actividade).*
- *–Cumprir cas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de seguridade e hixiene no traballo.*
- *–Incorporar os anagramas-logotipos do Concello na forma que se detalla na cláusula sétima e comunicar as acción de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.*
- *–Estar en comunicación permanente cos responsables de mantemento da páxina web da Concellería de Cultura e Festas facilitándolle a información necesaria para a difusión do programa programa a través da páxina Vigocultura.org.*
- *–Asociación comunicará ao Concello as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen a financiación, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da*

*aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.*
*A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).*

*–A concesión da subvención a Asociación implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nor artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.*

*QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA,*

- *Realizar o seguemento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.*
- *Xestionar o pagamento do importe da subvención, tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.*

*SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUEMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA.*
*Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha Comisión Mixta, integra polos representantes citados de cada unha das institucións conveniantes, ou persoa na quen deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivdas do presente convenio.*

*O centro xestor da subvención á Asociación é o servizo de Cultura e Bibliotecas do Concello de Vigo, á quen se informará sobre o desenvolvemento do Programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.*

*O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.*

*SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA.*
*Calquera que sexa o medio de difusión, a ASOCIACIÓN adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello ademais das lendas indicadas pola unidade de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa Concellería.*

*Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa Concellería a prelación e características para cada caso.*

*O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado ao Servizo de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias Asociación, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado polo Concello. O material editado dispoñerá dos depósitos legais correspondentes.*

*Asemade a ASOCIACIÓN entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación desde o departamento de Cultura.*

*A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa Concellería.*

*ASOCIACIÓN comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprometese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a aportación das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.*

*ASOCIACIÓN facilitará ao servizo de Cultura, ca antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).*

*Lingua de difusión e publicacions:*
*En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa concellería de Cultura para que os elementos sexan subvencionables.*

*OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN.*
*O Concello de Vigo xestionará o pagamento a ASOCIACIÓN polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final ca rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e o conforme da concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos.*

*Documentación a incluir na conta xustificativa:*

- *Solicitude de pagamento da subvención, a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo, no prazo de tres meses seguintes á terminación do prazo da realización do proxecto subvencionado.*
- *Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.*
- *Memoria-avaliación do programa de actividades realizadas, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:*
    1. *Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.*
    2. *Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.*
    3. *Memoria de prensa.*
    4. *Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.*
    5. *Reportaxe fotográfica.*
- *Memoria económica xustificativa, ca declaración e desglose da totalidade dos gastos e ingresos da actividade subvencionada, con indicación de acreedores, conceptos, datas*

de emisión e importes; acreditados mediante facturas orixinais ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.

- *Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.*
- *As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ASOCIACIÓN como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data; CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo; non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.*

*Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, - agás que xustifique que estea exenta de IVE-.*

*A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituir a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ..... euros.*

*Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.*

*Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente a subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.*

*Gastos subvencionables:*
*Consideraránse gastos subvencionables, os realizados no presente ano que respondan directa e indubidablemente á natureza da activades realizada, quedando excluídos os gastos xerais de funcionamento da entidade organizadora, os de investimento (obras e elementos inventariables) e os que non se axusten aos criterios lingüísticos sinalados.*

*A entidade beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de suministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.*

*Importe total de subvencións ou axudas:*
*A subvención do Concello de Vigo a Asociación, é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*O importe das subvencións ou axudas percibidas pola Asociación Cultural Noescafé Teatro para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.*

*NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN.*
*A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Cultura.*

*Os técnicos do servizo de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

*DÉCIMA.- INFORMACIÓN.*
*A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Cultura e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO.*
*Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.*

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.*
*En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa aprezazón e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.*

*DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSONAL.*
*A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a sú achega é obrigatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura e Festas do Concello de Vigo.*

*A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de cultura do Concello de Vigo.*

*DÉCIMO CUARTA.-DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS:*
*Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais mateiral obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e e uso común da Concellería de Cultura e a Asociación. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizado nun futuro indistintamente.*
*A Concellería resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.*
*Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.*

*DÉCIMO QUINTA: PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN:*
*O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a Asociación, e os profesionais ao seu servizo, que vaian desenvolver as actividades previstas e o Concello de Vigo, del tal xeito que a esta non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.*

*DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA.*
*O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2015, e non será prorrogable.*

*DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS.*
*Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.*

*O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes factultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.*
*Pore parte do Concello de Vigo, A Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a concelleira-delegada da Área de Cultura e Festas queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.*

*DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE.*
*A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demáis lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*
*Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obirga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.*

*En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.*

*O concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos*

*O Presidente da Asociación Cultural Noescafé Teatro*

*Cayetano Rodríguez Escudero* *María Dolores Correa Sobrido*

*ANEXO Iº*

*ORZAMENTO DO "ALT.15.- 14º FESTIVAL ALTERNATIVO DAS ARTES ESCÉNICAS DE VIGO":*

| INGRESOS | | |
|---|---|---|
| CONCELLO DE VIGO | 20.000,00 € | 32% |
| UNIVERSIDADE DE VIGO ( IGUALDADE ) | 3.000,00 € | 5% |
| XUNTA DE GALICIA (AGADIC) | 20.000,00 € | 32% |
| XUNTA DE GALICIA. SECRETARÍA XERAL DE CULTURA (ALT.procrea) | 5.000,00 € | 8% |
| INSTITUTO CAMOENS (C.C.PORTUGUÉS) | 500,00 € | 1% |
| INSTITUTO FRANCÉS DE CULTURA | 800 € | 1% |
| NOESCAFÉ TEATRO (Recursos Propios) | 9.483,00 € | 15% |
| BILLETEIRA | 4.000,00 € | 6% |
| TOTAL | 61.983,00 € | 100 |

| GASTOS | |
|---|---|
| A. DIFUSIÓN E PUBLICIDADE | 7.250,00 € |
| B. ALUGAMENTOS, SERVIZOS E EQUIPAMENTOS TÉCNICOS | 15.000,00 € |
| C. CACHÉS DE COMPAÑÍAS E ARTISTAS | 27.733,00 € |
| D. VIAXES, ALIMENTACIÓN E ALOXAMENTO | 7.000,00 € |
| E. PRODUCCIÓN, XESTIÓN E ORGANIZACIÓN | 5.000,00 € |
| TOTAL | 61.983,00 € |

**13(397).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA "CARREIRA CORRE POR NUESTRO MUNDO, NUESTRA DIGNIDAD Y NUESTRO FUTURO", O VINDEIRO 12 DE ABRIL. EXPTE. 13958/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 27.03.15, conformado polo concelleiro delegado de Deportes e o secretario de Admón. Municipal, que di o seguinte:

*1.- ANTECEDENTES:*

*A Colexio Apóstol Santiago-Xesuitas Vigo, con CIF (R 3600082-F), solicitou o día 13.03.2015, a través do Rexistro Municipal (Doc.150030917) autorización do Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:*

- *Nome do evento:CARRERA ESCOLAR "CORRE POR NUESTRO MUNDO,NUESTRA DIGNIDAD Y NUESTRO FUTURO"*
- *Data: 12 DE ABRIL DE 2015*

*O colexio Apostol Santiado Xesuitas-Vigo, remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente ao evento deportivo CARRERA CORRE POR NUESTRO MUNDO, NUESTRA DIGNIDAD Y NUESTRO FUTURO, o evento deportivo terá lugar o vindeiro domingo 12 de abril de 2015 e percorrerá pola rúa Sanjurjo Badía, Avda. Guixar e rúa Foxos, comenzando ás 10.30h e rematando ás 12.30h.*

*A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:*

- *Policía Local.*
- *Seguridade*
- *Protección civil*

*2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:*

*A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano , con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidad Civíl ao que se refiere o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.*

*Visto o anterior, proponse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo*

*3- PROPOSTA DE ACORDO:*

> *Autorizar ao Colexio Apostol Santiago-Xexuitas Vigo,con CIF (R 3600082-F), a organizar o vindeiro domingo 12 de abril de 2015, o evento deportivo denominado CARRERA CORRE POR NUESTRO MUNDO POR NUESTRA DIGNIDAD Y NUESTRO FUTURO, a carreira percorrerá polas rúas Sanjurjo Badía, Avda Guixar e rúa Foxos, a carreira que consistirá en dar 3 voltas a un circuíto de 2Km aproximadamente, comenzando ás 10.30h e rematando ás 12.30h.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**14(398).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO EVENTO "BALONCESTO 3X3 VIGO" OS VINDEIROS 11 E 12 DE ABRIL NAS PISTAS DA PRAIA DE SAMIL. EXPTE. 13948/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 30.03.15, conformado polo concelleiro delegado de Deportes e o secretario de Admón. Municipal, que di o seguinte:

*1.- ANTECEDENTES:*
*A Concellería de Deportes conxuntamente coa Federación Galega de Baloncesto, con CIF (V 15115306), solicitou o día 10-03-2015, a través do Rexistro Municipal (Doc.150029174) autorización do Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:*

- *Nome do evento:BALONCESTO 3X3 VIGO*
- *Data: 11 E 12 DE ABRIL DE 2015*

*A Concellería de Deportes coa Federación Galega de Baloncesto, remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente ao evento deportivo BALONCESTO 3X3 VIGO, o evento se levará a cabo nos días 11 e 12 de abril de 2015, e terá lugar nas pistas de baloncesto que se atopan ao final do paseo da praia de Samil, no horario de 09,30h ata ás 20.00h o sábado o de 10.00h a 13,30 o domingo 12.*

*A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:*

- *Policía Local.*
- *Montes, parques e xardíns*
- *Protección civil*

*2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:*
*A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano , con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidad Civíl ao que se refiere o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.*

*Visto o anterior, proponse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:*

*3- PROPOSTA DE ACORDO:*

*Autorizar á Concellería de Deportes conxuntamente coa Federación Galega de Baloncesto, con CIF (V 15115306), a organizar o vindeiro sábado 11 e domingo 12 de abril de 2015, o evento deportivo denominado BALONCESTO 3X3 VIGO, o evento se levará a cabo nas pistas de baloncesto que se atopan ao final do Paseo da Praia de Samil, nun horario de 9.30h a 20.00h o sábado día 11 e de 10.00h a 13.30 h o domingo 12.*

Acordo
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**15(399).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO "XXXIX CROSS COUTADA BEADE" O VINDEIRO 12 DE ABRIL. EXPTE. 13942/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 27.03.15, conformado polo concelleiro delegado de Deportes e o secretario de Admón. Municipal, que di o seguinte:

*1.- ANTECEDENTES:*

*A Anpa do Colexio C.E.I.P. De Coutada Beade, con CIF (G 36616837), solicitou o día 13-03-2015, a través do Rexistro Municipal (Doc.150031032) autorización do Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:*

- *Nome do evento: XXXIX CROSS COUTADA BEADE*
- *Data: 12 DE ABRIL DE 2015*

*A Anpa Coutada Beade, remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente ao evento deportivo XXXIX CROSS COUTADA BEADE, esta carreira percorrerá polo cño. Romeu o cño.Lago e arredores, comenzando ás 10.00h e rematando ás 14.00h.*

*A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:*

- *Policía Local.*
- *Seguridade*
- *Protección civil*

*2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:*

*A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano , con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidad Civíl ao que se refiere o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.*

*Visto o anterior, proponse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:*

*3- PROPOSTA DE ACORDO:*

*Autorizar a Anpa do C.E.I.P. Do Colexio Coutada Beade con CIF(G 36616837), a organizar o vindeiro domingo 12 de abril de 2015, a carreira denominada XXXIX CROSS ESCOLAR COUTADA BEADE, a carreira percorrerá polo cño Romeu, cño Lago e arredores do colexio. Este evento comenzará ás 10.00h e rematará á s14.00h*

<u>Acordo</u>

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**16(400).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO "XVI TROFEO CIDADE DE VIGO DE MOUNTAIN BIKE-VIGO CONTEST-MARATÓN TRANSGALICIA" O VINDEIRO 12 DE ABRIL NO MONTE VECIÑAL DE CANDEÁN. EXPTE. 13916/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 27.03.15, conformado polo concelleiro delegado de Deportes e o secretario de Admón. Municipal, que di o seguinte:

*1.- ANTECEDENTES:*

*A entidade Singletrack con CIF (G-36850378), solicitou o día 11-02-2015, a través do Rexistro Municipal (Doc.150017361) autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:*

- *Nome do evento: XVI TROFEO CIDADE DE VIGO DE MOUNTAIN BIKE-VIGO CONTEST- MARATON TRANSGALICIA*
- *Data: 12 de abril de 2015*
- *Horario:*
  - *Inicio e fin evento:10.00h a 14.30h*

*O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dita carreira que comenzará o domingo 12 de abril ás 10.00h e rematará ás 14.30 horas, esta proba deportiva se levará a cabo no monte veciñal de Candeán.*

*A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municiapais implicadas:*

- *Policía Local.*
- *Seguridade.*
- *Protección civil*
- *Informe de autorización da Comunidade de Montes de Candeán, con data 25 de febreiro de 2015.*

*2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:*

*A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano , con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidad Civíl ao que se refiere o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.*

*Visto o anterior, proponse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:*

*3- PROPOSTA DE ACORDO:*

*Autorizar á Singletrack con CIF (G36850378), a organizar o vindeiro domingo 12 de abril de 2015, o evento deportivo denominado XVI TROFEO CIDADE DE VIGO DE MOUNTAIN BIKE-VIGO CONTEST- MARATON-TRANSGALICIA, o evento se levará a cabo no Monte Veciñal de Candeán comenzando ás 10.00h e rematando ás 14.30h.*

Acordo
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**17(401).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A MONDO IBÉRICA S.A. CONSTITUÍDO COMO GARANTÍA DO ACOPIO DE MATERIAIS PARA A OBRA DE REFORMA DO CAMPO DE FÚTBOL DE SAMIL. EXPTE. 13959/333.**

Visto o informe de fiscalización do 19.03.15, e o informe xurídico do 8.04.15, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD e xefe da Unidade Técnica, conformado polo concelleiro delegado de Deportes e a concelleira delegada de Economía e Facenda, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 18 de xullo de 2014, entre outros asuntos acordou a aprobación do expediente de contratación para a execución das obras do proxecto básico e de execución de xecución das obras de "REFORMA DUN CAMPO DE FÚTBOL EN SAMIL"-lote 3 (expte 13166-333), expediente que se tramita como investimento derivado da aplicación do superávit sec-95 da liquidación do ano 2012.*

*Tamén a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 7 de novembro de 2014, entre outros asuntos acordou a adxudicación do procedemento aberto para a contratación das obras de "REFORMA DUN CAMPO DE FÚTBOL EN SAMIL"-lote 3, a favor da MONDO IBÉRICA, S.A., por un prezo total de 183.300 euros (IVE incluído)*

*Con data 13 de novembro o Concello de Vigo, asina o contrato coa mercantil MONDO IBÉRICA, S.A, para a execución das obras de "REFORMA DUN CAMPO DE FÚTBOL EN SAMIL", a favor da mercantil MONDO IBÉRICA, S.A., por un prezo total de 183.300 euros (IVE incluído)*

*Con data 9/12/2014 se asina a acta de comprobación do replanteo, co cal se da inicio a execución da obra.*

*Posteriormente, o 24/11/2014, a Xunta de Goberno Local acorda nomear como Director Facultativo da obra a: D. Miguel Porras Gestido, D.N.I. 36.106.078-B, Arquitecto Colexiado Nº 2543 de Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.*

*Con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello 22/12/2014 a mercantil MONDO IBÉRICA, S.A., contratista da execución das obras do proxecto de "REFORMA DUN CAMPO DE FÚTBOL EN SAMIL"-LOTE 3 EXPTE 13166-333, solicita se lle autorice a percibir a conta o 75% do valor dos materiais acopiados necesarios para executalas, por importe de 102.040,14 € (I.V.E incluído).*

*A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente do 26/12/2014, autoriza o aboamento á conta de materias acopiados para a execución das ditas obras (expte 13753-333). Con carácter previo á aprobación da certificación e da correspondente fra, o contratista, Mondo Ibérica, S.A., constituíu garantía (documento CVD nº 201400092249 por importe de 102.040,14 €).*

*Con data 30/12/2014, tramítouse a certificación nº 1, por importe de 102.040,13 €, para o acopio do material necesario para a obra de reforma do c.f. De Samil, de acordo co acordo da Xunta de Goberno Local, indicado no parágrafo precedente.*

*Con posterioridade tramitáronse as certificacións seguintes:*

- *Certificación nº 2 (fra nº 71101F de 26/12/2014), por importe de 24.986,49 €.*
- *Certificación nº 3, de data 31/01/15, por importe de 0 €, xa que ao importe total da mesma de 102,040,14 €, dedúceselle o certificado na cert. Nº 1, en relación dos materiais acopiados.*
- *Certificación nº 4 (fra nº 72311 de 6/03/15), por importe de 55.900,60 €.*

*O director facultativo da obra D. Miguel Porras Gestido, emite informe de data 5 de marzo, favorable á devolución do aval solicitado, en base a que os materias obxecto da certificación por acopios, teñen sido instalados na obra e executados a satisfacción da dirección facultativa.*

*Por último, o 19/03/2015, previa petición desta concellería, o Interventor Xeral emite informe favorable á devolución solicitada.*

*Polo exposto, o técnico que subscribe, propón á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO:*

*"Devolver a Mondo Ibérica, S.A. (CIF A50308139) a garantía constituída para responder do acopio de materiais para a execución das obras de reforma do campo de fútbol de Samil (expte 13166-333 lote nº 3) ,por unha contía de 102.040,14 €, segundo a carta de pagamento "OVCD" nº 92249/14 de data 29/12/2014".*

Acordo
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**18(402).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DE ECONOMÍA E FACENDA POLA QUE SE APROBA O PADRÓN FISCAL DO IMPOSTO DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA- ANO 2015. EXPTE. 47363/511.**

Dase conta da resolución da concelleira de Economía e Facenda, de data 24.03.15, que di o seguinte:

*No uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Decreto de Delegación de Alcaldía de 7 de outubro de 2011 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 21 de outubro de 2011 así como o artigo 63.2 da Ordenanza Fiscal Xeral)*

*De conformidade co Informe Proposta da Dirección de Ingresos e Informe da Intervención Xeral de data 18 de marzo de 2015.*

*RESOLVO:*

*1.- Aprobar o Padrón fiscal do imposto sobre vehículos de tracción mecánica do ano 2015 que comeza coa inscrición do vehículo matricula 0554 BBB e remata coa inscrición do vehículo matricula ZA-41442-VE, polo importe total de 14.409.792,94 euros (Catorce millóns catrocentos nove mil setecentos noventa e dous euros con noventa e catro céntimos), correspondentes a un total de 173.494 vehículos.*

*2.- Aprobar a exención do imposto de vehículos de tracción mecánica a 1.104 vehículos de titularidade de discapacitados que reúnen as condicións establecidas no artigo 4 apartado 1.5. da ordenanza fiscal vixente, e aparecen referenciados no documento padrón coa anotación individualizada "2015 na columna B.FISC e cota 0".(a exención para os restantes 5099 vehículos que tamén gozan deste beneficio fiscal neste exercicio pola mesma causa, foi aprobada con anterioridade, con efectos para varios exercicios).*

*3.- Aprobar a bonificación do 75% da cota do imposto a 2.489 vehículos con emisións CO2 menores a 120grs/km que cumpren as condicións establecidas no artigo 4 apartado 4b) da ordenanza fiscal vixente, e aparecen referenciados no documento padrón coa anotación individualizada "2015 na columna B.FISC e cota bonificada correspondente ".*

*4.- Aprobar a bonificación do 75% da cota do imposto a 36 vehículos eléctricos que cumpren as condicións establecidas no artigo 4 apartado 4c) da ordenanza fiscal vixente, e aparecen referenciados no documento padrón coa anotación individualizada "2015 na columna B.FISC e cota bonificada correspondente ".*

*5.- Aprobar a bonificación do 75% da cota do imposto a 21 vehículos híbridos que cumpren as condicións establecidas no artigo 4 apartado 4a) da ordenanza fiscal vixente, e aparecen referenciados no documento padrón coa anotación individualizada "2015 na columna B.FISC e cota bonificada correspondente ".*

*6.- Aprobar a bonificación do 75% da cota do imposto a 4 vehículos adscritos a licenzas de auto taxi que utilizan combustible GLP que cumpren as condicións establecidas no artigo 4 apartado 4d) da ordenanza fiscal vixente, e aparecen referenciados no documento padrón coa anotación individualizada "2015 na columna B.FISC e cota bonificada correspondente ".*

*A documentación xustificativa dos anteriores acordos de aprobación de beneficios fiscais que figuran nos apartados 2, 3, 4, 5 e 6 anteriores, consta en expedientes individuais nos servizos tributarios do Concello, as dependencias de xestión tributaria deste imposto e, así mesmo accesible aos interesados a través da "carpeta cidadá" da web do Concello.*

*7.- Dar conta a XUNTA DE GOBERNO LOCAL do acordo anterior, de conformidade co citado artigo 63.2 . da Ordenanza fiscal xeral"*

*8.- Proceder á exposición pública durante o prazo de 15 días, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos contribuíntes, podéndose interpoñer contra ditos actos recurso potestativo de reposición ante o órgano que aproba este acordo ou ben directamente recurso ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó de finalización do período voluntario de pago.*

Acordo
A Xunta de Goberno local queda informada.

**19(403).- PRÓRROGA DO CONTRATO PARA A XESTIÓN DA ESCOLA MUNICIPAL DE TEATRO. EXPTE. 14994/332.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 24.03.15, o informe xurídico do 26.03.15, o informe complementario do técnico

superior de Educación, do 23.03.15, dáse conta do informe-proposta do 12.03.15, do técnico superior de Educación, conformado pola concelleira de Educación e a concelleira de Economía e Facenda, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local, na sesión de data 21 de marzo de 2014, na súa calidade de órgano de contratación, acordou adxudicar definitivamente a Imaxinería SL o contrato para a xestión da Escola municipal de teatro (expte 14994-332), de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e prego de condicións técnicas aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 05/12/2013 e a oferta presentada.*

*A data de inicio do contrato é o 16/04/14 e no prego de cláusulas administrativas se fixa unha duración do contrato de UN ano e se establece a posibilidade de prorrogar o mesmo (apartado 4.C das FEC); así, prevése a posibilidade de prórrogar o contrato ata o 31/07/15 (tres meses e medio).*

*A concelleira de Educación, mediante dilixencia de data 6/03/15, solicita do órgano de contratación a prórroga do presente contrato, do 16/04/15 ao 31/07/15.*

*Á vista das anteriores consideracións, proponse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte acordo:*

*1º.- Autorizar a prórroga do contrato para a xestión da Escola Municipal de Teatro (expte 14994-332) para o periodo comprendido entre o 16/04/15 e o 31/07/15.*

*2º.- O importe da prórroga será o seguinte:*

*Ano 2015 (16/04/2015-31/07/2015): 25.973,40 €, que se imputarán á partida 3230.227.99.03 (Escola Municipal de Teatro).*

Acordo
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**20(404).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDEMENTO ABERTO, DO SERVIZO PARA A XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL "MESTRES GOLDAR" DE CASTRELOS. EXPTE. 16774/332.**
Visto o informe de fiscalización do 18.03.15, e o informe xurídico do 27.03.15, dáse conta do informe-proposta do técnico superior de Educación, do 30.03.15, conformado pola concelleira de Educación e a concelleira de Facenda, que di o seguinte:

*Mediante Resolución de inicio de expediente de 28 de xaneiro de 2015, a Concelleira de Educación insta ao Servizo de Educación para que inicie "a tramitación dun contrato maior de servizos para a contratación por procedemento aberto e tramitación ordinaria, para a xestión da Escola Infantil Municipal (EIM) "Mestres Goldar" de Castrelos.*

*No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:*

- *Resolución da Concelleira de Educación de 28/01/15 pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.*

- *Informe xustificativo da necesidade da contratación do técnico superior de Educación de data 28/01/2015.*
- *Prego de prescripcións técnicas (PPT) de data 29/01/15 redactado polo técnico superior de Educación.*
- *Memoria xustificativa de data 29/01/15, redactada polo técnico superior de Educación.*
- *Dilixencia de data 05/02/15 da xefa do Servizo de Contratación, relativa á aclaración de determinados aspectos.*
- *Informe complementario á Memoria xustificativa, de data 11/02/15, do técnico de Educación.*
- *Informe da xefa do servizo de Contratación de data 13/02/15*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 13/02/15, redactado polo Servizo de Contratación.*
- *Informe da titular da Asesoría xurídica de 25/02/15*
- *Dilixencia de 04/03/15 da xefa do servizo de Contratación*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 04/03/15, redactado polo Servizo de Contratación, coas modificacións suxeridas no informe da Asesoría Xurídica.*
- *Informe-proposta de 05/03/15, de aprobación do expediente de contratación*
- *Informe de fiscalización da Intervención de 18/03/15, con observacións*
- *Informe complementario do 26/03/15 do técnico superior de Educación*
- *Dilixencia da xefa do servizo de Contratación, sobre corrección do prego de cláusulas administrativas particulares*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 27/03/15, redactado polo Servizo de Contratación, coas modificacións suxeridas no informe da Intervención municipal.*
- *Informe da Asesoría Xurídica de27/03/15, de conformidade cos cambios introducidos*

*As características básicas do contrato, tal e como se indica na documentación que conforma o expediente, son as seguintes:*

> *Obxecto: xestión da Escola infantil municipal "Mestres Goldar", que comprende a atención total de nenos e nenas que se escolarizarán nela, tanto nos aspectos educativos para o primeiro ciclo de Educación Infantil, como na súa alimentación, coidado e hixiene dentro do horario da escola, e a xestión e administración do centro baixo a coordinación do Servizo municipal de Educación.*
>
> *Duración: catro (4) anos, máis dúas posibles prórrogas dun ano de duración cada unha*
>
> *Prezo: estímase un prezo anual do contrato de 219.880,89 euros*
>
> *Aplicación orzamentaria: 3230.227.99.14 "EIM Mestres Goldar"*

*A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 3º do R.D. Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro (TRLCSP). A resolución segundo o artigo 110 1º do TRLCSP deberá ser motivada e aprobará o expediente de*

*contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.*

*A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral,* ***proponse*** *á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción dos seguintes* ***acordos****:*

*1º.- Aprobar o expediente de contratación dos servizos para a xestión da Escola infantil municipal (EIM) "Mestres Goldar", de Castrelos, por procedemento aberto.*

*2º.- Aprobar o Prego de prescripcións técnicas de 29/01/2015 redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares por procedemento aberto de data 27/03/2015 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente, para a contratación dos servizos para a xestión da Escola infantil municipal (EIM) "Mestres Goldar", de Castrelos, por procedemento aberto.*

*3º.- Aprobar o gasto por importe de 891.523,56 euros (85.293,63 € na anualidade de 2015, 219.880,89 € nas anualidades de 2016, 2017 e 2018, e 146.587,26 € na anualidade de 2019) para a contratación dos servizos para a xestión da Escola infantil municipal (EIM) "Mestres Goldar", de Castrelos, por procedemento aberto, con cargo á partida presupostaria 3230.227.99.14 ("EIM Mestres Goldar").*

*4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.*

<u>Acordo</u>
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**21(405).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS NO MARCO DO FOMENTO DE EMPREGO. EXPTE. 11630/77.**
Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 18.02.15, o informe de fiscalización do 19.03.15, dáse conta do informe-proposta do xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, do 11.03.15, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola concelleira de Economía e Facenda, que di o seguinte:

*Unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar dos seus cidadáns, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interación da cidadanía co mercado laboral, dentro das competencias que se lle recoñecen, tendo en conta que o desenvolvemento destas actividades de fomento do emprego veñen desenvolvendose de xeito continuado nos últimos anos e moi especialmente nos anos 2012, 2013 e 2014, mediante a sinatura de convenios de colaboración coa "Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos", no 2012, 2013 e 2014, para a potenciación do acompañamento e apoio ás mulleres vítimas de violencia de xénero, polo que conforme establece a LEI 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.- "En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:*

*a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.*

*b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores así como a realización de novas actuacións de fomento que foran xa establecidas nos proxectos de establecemento de servizos obxecto dos informes de inexistencia de duplicidades e sustentabilidade financeira previstos nesta lei.*
*...”*

*Deste xeito, Concello de Vigo a través do fomento municipal de emprego, promove diversas actividades relacionadas coa formación en empresas con compromiso por parte destas de contratar a un mínimo de persoas fomentando a colaboración de forma activa na loita contra o desemprego, as contratación por entidades sin ánimo de lucro que permita coller experiencia a persoas en desemprego, cara a mellorar as súas capacidades de inserción, etc. A estratexia polo emprego que supón este fomento non é un elemento illado, senón a toma en consideración dun conxunto de accións de colaboración co entramado laboral, educativo, veciñal e social no que o desenvolvemento de convenios de colaboración configúrase como a súa máxima concreción, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interación da cidadanía co mercado laboral, así como da reincorporación sociolaboral das mulleres vítimas de violencia de xénero e do fomento en todos os ámbitos sociais da eliminación da violencia mediante técnicas de prevención e concienciación social..*

*Dentro deste fomento do emprego na cidade de Vigo temos en conta os novos nichos de emprego entre os que a formación experiencial de persoas no apoio ás persoas vítimas de violencia de xénero, incrementan as ofertas de novos empregos, así como a do acompañamento a busca dunha mellor situación ou posición no mercado laboral destas persoas, mulleres na súa maioría, vítimas de violencia de xénero, favorecéndose así un dos cometidos que persegue este Concello de Vigo dentro das súas competencias, o da reinserción social e laboral da cidadanía. A contratación destas persoas mediadoras coas vítimas de malos tratos, estaría encadrado dentro desta lexislación vixente.*

*A Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos” solicita, a través dun escrito con rexistro de entrada o día 10 de febreiro de 2015 co nº de rexistro 150016699, a colaboración do Concello de Vigo para a subscripción dun convenio que instrumentará a realización de 4 contratos laborais, 3 deles de persoal con formación universitaria e 1 de formación profesional, o que permitirá deste xeito consolidar novas actividades en materia de comunicación, formación e dinamización no acompañamento ás mulleres, vítimas de violencia de xénero, cara a súa reincorporación sociolaboral, elaborando estudios das súas necesidades, intensificando a concienciación social e creando unha base de datos documental sobre a violencia de xénero. Cabe suliñar que os custes da contratación deste/s traballador/es sería moito mais elevado se o asumise o Concello de Vigo, en comparativa coa proposta presentada por esta Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos”.*

*A xustificación da concesión dunha subvención de xeito directo a ASOCIACIÓN REDE DE MULLERES VECIÑAIS NA LOITA CONTRA OS MALOS TRATOS DE VIGO, ven dado entre outras cousas pola proposta económica presentada pola asociación para contratación de 4 persoas con cargo ao fomento do emprego.*

*Son 4 persoas (1 Licenciado/a en Dereito (50%), 1 Licenciado/a en Ciencias Políticas (75%), 1 Diplomado en Traballo Social (75%), e 1 Administrativo (100%) para os 7 meses propostos segundo o cadro anexo e proposición económica presentada pola asociación que suporía uns costes salariais de 38.968,65 €, custes necesarios sin ter en conta outros gastos como mantemento de instalacións, enerxía eléctrica, auga, etc, en tanto que si aplicásemos os custes propios do convenio municipal para estas contratacións o montante veríase moi incrementado resultando por importe de 72.974,87 €.*

*Custes estimados entidade:*

| Nº DE PERSOAS TRABALLADORAS | OCUPACIÓN | DURACIÓN DO CONTRATO | TIPO DE XORNADA % | CUSTOS SALARIAIS TOTAIS |
|---|---|---|---|---|
| 1 | LICENCIADA EN DEREITO | 7 meses | 50,00% | 6.921,32 € |
| 1 | LICENCIADA EN CIENCIAS POLÍTICAS | 7 meses | 75,00% | 10.382,05 € |
| 1 | DIPLOMADA EN TRABALLO SOCIAL | 7 meses | 75,00% | 9.373,28 € |
| 1 | TÉCNICA ADMINISTRATIVA | 7 meses | 100,00% | 12.292,00 € |
| | | | TOTAL CONTRATACIÓNS | 38.968,65 € |

*Custes da contratación se os tivese que contratar o Concello de Vigo*

CUSTES SALARIAIS CONCELLO

| CONTRATOS | Posto | Basicas-Mes | CD_Mes | Esp_Mes | Mensual | Custes mesnsuais | XORNADA | Contratación (meses) | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | TECNICO/A ADMINISTRACION XERAL | 1.109,05 € | 698,20 € | 1.268,83 € | 3.076,08 € | 4.145,79 € | **50,00%** | 7 | **14.510,25 €** |
| 1 | TECNICO/A ADMINISTRACION XERAL | 1.109,05 € | 698,20 € | 1.268,83 € | 3.076,08 € | 4.145,79 € | **75,00%** | 7 | **21.765,38 €** |
| 1 | TECNICO/A ACTIVIDADES TURISTICAS | 958,98 € | 619,47 € | 1.073,03 € | 2.651,48 € | 3.573,53 € | **75,00%** | 7 | **18.761,04 €** |
| 1 | ADMINISTRATIVO/A | 838,27 € | 417,25 € | 645,87 € | 1.901,39 € | 2.562,60 € | **100,00%** | 7 | **17.938,19 €** |
| | | | | | | | | | **72.974,87 €** |

*O importe do convenio de 39.553,18**€** (38.968,65 € de custes salariais e 584,53 € destinados a custes de xestión para o desenvolvemento das accións) imputaranse con cargo á partida 2410 4800000 "Programa de axudas ao Plan de Emprego Municipal", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2015 (2014 prorrogado), co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas, tendo en conta o prazo de execución do proxecto (01/03/2015 ao 30/09/2015).*

*Tendo previsto este convenio de colaboración os seguintes obxectivos:*

- *Facilitar a reincorporación social e laboral mediante a información, motivación e o asesoramento en técnicas de busca de emprego e orientación laboral personalizada, mediante a:*
  6. *O fomento da autoestima.*
  7. *A potenciación da personalidade.*
  8. *A transmisión de modelos sociais igualitarios.*
  9. *O fomento do bo trato nas relacións afectivas e sociais.*
  10. *Transmitir modelos sociais igualitarios.*
  11. *Facilitar encontros para a axuda mutua entre as mulleres atendidas pola asociación.*
  12. *Identificar a violencia de xénero*
- *Facilitar a adquisición de experiencia laboral relacionada coa igualdade e o traballo coas persoas vítimas de violencia e a súa incorporación ao mercado laboral.*
- *Proporcionarlles ás/ós profesionais seleccionados formación en competencias transversais aliñadas coas necesidades do mercado laboral no ámbito da igualdade.*
- *Promover a manifestación pública contra os malos tratos.*
- *Eliminar a violencia en todos os ámbitos sociais, mediante técnicas de prevención e concienciación social.*

*Obxectivos que non minoran en ningún momento os principais obxectivos do Plan Municipal de Emprego, senon máis ben,os complementan, como se amosa de seguido:*

*–Posibilitar o desenvolvemento da cidade na procura dun mercado de traballo baseado na xeración de alto valor engadido, apostando por persoas traballadoras cualificadas e implicadas no proxecto empresarial, isto é, persoal de alta produtividade en empresas competitivas con emprego de calidade.*
*–Potenciar o emprendemento, a figura do emprendedor e o mantemento das iniciativas emprendedoras como forma de creación de emprego.*
*–Facilitar a incorporación ás TICs do conxunto de vigueses que acudan ós servizos de emprego deste concello.*
*–Establecer procedementos de transición de ensino regrado ó mundo laboral.*
*–Avanzar na igualdade no emprego de homes e mulleres.*
*–Inserir laboralmente ós colectivos con mais dificultades de inserción no mercado de traballo para evitar os posibles riscos de exclusión social.*
*–Potenciar a creación de emprego vinculada ás novas necesidades da vida diaria, de mellora do marco de vida, de servizos culturais, de ocio e de medio natural.*
*–Establecer procedementos de participación dos axentes socioeconómicos no deseño, execución e avaliación dos diferentes programas de emprego.*
*–Potenciar a creación de Observatorios do mercado de traballo vinculados ao Pacto local de emprego que, ademais de facer análise do mercado de traballo realice prospectiva a curto e medio prazo tanto no relativo ás necesidades de incorporación de traballadores ás empresas existentes como nos nichos de mercado existentes para o impulso do emprendemento.*

*Dentro das medidas de fomento do emprego e de apoio as persoas desempregadas en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades sociais, e empresariais mais significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociolaboral, as cales redundan no beneficio da cidade.*

*Estas circunstancias así como o profundo coñecemento que ten a Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos" da situación das mulleres vítimas de violencia de xénero e do fomento social da igualdade, así como da falta de persoal especializado na formación, acompañamento e apoio das mesmas no concello de Vigo, xustifica a realización deste convenio de colaboración***,** *remarcando que nesta cidade non existe ningunha outra asociación adicada directamente a estes cometidos***.**

*Incorpórase unha cláusula expresa no convenio referida a inexistencia de relación laboral entre os traballadores directa ou indirectamente beneficiarios da subvención que se pretende conceder a Asociación REDE de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo e o Concello de Vigo.*

*Por todo o anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:*

*1º.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos", con CIF: G36928646 sobre as accións de interese para a cidade destinadas a fomentar actividades en materia de comunicación, formación e dinamización no acompañamento ás mulleres, vítimas de violencia de xénero, cara a súa reincorporación sociolaboral, elaborando estudios das súas necesidades, intensificando a concienciación social e creando unha base de datos documental sobre a violencia de xénero.*

*2º.- Autorizar o gasto de 39.553,18 €, como contrapartida do estipulado no presente convenio de colaboración, con cargo á partida 2410 4800000 "Programa de axudas ao Plan de Emprego Municipal", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2015.*

*3º.- Facultar ao Concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá D. Santos Héctor Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio.*

Acordo
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

*CONVENIO COLABORACIÓN COA "ASOCIACIÓN REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS" NO MARCO DO FOMENTO DO EMPREGO PARA A POTENCIACIÓN DO ACOMPAÑAMENTO E APOIO ÁS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO"*

*Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de _____ de duos mil quince*

*REUNIDOS*

*Dunha parte, Don Santos Hector Rodríguez Díaz co DNI 36008431-E, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do Decreto de Delegación de Alcaldía de 7 de febreiro de 2013 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 8 de febreiro de 2013, con enderezo na Praza do Rei núm. 1, 36202 de Vigo, e CIF P3605700-H.*

*Doutra parte, Dona María Rosario Otero Rodríguez co DNI 36012710T en calidade de Presidenta da Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos", nomeada en asamblea celebrada o 15 de decembro de 2010, ten poder suficiente para actuar en nome da Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos", con domicilio social en Rúa Oliva, 12 – 2º 36202 de VIGO e CIF G36928646.*

*Actúan ambas partes no exercicio dos seus cargos e na representación que ostentan recoñecéndose reciprocamente a capacidade suficiente para asinar este convenio.*

*EXPOÑEN*

*PRIMEIRO: A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, indica, no seu artigo 80, punto 2, letras k) e p), que o municipio exercerá competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma participando, entre outros aspectos, na formación de activos e desempregados.*

*–Unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar dos seus cidadáns, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interación da cidadanía co mercado laboral, dentro das competencias que se lle recoñecen, tendo en conta que o desenvolvemento destas actividades de fomento do emprego veñen desenvolvendose de xeito continuado nos últimos anos e moi especialmente nos anos 2012, 2013 e 2014, mediante a sinatura de convenios de colaboración coa "Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos", para a potenciación do acompañamento e apoio ás mulleres vítimas de violencia de xénero, polo que conforme establece a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e*

*sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.- "En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:*

> *a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.*
> *b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores así como a realización de novas actuacións de fomento que foran xa establecidas nos proxectos de establecemento de servizos obxecto dos informes de inexistencia de duplicidades e sustentabilidade financeira previstos nesta lei.*
> *..."*

*Deste xeito, Concello de Vigo a través do fomento municipal de emprego, promove diversas actividades relacionadas coa formación en empresas con compromiso por parte destas de contratar a un mínimo de persoas fomentando a colaboración de forma activa na loita contra o desemprego, as contratación por entidades sin ánimo de lucro que permita coller experiencia a persoas en desemprego, cara a mellorar as súas capacidades de inserción, etc. A estratexia polo emprego que supón este fomento non é un elemento illado, senón a toma en consideración dun conxunto de accións de colaboración co entramado laboral, educativo, veciñal e social no que o desenvolvemento de convenios de colaboración configúrase como a súa máxima concreción, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interación da cidadanía co mercado laboral, así como da reincorporación sociolaboral das mulleres vítimas de violencia de xénero e do fomento en todos os ámbitos sociais da eliminación da violencia mediante técnicas de prevención e concienciación social.*

*SEGUNDO: Para acadar esta loita contra a discriminación e a reinserción deste colectivo desfavorecido, a Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos", propón a contratación de 4 profesionais para a realización de actividades de fomento, orientación e formación en igualdade, a concienciación social e para mellorar a súa empregabilidade grazas a atención directa e especializada na reincorporación ao mercado laboral e á sociedade destas mulleres vítimas de violencia de xénero.*

*Todas estas actividades propostas pola Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos", considéranse accións de interese para a nosa cidade, pola potenciación da xestión de atención primaria de saúde, asi como na prestación dos servizos sociais e de promoción, asi como da reinserción de colectivos desfavorecidos.*

*Deste xeito o Concello de Vigo por medio da Concellaría de Emprego, e a Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos"*

*MANIFESTAN*

*I.- - Que a Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos", conforme o establecido nos seus estatutos asume, entre outros, os seguintes fins e actividades:*

- *Facilitar a reincorporación social e laboral mediante a información, motivación e o asesoramento en técnicas de busca de emprego e orientación laboral personalizada, mediante a:*
    1. *O fomento da autoestima.*
    2. *A potenciación da personalidade.*
    3. *A transmisión de modelos sociais igualitarios.*
    4. *O fomento do bo trato nas relacións afectivas e sociais.*
    5. *Transmitir modelos sociais igualitarios.*
    6. *Facilitar encontros para a axuda mutua entre as mulleres atendidas pola asociación.*
    7. *Identificar a violencia de xénero*

- *Facilitar a adquisición de experiencia laboral relacionada coa igualdade e o traballo coas persoas vítimas de violencia e a súa incorporación ao mercado laboral.*
- *Proporcionarlles ás/ós profesionais seleccionados formación en competencias transversais aliñadas coas necesidades do mercado laboral no ámbito da igualdade.*
- *Promover a manifestación pública contra os malos tratos.*
- *Eliminar a violencia en todos os ámbitos sociais, mediante técnicas de prevención e concienciación social.*

*II.- Que o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía o dereito a fundar asociacións e a asociarse á da súa elección, así como o recoñecemento ás asociacións e federacións de empresarios e de fomento do emprego, a contribuír na defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, como síntoma da boa saúde dun estado social e democrático de dereito no que a participación da cidadanía é fundamental.*
*Dentro das políticas activas de emprego en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades sociais, empresariais e veciñais mais significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter dinamizador, informativo, formativo da veciñanza, ademais dos de fomento da empregabilidade, sin olvidar a súa potencialidade como xacementos potenciais de emprego, na súa función de prestacións de servizos a comunidade, as cales redundan no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular.*

*III.- Que na devandida actividade a subvencionar e na subvención mesma concurren singulares circunstancias de interese público, social, económico e humanitario; tendo en conta a situación socio-laboral actual na cidade de Vigo, no mes de setembro de 2014, según as publicación realizadas pola comunidade autónoma:*

*Paro rexistrado por sexo e grupos de idade:*

| CONCELLOS | Paro Actual | Total <25 | Total > 25 | Parados Mulleres | Parados Homes |
|---|---|---|---|---|---|
| VIGO | 31.638 | 1.647 | 29.991 | 17.272 | 19.979 |

*Paro rexistrado por sector de actividade:*

| CONCELLO | PARO TOTAL | AGRICULTURA | INDUSTRIA | CONSTRUCCION | SERVIZOS | PRIMEIRO EMPREGO |
|---|---|---|---|---|---|---|
| VIGO | 31.638 | 436 | 4.504 | 2.556 | 21.403 | 2.739 |

*Unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar dos seus cidadáns, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interación da cidadanía co mercado laboral, dentro das competencias que se lle recoñecen os Municipios.*

*Estas circunstancias así como o profundo coñecemento que ten a Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos" da situación das mulleres vítimas de violencia de xénero e do fomento social da igualdade, así como da falta de persoal especializado na formación, acompañamento e apoio das mesmas no concello de Vigo, xustifica a realización deste convenio de colaboración, remarcando que nesta cidade non existe ningunha outra asociación adicada directamente a estes cometidos, motivos que impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.*

*IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervintes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é facilitar a formación , o*

*coñecemento e as habilidades necesarias para unha mellor atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero.*

*V.- Que a Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos" non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.*

*Que en base ás precedentes consideracións e ao interese público, social, económico e humanitario que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos", o Concello de Vigo e a dita Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos" conveñén a súa colaboración no ámbito de Vigo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.*

*PACTOS*

*Primeiro.- A Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos" comprométese a colaborar coa Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo en canto a dinamización e fomento do emprego entre a cidadanía viguesa, coa contratación exclusivamente de persoas empadroadas no Concello de Vigo, cando menos desde o 1 de xaneiro de 2014, así como nas labores de dinamización da entidade e do fomento do asociacionismo e concretamente, a:*

1. *Facilitar a reincorporación social e laboral mediante a información, motivación e o asesoramento en técnicas de busca de emprego e orientación laboral personalizada, mediante a:*
    1. *O fomento da autoestima.*
    2. *A potenciación da personalidade.*
    3. *A transmisión de modelos sociais igualitarios.*
    4. *O fomento do bo trato nas relacións afectivas e sociais.*
    5. *Transmitir modelos sociais igualitarios.*
    6. *Facilitar encontros para a axuda mutua entre as mulleres atendidas pola asociación.*
    7. *Identificar a violencia de xénero*
2. *Facilitar a adquisición de experiencia laboral relacionada coa igualdade e o traballo coas persoas vítimas de violencia e a súa incorporación ao mercado laboral.*
3. *Proporcionarlles ás/ós profesionais seleccionados formación en competencias transversais aliñadas coas necesidades do mercado laboral no ámbito da igualdade.*
4. *Promover a manifestación pública contra os malos tratos.*
5. *Eliminar a violencia en todos os ámbitos sociais, mediante técnicas de prevención e concienciación social.*
6. *Realizar convocatoria pública mediante inserción de anuncios na páxina web da entidade e na páxina web municipal xestionada pola área de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado "Asociacións en rede" (http://asociacións.vigo.org, cando menos 5 días antes da realización da selección, así como a exposición da convocatoria no taboleiro de anuncios do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e no Centro Municipal de Emprego, o secretario ou secretaria da asociación certificará a súa publicación ante a Comisión de seguimento, dos postos a contratar.*
7. *Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, o lugar, datas e horas de inicio das accións a desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicar calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarase cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.*

8. No emprazamento das accións e na páxina inicial da web da entidade deberá constar en lugar visible cartel informativo en modelo normalizado que será subministrado polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
9. Calquera edición e/ou material gráfico relacionado coas accións deste convenio se realizarán no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo, Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntarido como patrocinador das accións, sendo esta cuestión extensible ás carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.
10. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
11. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
12. As actividades de carácter sociolaboral recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xeral. O seu acceso será aberto e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do lugar onde se celebren.
13. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
14. En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.
2. Respectar a estrutura organizativa da Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos
3. Conceder directamente á Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos unha subvención total por importe de 39.553,18 € (38.968,65 € de custes salariais e de seguridade social e 584,53 € destinados a custes de xestión para o desenvolvemento das accións) con cargo á partida 2410 4800000 “Programa de axudas ao Plan de Emprego Municipal”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2015, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

*Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiara ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidade.*

*Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a reducción da subvención na mesma proporción .*
*A comunicación destas circuntancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

*Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.*

*Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada. A dita difusión cumprirá os seguintes requisitos:*

- *A información especialmente carteis e programas editados, estará integramente na lingua galega.*
- *En toda información gráfica editada figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello de Vigo, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas das asinantes do Convenio, a prelación en orde de tamaño será proporcional a cadansúa achega económica.*
- *A entidade beneficiaria someterá a conformidade do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo as probas dos recursos publicitarios que se vaian empregar. O material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal. De todo o material editado, entregaranse 2 exemplares no servizo de Desenvolvemento Local e Emprego da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.*

*Oitavo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.*

*Noveno.- Comisión de seguimento*
*Para o bo fin dos obxectivos sinalados no presente convenio constituirase unha Comisión de seguimento integrada por:*

1. *O concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que ostentará a Presidencia que poderá delegar a súa representación noutro/a concelleiro/a ou xefe do servizo de Desenvolvemneto Local e Empego.*
2. *Tres vocais:*
   a) *Un/unha  técnico/a adscrito ao servizo de Desenvolvemento Local e Empego.*
   b) *Dous a membros da Xunta directiva da entidade Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos*
   c) *Actuará como Secretario/a da Comisión un/unha funcionario/a ou laboral do Concello de Vigo, con voz pero sen dereito a voto.*

*A Comisión quedará constituída trala súa primeira reunión, estas realizaranse de forma ordinaria todos os trimestres na data en que se indique na sesión constitutiva, en todo caso para a súa válida constitución será necesaria a presencia da maioría absoluta dos seus membros que incluirá a do Presidente e Secretario.*
*O Presidente decidirá co seu voto os empates que se produzan respecto dos acordos que nas funcións que son propias da Comisión se adopten.*
*Son funcións propias da Comisión, as seguintes:*

- *Supervisar o cumprimento do proxecto de accións e actividades que figuran na Memoria e o presuposto executado.*
- *Establecer unha orde de prioridades respecto das actividades a realizar.*
- *Realizar as selección de persoal a contratar e propor as contratacións de persoal a realizar.*
- *Supervisar o cumprimento do normativa legal vixente en relación coas contratacións realizadas.*

*Decímo.- A beneficiaria, no prazo de un (1) mes a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.*

*–A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituir a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ….. euros.*

*A documentación da conta xustificativa deberá incluir unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.*

*As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non/Será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.*
*As Retribucións de persoal xustificaranse mediante:*

- *Copia autenticada do contrato.*
- *Copia autenticada do TC1 e TC2 correspondente aos meses imputados.*
- *Copia autenticada das nóminas correspondente aos meses imputados.*
- *Copia autenticada do impreso de liquidación nominal do IRPF.*
- *Copia do documento autenticado (transferencia bancaria ou cheque nominativo), que xustifique o pagamento das nóminas do persoal.*

*Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

*Décimo primeiro.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.*

*Décimo segundo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de febreiro e o 30 de setembro de 2015.*

*A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.*

*Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

*Décimo cuarto.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*Décimo quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.*

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución siñificativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*Décimo sexto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa aprezación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.*

*Décimo sétimo.- A beneficiaria está informada de que que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.*

*A beneficiaria poderá exerce-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.*

*Décimo oitavo.- A colaboración do Concello de Vigo concrétase na concesión dunha subvención formalizada mediante o presente convenio, colaboración que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contrado directa ou indirectamente pola Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos no desenvolvemento das actividades indicadas no pacto primeiro.*

*Décimo noveno.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, _________________ de 2015*

| | |
|---|---|
| *Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado* | *Presidenta da Asociación "Rede"* |
| *Santos Hector Rodríguez Díaz* | *María Rosario Otero Rodríguez* |

**22(406).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS PARA O APOIO AO MANTEMENTO DA REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS DURANTE O ANO 2015. EXPTE. 6669/224.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 11.03.15, e o informe de fiscalización do 25.03.15, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade, do 26.03.15, conformado pola concelleira delegada de dito Servizo, que di o seguinte:

*A Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, a Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes e a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero, imponlles aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes e para a prevención e o tratamento da violencia de xénero.*

*A cidade de Vigo conta cunha rede de servizos e recursos específicos para as mulleres. Por unha banda, existe un centro de atención global e específica á muller, que é o Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, onde diferentes profesionais reciben as demandas e traballan directa e planificadamente coas mulleres e unha rede de acollemento formada polo Centro de Emerxencia e por tres vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero. Por outra banda, Vigo é unha cidade históricamente estructurada en barrios cunha dinámica e servizos comunitarios propios e descentralizados (culturais, asociativos, de saúde...),*

*onde as mulleres teñen representatividade formal e informal na vida cotiá do barrio a través de asociacións de base que lles permiten o coñecemento a fondo da realidade.*

*Desde o ano 1997 un grupo de mulleres vinculadas ao movemento veciñal ven traballando de xeito solidario na prevención e axuda ás mulleres maltratadas. No mes de novembro de 2003, esta rede de mulleres constitúese nunha Asociación independente e autónoma baixo o nome "Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo" formalizando a súa inscripción no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia e do Concello de Vigo.*

*Esta asociación a forman un grupo organizado de mulleres vinculadas ás asociacións veciñais que apoian e acompañan ás mulleres no proceso de concienciación e ruptura cos malos tratos, constituíndose nun referente social de denuncia e de mobilización contra a violencia de xénero. As mulleres que forman parte da rede traballan de xeito voluntario como mediadoras e reciben unha formación específica impartida por profesionais do ámbito psico-social, xurídico, e policial.*

*Os fins da Rede de mulleres veciñais como contemplan os seus estatutos son entre outros:*

*.- Traballar na prevención dos malos tratos*
*.- Asistir ás mulleres maltratadas en todas as situacións que sexa necesario*
*.- Difundir os valores de igualdade entre as persoas sen discriminación por razón de xénero, defender os dereitos e intereses das mulleres maltratadas.*
*.- Potenciar o benestar social e a calidade de vida das mulleres realizando os estudios e propoñendo as medidas políticas precisas aos órganos da administración.*

*Considerando que os seus fins cumplen os obxectivos da concellería de Igualdade en prol da igualdade de oportunidades e máis específicamente contra a violencia que sofren as mulleres, valórase oportuno que o Concello de Vigo apoie esta iniciativa de carácter solidario baixo a fórmula dun convenio de colaboración.*

*A insuficiente capacidade económica desta entidade sen ánimo de lucro para facer fronte aos gastos xerados polo comezo das accións obxecto deste convenio motiva a concesión á entidade beneficiaria da axuda duhn anticipo do 32,7% da subvención que se concede.*

*Ao tratarse dunha entidade non lucrativa que desenvolve programas de acción social non procede a constitución de garantías, tal e como recolle o apartado d) do artigo 42.2 Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

*O rexime xurídico no que se enmarca este proxecto de colaboración é conforme co disposto na normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o seu regulamento de desenvolvemento, RD 887/2006, de 21 de xullo, así como as Bases de execución do orzamento vixente do Concello de Vigo.*

*Atendendo á instrucción 1/2014 de Intervención Xeral en relación á aplicación da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa citada Lei 27/2013, este servizo xestor informa de que as actuacións que esta concellería vai realizar baixo este expediente administrativo consisten en actuacións xa establecidas pola concellería de Igualdade en exercicios anteriores e con cargo á mesma partida presupostaría "Convenio asoc. Rede mulleres contra os malos tratos" 2311 4890004, tramitando en anos anteriores expedientes similares, sirva como exemplo: 5413/224 do 2012 e 5856/224 do 2013. Polo exposto anteriormente xustifícase a continuidade que require a norma.*

*Por isto, unha vez subsanada a observación realizada pola xefa do servizo de Fiscalización no seu informe de data 25/03/2015, e previos os preceptivos informes de Asesoría Xurídica e de Intervención Xeral, <u>proponse á Xunta de Goberno Local:</u>*

*"1º. Aprobar a sinatura do Convenio de colaboración entre a "Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo" e o Concello de Vigo para o apoio ao mantemento da Rede de Mediadoras durante o ano 2015.*

*2º. Autorizar o gasto de 15.300,00€ (quince mil trescentos euros) con cargo á partida presupostaria "Convenio coa Asociación Rede de mulleres veciñais contra os malos tratos de Vigo para o apoio á Rede de Mediadoras" 2311 4890004 do orzamento vixente para facer fronte aos gastos derivados da execución do presente convenio.*

*3º. Aprobar o texto, que de seguido se dí:*

*" Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de _____ de dous mil quince*

*<u>REUNIDAS</u>*
*Dunha parte, don Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo.*

*Doutra, dona María Rosario Otero Rodríguez, como presidenta da asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo, con CIF nº G36928646 e enderezo social na rúa Oliva, 12 Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da súa secretaría que figura na documentación do expediente núm. 6669- 224.*

*Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio*

*<u>MANIFESTAN</u>*

*I. Que desde o ano 1997 un grupo de mulleres vinculadas ao movemento veciñal ven traballando de xeito solidario na prevención e axuda ás mulleres maltratadas. No mes de novembro de 2003, esta rede de mulleres constitúese nunha Asociación independente e autónoma baixo o nome "Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo" formalizando a súa inscrición no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia e do Concello de Vigo.*

*Esta asociación a forman un grupo organizado de mulleres vinculadas ás asociacións veciñais que apoian e acompañan ás mulleres no proceso de concienciación e ruptura cos malos tratos, constituíndose nun referente social de denuncia e de mobilización contra a violencia de xénero. As mulleres que forman parte da rede traballan de xeito voluntario como mediadoras e reciben unha formación específica impartida por profesionais do ámbito psico-social, xurídico, e policial.*

*Os fins da Rede de mulleres veciñais, como contemplan os seus estatutos, son entre outros:*
*.- Traballar na prevención dos malos tratos*
*.- Asistir ás mulleres maltratadas en todas as situacións que sexa necesario*
*.- Difundir os valores de igualdade entre as persoas sen discriminación por razón de xénero, defender os dereitos e intereses das mulleres maltratadas.*
*.- Potenciar o benestar social e a calidade de vida das mulleres realizando os estudios e propoñendo as medidas políticas precisas aos órganos da administración.*

*II. Que o Concello de Vigo conta cunha rede de servizos e recursos específicos para as mulleres. Por unha banda, existe un centro de atención global e específica á muller, que é o Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, onde diferentes profesionais reciben as deman-*

*das e traballan directa e planificadamente coas mulleres e unha rede municipal de acollemento, formada polo Centro de Emerxencia e por tres vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero. Por outra banda, Vigo é unha cidade históricamente estructurada en barrios cunha dinámica e servizos comunitarios propios e descentralizados (culturais, asociativos, de saúde...), onde as mulleres teñen representatividade formal e informal na vida cotiá do barrio a través de asociacións de base que lles permiten o coñecemento a fondo da realidade.*

*Considerando que os fins da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo cumplen os obxectivos da concellería de Igualdade en prol da igualdade de oportunidades e máis específicamente contra a violencia que sofren as mulleres, valórase oportuno que o Concello de Vigo apoie esta iniciativa de carácter solidario baixo a fórmula dun convenio de colaboración.*

*III. Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 2311 4890004 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 15.300,00€, a favor da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo .*

*IV. Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, as intervintes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é apoiar o mantemento da entidade e o desenvolvemento de actividades da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo durante o exercicio 2015.*

*V.- Que a Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, segundo resulta da declaración responsable que figura neste expediente como Anexo III.*

*VI. Que a Asociación achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das certificacións que figuran no expediente.*

*VII. Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo , o Concello de Vigo e dita asociación conveñen a súa colaboración no ámbito da promoción da igualdade e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.*

*PACTOS*

*Primeiro.- O obxecto deste convenio é apoiar á Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo segundo os obxectivos e actividades que desenvolve dita asociación durante o exercicio 2015, segundo o programa que se incorpora ao convenio como Anexo I.*

*As accións obxecto deste convenio están dirixidas a todas as mulleres de Vigo que sofren violencia de xénero e que manifesten o seu desexo de ser axudadas pola Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo.*

*A Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo comprométese a colaborar coa concellería de Igualdade no marco deste convenio e dotará ás mulleres voluntarias da entidade de aqueles mecanismos sociais de apoio a vítima, para asistir os casos de vítima de violencia de xénero; especialmente ó colectivo de mulleres usuarias da rede municipal de acollemento: Centro de Emerxencia e vivendas de protección, xa que estas mulleres deron un paso de*

*vital importancia para sair dunha situación de violencia e agora necesitan o máximo apoio e reforzo para superar esta difícil situación. A Rede de Mulleres Veciñais, como organización non lucrativa, comprométese, ademais das actividades que xa leva a cabo recollidas no anexo I, co colectivo de referencia (mulleres usuarias dos dispositivos de acollemento), ampliar as súas competencias a todo tipo de acompañamentos como poden ser: consultas médicas, actividades de lecer, sociais, relacionais, comunicativas, etc.*

*Un dos obxectivos perseguidos pola Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo é o fortalecemento persoal da vítima paliando a soedade e angustia, trasmitíndolle apoio e confianza, co fin de acadar a integración da muller en todos os ámbitos da vida.*

*Procederase á atención e acompañamento necesario aínda que as mulleres non sexan veciñas de Vigo nos casos derivados polo servizo municipal do Centro Municipal de Información dos Dereitos das Mulleres.*

*A Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo comprométese a colaborar coa concellería de Igualdade do Concello de Vigo concretamente, a:*

*1.- Asumir todo o concernente á organización xeral das actividades obxecto do convenio, achegando a infraestructura e o equipo humano necesario para tal fin, así como cumprir o programa que figura como Anexo I.*

*2.- Asumir todos os gastos que se deriven da organización destas actividades e obter todos os permisos e autorizacións para a súa realización.*

*3.- Garantizar o dereito á confidencialidade das beneficiarias utilizando claves que convirtan en anónimos os datos recollidos. Fixará limitacións de acceso ás mesmas e incluirá unha cláusula de confidencialidade nas persoas que traballen ou colaboren na Asociación.*

*4.- Todas as actividades desenvolvidas pola Asociación na execución deste convenio deberán estar amparadas ou cubertas de toda clase de continxencias derivadas da referida execución, por efecto dela ou con ocasión da mesma; a través das necesarias relacións de aseguramento, social ou privado, que contemplen a asistencia sanitaria, accidentes de traballo e demáis prestacións do sistema de seguridade social así como da posible responsabilidade civil.*

*5.- A persoa ou persoal que preste servizos na Asociación Rede de Mulleres Veciñais non manterá relación laboral nin contractual co Concello de Vigo.*

*6.- As obrigas da Asociación rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo, como beneficiaria da axuda, serán, ademáis das estipuladas nos apartados anteriores, as consignadas no artigo 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artígo 14 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.*

*Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte comprométese a:*

*1º.- Aportar a documentación técnica precisa como a guía de recursos e a atención profesional especializada a través do persoal do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller.*

*2º.- Incluir este servizo entre os servizos especializados no eido da promoción da muller que difunda mediante campañas de publicidade.*

*3º.- Conceder directamente á Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo, unha subvención por importe de 15.300,00€ co obxecto de coadxuvar á financiación da colaboración no ámbito da promoción da igualdade e do tratamento contra a violencia de xénero.*

*Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.*

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.*

*Cuarto.- O Concello de Vigo abonará o importe da axuda en tres partes:*

*a) A primeira, por importe de 5.000,00€ coa firma do presente convenio, anticipo motivado para facer fronte aos gastos xerados polo comezo das accións desta entidade sen ánimo de lucro.*

*b) A segunda por importe de 5.000,00€ no mes de xuño, previa a entrega do informe de avaliación das actividades e xustificantes orixinais de gasto polo importe a aboar.*

*c) A terceira por importe de 5.300,00€ no mes de decembro previa a certificación do departamento de igualdade acreditando o cumprimento do convenio unha vez se achegue a memoria anual da asociación e xustificantes orixinais de gasto do resto da subvención pendente de xustificar.*

*Antes de proceder a cada pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.*

*Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a reducción da subvención na mesma proporción .*

*A comunicación destas circuntancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

*Sexto.- A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 80% do importe da actividade subvencionada.*

*A entidade non pode concertar con terceiros/as a execución das actividades que constitúen a prestación voluntaria e solidaria dos acompañamentos ás mulleres vítimas de violencia. A beneficiaria está autorizada a concertar con terceiros/as as actividades que non sexan prestacións de carácter persoal, como son: actividades de formación, desprazamentos, publicidade..., segundo o previsto no artigo 29 da Lei Xeral de Subvencións.*

*Non poderan ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de subvenciones de Galicia.*

*<u>Sétimo.</u>- Para o seguemento e avaliación do presente convenio de colaboración establécese unha comisión de seguemento e avaliación que, presidida pola concelleira de Igualdade estará formada, previo nomeamento da Presidenta, por:*

- *A presidenta e coordinadora da Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo ou persoas en quen deleguen.*
- *A xefa do Servizo Municipal de Igualdade.*
- *Unha técnica do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller*

*Actuará como secretario/a da comisión un/ha dos/as vogais designado/a por ésa.*

*<u>Oitavo.</u>- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inserción en lugar visible o logo da concellería de Igualdade e do Concello de Vigo en canto material escrito e audiovisual se edite.*

*<u>Noveno.</u>- Antes do 10 de decembro de 2015, a beneficiaria deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.*

*A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituir a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación que acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de 16.300,00€ (gasto total do proxecto segundo reflicte o orzamento presentado pola entidade).*

*A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos, tal e como se indica no parágrafo anterior xunto cunha relación de todos os xustificantes de pago dos gastos incorridos que fosen financiados coa axuda concedida nesta convocatoria acompañando as facturas ou documentos de valor probatorio equivalente á contía da subvención concedida. Ademais, a entidade deberá declarar o importe, procedencia e a aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiarán tamén a actividade subvencionada.*

*As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación en vigor desde o 1 de xaneiro de 2013. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.*

*Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe esacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixi-*

*nal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

*A axuda do Concello de Vigo incluirá tanto os consumos (teléfono, luz, distribución postal) como o abono de salarios, publicidade e os gastos de formación e desprazamento das mediadoras, atendendo ao especificado no orzamento elaborado pola entidade para o ano 2015. Anexo II.*

*Os custos indirectos formarán parte da xustificación da subvención, sempre que se imputen á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida na que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade.*

*Xunto coa documentación relativa á conta xustificativa, a entidade achegará unha memoria semestral e outra anual sobre as actividades desenvolvidas no marco deste convenio.*

*Décimo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen desde o 10 de decembro de 2014 ata o 9 de decembro de 2015.*

*Décimo primeiro.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión desta, será comprobada polos servizos da Concellería de Igualdade. A xefa do servizo de Igualdade emitirá informe ao respecto acreditando o cumprimento do convenio ou facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada. O informe do órgano xestor incorporarase á conta xustificativa.*

*Décimo segundo.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola concellería de Igualdade e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*Décimo terceiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.*

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*Décimo cuarto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa aprezación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.*

*Décimo quinto.- A beneficiaria está informada de que que os seus datos serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Igualdade.*

*A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Igualdade do Concello de Vigo.*

*Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, _________________ de 2015."*

Acordo
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**23(407).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS DA OBRA "RENOVACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO NA RÚA ROBLEDA, ENTRE O Nº 52 E 60". EXPTE. 2918/443.**

Visto o informe xurídico do 1.04.15, dáse conta do informe-proposta do 2.04.15, do xefe da Área de Fomento, conformado polo concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

*Obra: "RENOVACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO NA RÚA ROBLEDA, ENTRE O Nº 52 E 60". Expte. 3057/440.*
*Localidade e situación: RÚA ROBLEDA.*
*Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO.*
*Autor/a do proxecto: D. LUIS VILAR MONTORO (VILAR MONTORO INGENIERÍA, SLP).*
*Dirección facultativa: D. ÁLVARO CRESPO CASAL, D. JERÓNIMO CENTRÓN CASTAÑOS.*
*Contratista titular do plan: AQUALIA INFRAESTRUCTURAS, SA.*
*Coordinador/a de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto:----.*
*Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: D. LUIS VILAR MONTORO (VILAR MONTORO INGENIERÍA, SLP).*
*Autor/a do plan de seguridade e saúde no traballo: D. MIGUEL ÁNGEL PAYÁ GONZÁLEZ (AQUALIA INFRAESTRUCTURAS, SA.).*
*Coordinador/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra: Dª. REBECA GALIÑANES FERNÁNDEZ (PROYEGAL INGENIERÍA, SL..).*
*Autor/a do plan de Xestión de Residuos de Construcción e Demolición: D. MIGUEL ÁNGEL PAYÁ GONZÁLEZ (AQUALIA INFRAESTRUCTURAS, SA.).*

*Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:*

*-Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previdos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións con-*

*cordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro, do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro e do Real Decreto 337/2010, de 19 de marzo.*

*-Plan de Xestión de Residuos, considérase que reúne as condicións técnicas requiridas polo R.D. 105/2008 para súa aceptación. O devandito plan formará parte dos documentos contractuais da obra xunto aos que acreditan a correcta xestión de residuos, facilitados á Dirección Facultativa polo posuidor e o xestor dos residuos.*

*Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propor a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizo de Prevención e o plan de xestión de residuos reúne as condicións requiridas polo R.D. 105/2008, para propor a súa aceptación.*

*En consecuencia ao anteriormente indicado, <u>faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:</u>*

1. *Aprobar o plan de Seguridade e Saúde da obra "RENOVACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO NA RÚA ROBLEDA, ENTRE O Nº 52 E 60".*

2. *Aceptación do plan de Xestión de Residuos da mencionada obra.*

*Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria AQUALIA INFRAESTRUCTURAS, SA., a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).*

<u>Acordo</u>
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**24(408).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO ANEXO AO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN DE "A CASA DO PATÍN". EXPTE. 7650/307.**

Dáse conta do informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 9.04.15, conformado pola xefa do Servizo de Rehabilitación e Cascos Históricos e pola concelleira de Urbanismo, Cascos Históricos, Grandes Proxectos, Economía e Facenda e Patrimonio, que di o seguinte:

*ANTECEDENTES.- A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de 30 de decembro de 2014, acordou adxudicar á empresa XESTIÓN AMBIETNAL DE CONTRATAS SL as obras de rehabilitación de A Casa do Patín, en Bouzas, como equipamento social e cultural, por importe de 385.345,79 euros, IVE incluído.*

*Con data 09/01/2015, a Xunta de Goberno Local aprobou o nomeamento da dirección facultativa, así como o nomeamento de Xiana Alonso Población, como coordinadora de seguridade e saúde das obras referidas.*

*Na sesión do 16/01/2015, a Xunta de Goberno Local aprobou o Plan de seguridade e saúde e o Plan de xestión de residuos das obras.*

*O pasado martes 31 de marzo, a coordinadora das obras presenta no Concello un anexo ó citado Plan de seguridade e saúde por un novo traballo de obra que non se tiña contemplado no plan inicial, xunto cun informe favorable ao mesmo.*

*Á vista da normativa de aplicación, concretamente o Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, se solicita desa Xunta de Goberno Local o seguinte:*

*Aprobar o Anexo ao Plan de Seguridade e Saúde das obras de rehabilitación da A Casa do Patín, presentado pola empesa XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS SL e informado favorablemente por Xiana Alonso Población, coordinadora de seguridade e saúde das citadas obras.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**25(409).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 22.931,70 € A FAVOR DE TAELPO S. COOP. POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RADIOCOMUNICACIÓNS PARA POLICÍA LOCAL E SERVIZO PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS. EXPTE. 43580/212.**

Visto o informe de fiscalización do 25.03.15, dáse conta do informe-proposta do intendente xefe da Policía Local, do 23.03.15, conformado polo xefe de Área de Seguridade e Mobilidade e polo concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

*ANTECEDENTES*

*A mercantil TAELPO S. COOP., con C.I.F. F-36.049.543 presenta a través da plataforma FACE a factura de data 05/03/2015, nº. TR80021/15 (expte. 43541/212) por importe de 22.931,70 €, IVE incluido, polo concepto de "infraestructura e mantemento da rede trunking de comunicacions, correspondente aos meses de decembro 2014, xaneiro e febreiro de 2015".*

*Seguidamente, o Concelleiro-delegado ordena incoar "expediente de recoñecemento dunha indemnización sustitutiva a favor da mercantil TAELPO, S. COOP., con C.I.F. F-36.049.543 pola prestación do servizo de radiocomunicacions para os Corpos de Policía Local e Prevención e Extinción de Incendios, correspondente ao período de decembro 2014, xaneiro e febreiro de 2015, e por importe de 22.931,70 €, IVE engadido, segundo factura Nº. TR80021/15".*

*A proposta ven precedida de memoria explicativa das circunstancias que xustifican a incoación do expediente, segundo o disposto na Instrucción Nº. 1/00 da Intervención Xeral sobre expedientes de recoñecemento extraxudicial de créditos e indemnización sustitutiva, e na propia Base 28 e concordantes das de execución do orzamento vixente.*

*FUNDAMENTOS XURÍDICOS*

*Primeiro.- A factura trae causa dunha prestación de servicios levada a cabo pola mercantil unha vez rematada a prórroga do contrato que vinculaba as prestacións de ambas partes e, en*

*tanto en canto, o Concello a través do negocio xurídico pertinente non se acolle á prestación pública do servizo pola Xunta de Galicia, previsto en principio, para finais do 2014 ou principios do 2015 e que, finalmente vaise retrasar o comenzo operativo ata finais do primeiro semestre do ano en curso.*

*Segundo se afirma na memoria, a rede de radiocomunicacións móbiles baseada na tecnoloxía estándar TETRA, promovida pola Xunta de Galicia en cumprimento do mandato contido na disposición adicional segunda da Lei 3/2013, de 20 de maio, de impulso e ordenación das infraestructuras de telecomunicacións de Galicia, ofrecerá servizos de comunicación de voz e datos aos organismos da Xunta relacionados coa seguridade e emerxencias e, a mesma, poderanse incorporar nas condicións e termos que reglamentariamente se determinen outras entidades públicas galegas con competencias neste ámbito; sendo ademáis esta tecnoloxía a recomendada pola UE para as comunicacións vinculadas á seguridade pública.*

*Certamente, as vantaxes que derivan da prestación pública do servizo e que se detallan na memoria, en canto reveladoras dunha maior idoneidade da calidade das comunicación para a prestación dos servizos de Policía e prevención e extinción de incendios, e de unha maior economía do servizo para o Concello de Vigo, determinan e reclaman a opción inmediata polo servizo público de radiocomunicacións como a máis satisfactoria para o interese público.*

*O contrato coa mercantil rematou o 31 de maio e en tanto no se transita hacia o sistema público vai transcorrer un periodo aproximado de un ano, no que o Concello vai seguir precisando o servizo de radiocomunicacións, imprescindible para a eficaz prestación dos servizos de seguridade e Extinción de Incendios.*

*Non en tanto a prestación durante este periodo de tránsito carece de mercado, é claramente un obxeto contractual residual. A forte inversión que requiere a infraestructura de comunicacións fai absolutamente inviable para calquer empresa distinta da última adxudicataria- TAELPO, por ser a titular da rede e das infraestructuras- o contrato por alo menos seis anos, sempre en termos de economía e eficiencia do gasto para o Concello. Ademáis a adxudicación a outra empresa xeraría gastos adicionais de reprogramación dos actuais terminais ou compra doutros novos. Soamente a comercial TAELPO, adxudicataria dos contratos de radiocomunicacións dende 2001, como titular da infraestructura de comunicacións, está en disposición de ofrecer a prestación durante este tempo de tránsito ao servizo público, ao prezo da factura presentada, que foi o pagado durante o periodo da prórroga correspondente ao 2014. Calquera outra opción apartase notoria e intolerablemente dos principios de eficacia e eficiencia do gasto.*

*<u>Segundo</u>.- De conformidade co art. 20 da lei 47/2003, de 26 de novembro, Lei Xeral Orzamentaria, as obrigas da Facenda Pública nacen da Lei, dos negocios xurídicos e dos actos ou feitos que segundo dereito as xeneren. A estos derradeiros pertenece a institución do enriquecemento sin causa, principio xeral do Dereito recoñecido pola doutrina e xurisprudencia e, como tal, fonte de obrigas.*

*<u>Terceiro</u>.- A factura responde aos requisitos establecidos na Base 19ª das de execución do orzamento vixente. E o servizo prestado aparece como recepcionado e conforme, autorizado por funcionario competente (Base 18ª).*

*En canto ao importe da factura, de 22.931,70 € (IVE engadido), responde a estimacions de mercado e as propias previsions do contrato extinguido ante a eventualidade da súa prórroga (apartado 9º das follas de cárácterísticas do contrato: variación experimentada polo IPC nacional no período que medie entre a data de revisión e a de apertura de proposicións económicas).*

*Na memoria manifestase a existencia de crédito adecuado e suficiente na partida 1320.208.0000 (aluguer da recepción trunking). Asimesmo, xustificase a posibilidade de imputar o gasto ao crédito orzamentario corriente, sen riscos previstos ou previsibles derivados da xestión ordinaria do servizo.*

*O expediente incorporouse tamén unha declaración do representante legal da mercantil, relativa ao resarcemento da deuda e renuncia o exercicio de accions xudiciais ou administrativas en función da aprobación do acto de recoñecemento da indemnización sustitutiva obxecto do expediente.*

*En todo o demáis axustase a Instrución nº. 1/00 da Intervención Xeral sobre recoñecemento extrajudicial de créditos.*

*Cuarto.- O servizo de radiocomunicacións resulta absolutamente imprescindible para a efectiva prestación dos servizos de Policía Local e prevención e Extinción de Incendios; ambas materias constitúen competencias propias dos Municipios, exercitables nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, de conformidade co art. 25.2, f) e 26.1,c) en relación co art. 7.2 e concordantes da Lei 7/1985, na nova redacción dada pola Lei 27/2013, 27 diciembre, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local .*

*Resultan de especial relevancia pois a Lei 2/1986, 13 de marzo, de Forzas e Corpos de Seguridade; a Lei 4/2007, de 20 de abril, de Coordinación de Policías Locais; a Lei 5/2007, de 7 de maio, de emerxencias de Galicia.*

*Quinto.- A competencia para resolver o expediente corresponde á Xunta de Goberno local, de conformidade co previsto no art. 127 da Lei 7/1985, e o 60.2 do RD 500/1990, de 20 de abril.*

*En mérito de canto antecede, e previo informe da Intervención xeral, o funcionario que suscribe ven en propoñer ao concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade que se eleve á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO*

*1º.- Aprobar a favor da mercantil TAELPO, S. COOP., con C.I.F. F-36.049.543, unha indemnización sustitutiva ( convalidación ) por importe de 22.931,70 € (IVE engadido) pola prestación efectiva do servizo de radiocomunicacions para os Corpos de Policía Local e Prevención e Extinción de Incendios correspondente ao período de decembro (2014), xaneiro e febreiro de 2015, segundo factura Nº. TR80021/15, aos efectos de evitar un enriquecimento inxusto do concello de Vigo en función da efectiva e satisfactoria prestación do citado servizo e a falta de cobertura contractual do mesmo.*

*2º.- Recoñecer, en consecuencia, o dereito da citada mercantil a percibir a cantidade aprobada, con cargo á aplicación orzamentaria 1320.2080000 (aluguer da recepción trunking).*

Acordo
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**26(410).- AXUDAS ESPECIAIS FAS (FONDO DE ACCIÓN SOCIAL) MARZO 2015. EXPTE. 26448/220.**

Visto o informe de fiscalización do 24.03.15, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 23.03.15, conformado polo concelleiro delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

*Con data 18/03/2015, a Comisión Xestora do Fondo de Acción Social, remitiu a este Servizo de Recursos Humanos acordo adoptado pola mesma en sesión do 27/01/2015, relativo á concesión de axudas especiais aos seguintes empregados municipais tal como se reflicte en dita acta por un importe de 4,588,00 € :*

| NOME | DNI | Nº Persoal | Euros |
|---|---|---|---|
| CALVAR RIOS, MOISES | 36142373 | 79383 | 93,00 € |
| EIRAS FERNÁNDEZ, MERCEDES | 36094555 | 21835 | 780,00 € |
| JORGE GARCÍA, JAVIER | 36112727 | 21634 | 393,00 € |
| GONZALEZ RODRIGUEZ, MIGUEL JOSE | 36036153 | 14835 | 673,00 € |
| GUENAGA CANO, JUAN | 36001378 | 12606 | 510,00 € |
| MARIÑO VILLANUEVA, JULIA | 36045806 | 22361 | 1.795,00 € |
| PEREZ GIL, JAVIER | 36095799 | 23567 | 344,00 € |
| TOTAL | | | 4.588,00 € |

*FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA*

*I.- Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015.*

*II.- Artigos 29, 30 e 31 do Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo.*

*III.- Bases de Execución do Orzamento Municipal do Concello de Vigo para o exercicio económico 2015 -prorrogado-.*

*IV.- Artigo 219 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais. Imputación do gasto: clasificación económica 22101620400-Fondo Social dos orzamentos municipais (prorrogado) para o ano 2015.*

*V.- O Regulamento rector do Fondo de Acción Social (FAS) establece no seu artigo 5 as funcións e competencias da Comisión Xestora do Fondo de Acción Social (CXFAS) preceptuando que corresponde á mesma:*

*1.- Elaboración e proposta de aprobación ao órgano competente das bases reguladoras das convocatorias ordinarias e extraordinarias do Fondo de Acción Social.*

*2.- Elaboración e proposta de aprobación ao órgano competente das convocatorias concretas, de carácter ordinario ou extraordinario, susceptibles de ser aprobadas dentro de cada exercicio orzamentario.*

*3.- Recepción, estudio e avaliación das solicitudes de axudas presentadas, con formulación da proposta de outorgamento individualizado ao órgano municipal competente.*

*4.- Arquivo e custodia da documentación presentada polos solicitantes na sede física correspondente, garantindo a posta a disposición da mesma aos órganos responsables da fiscalización e control orzamentario e contable, así como da Corporación Municipal e do persoal municipal, ostentando a titularidade dos ficheiros de datos sometidos á Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e normativa de concordante aplicación.*
*5.- Elaboración de memoria anual relativa á actividade da propia Comisión e á xestión administrativa e orzamentaria do Fondo de Acción Social (FAS) aos efectos de dar conta do mesmo ao*

órgano municipal competente para a xestión do persoal municipal, garantindo a súa difusión entre o persoal municipal.

6.- Elevación ao órgano municipal competente para a xestión do persoal municipal de propostas de mellora, reordenación ou reorganización dos diferentes programas e actuacións contidos no presente regulamente, dirixidas á mellora das condicións sociais dos efectivos públicos municipais.

7.- Planificación, calendarización e desenvolvemento efectivo das actuacións necesarias para a execución dos programas do FAS, coa obriga de manter permanentemente informados de tal extremo ao órgano municipal competente e ao persoal municipal.

8.- En xeral, calquera outra función que se precise para un mellor cumprimento dos obxectivos relacionados coa xestión do Fondo de Acción Social (FAS) tendentes á mellora das condicións sociais do persoal municipal.

VI.- Artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en canto ao réxime de atribución competencial da Xunta de Goberno Local.

En consecuencia, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral se emita nos termos do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

"Único.- Aprobar as axudas especiais propostas pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social do Concello de Vigo en acordo de 27/01/2015 por un importe total de 4.588,00 € (CUATRO MIL QUINIENTOS OITENTA E OITO EUROS), acordando en consecuencia que se proceda ao pagamento con cargo á clasificación orzamentaria 22101620400-Fondo Social aos seguintes empregados públicos municipais que se indica co importe que se especifica:

| NOME | DNI | Nº Persoal | Euros |
|---|---|---|---|
| CALVAR RIOS, MOISES | 36142373 | 79383 | 93,00 € |
| EIRAS FERNÁNDEZ, MERCEDES | 36094555 | 21835 | 780,00 € |
| JORGE GARCÍA, JAVIER | 36112727 | 21634 | 393,00 € |
| GONZALEZ RODRIGUEZ, MIGUEL JOSE | 36036153 | 14835 | 673,00 € |
| GUENAGA CANO, JUAN | 36001378 | 12606 | 510,00 € |
| MARIÑO VILLANUEVA, JULIA | 36045806 | 22361 | 1.795,00 € |
| PEREZ GIL, JAVIER | 36095799 | 23567 | 344,00 € |
| TOTAL | | | 4.588,00 € |

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Acordo
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**27(411).- RECTIFICACIÓN DE ERRO NO EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO NÚM.: 26253/220 DE COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DAS BRIGADAS DE PAVIMENTACION DO PERSOAL DO PARQUE MÓBIL, CORRESPONDENTES AO MES DE XANEIRO 2015. EXPTE. 26471/220.**

Dáse conta do informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, do 27.03.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 27/02/2015, acordou recoñecer e aboar ao persoal do servizo do Parque Móbil as cantidades que figuran para cada un deles por un total de 61,38 €, de complemento de productividade por toxicidade do persoal das Brigadas de Pavimentación do Parque Móbil, correspondente ao mes de Xaneiro de 2015.*

*En dito acordo, na relación dos empregados que deben percibir dito complemento de productividade, por un erro mecanográfico no informe-proposta deste servizo de Recursos Humanos, a cantidade coa que figura o empregado don Fernando C. Andujar Picáns non é a correcta, xa que debería figurar 44,64 € e non a cantidade de 39,06 €.*

*De conformidade co disposto no artigo 105.2 da vixente Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, ben de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.*
*Vistas as competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:*

*"Primeiro.- Rectificar, ao abeiro do artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, o erro mecanográfico detectado no informe-proposta do servizo de Recursos Humanos, de data de 17 de febreiro de 2015, e consecuentemente o acordo da Xunta de Goberno Local de data 27/02/2015 (Expte. 26253/220-Complemento de Productividade por toxicidade ao persoal das Brigadas de Pavimentación do persoal do Parque Móbil correspondentes ao mes de Xaneiro-2015), polo que se aprobou dita productividade por unha cantidade total de 61,38 €, e que deberá figurar segundo se especifica:*

| *Nº Persoal* | *Apelidos e nome* | *Importes* |
|---|---|---|
| *15881* | *Alonso Iglesias, Manuel* | *5,58 €* |
| *15496* | *Andujar Picans, Fernando C.* | *44,64 €* |
| *16142* | *Martíns Fernández, Juan A.* | *11,16 €* |
| *TOTAIS.......................................................................................................* | | *61,38 €* |

*Segundo.- Notífíquese o presente acordo á Intervención Xeral Municipal aos efectos oportunos.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**28(412).- RECTIFICACIÓN DE ERRO NO EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO NÚM.: 26250/220 DE COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE DESINFECCIÓN CORRESPONDENTE AO MES DE XANEIRO 2015. EXPTE. 26470/220.**

Dáse conta do informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, do 27.03.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 27/02/2015, acordou recoñecer e aboar ao persoal do servizo de Desinfección as cantidades que figuran para cada un deles por un total de 464,40 €, de complemento de productividade por toxicidade correspondente ao mes de Xaneiro de 2015.*

*En dito acordo, na relación dos empregados que deben percibir dito complemento de productividade, por un erro mecanográfico no informe-proposta deste servizo de Recursos Humanos, as cantidades que figuran son erróneas.*

*De conformidade co disposto no artigo 105.2 da vixente Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, ben de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.*

*Vistas as competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:*

*"Primeiro.- Rectificar, ao abeiro do artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, o erro mecanográfico detectado no informe-proposta do servizo de Recursos Humanos, de data de 18 de febreiro de 2015, e consecuentemente o acordo da Xunta de Goberno Local de data 27/02/2015 (Expte. 26250/220- Complemento de Productividade por toxicidade do persoal do servizo de Desinfección correspondente ao mes de Xaneiro-2015), polo que se aprobou o aboamento de dita productividade por unha cantidade total de 464,40 €, e que deberá figurar segundo se especifica:*

| N.P. | Nome | Importe |
|---|---|---|
| 16350 | Seijas Álvarez, José Ramón | 116,10 € |
| 09722 | Pardellas Avion, A Avelino | 122,21 € |
| 22790 | Sousa Atrio, Jose Manuel | 122,21 € |
| 81369 | Seijas Fernández; Alberto | 103,88 € |
| TOTAL............................................................................................................ | | 464,40 € |

*Segundo.- Notífíquese o presente acordo á Intervención Xeral Municipal aos efectos oportunos.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**29(413).- DAR CONTA Á X.G.L. DAS SEGUINTES RESOLUCIÓNS:**

A) AUTORIZACIÓN DE HORAS DO SERVIZO DE SEGURIDADE E MOBILIDADE. EXPTE. 26449/220.
Dáse conta do informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 27.03.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, que di o seguinte:

*ANTECEDENTES*

*1.- En data 11/03/2015 foi recibida solicitude de autorización de realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral para o servizo de Seguridade e Mobilidade, asinada polo xefe da Área e conformada polo/a Sr/Sra Concelleiro/a delegado/a da Área, a fin de ser realizadas por parte dos empregados municipais seguintes:*

| *Posto* | *Servizo* | *NP* | *Nome* |
|---|---|---|---|
| *Inspector* | *Seguridade e Mobilidade* | *13652* | *García Alfonso, Juan Jesús* |
| *Oficial* | *Seguridade e Mobilidade* | *15303* | *Roca Dafonte, José Manuel* |
| *Oficial* | *Seguridade e Mobilidade* | *15480* | *Bacelos González, José* |

*A medio de escrito de data 02/03/2015 (doc. nº 150024640), D. Rubén Corral Moldez, con DNI nº 36.135.072-W e nº persoal 79377, policía local, adscrito ao Servizo da Policía Local, solicita se lle conceda unha reducción de xornada de un tercio por motivos de conciliación familiar, coa correspondente diminución proporcional do seu salario, dende o 1 de abril de 2015.*

*O Art. 48.h) da Lei 7/2007, de 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público, establece que por razóns de garda legal, cando o funcionario teña o coidado directo dalgún menor de doce anos, de persoa maior que requira especial dedicación, ou dunha persoa con discapacidade que non desenvolva actividade retribuída, terá dereito á redución da súa xornada de traballo, coa diminución das súas retribucións que corresponda.*

*Con data 18/03/2015 pola xefatura do Servizo da Policía Local infórmase favorablemente dita petición.*

*Vistas as competencias recollidas no artigo 127.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e que en canto á xefatura directa e inmediata do persoal*

*municipal ostenta o Sr. concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decreto de 8 de febreiro de 2013, sométese a súa consideración, a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:*

*"Único.- Autorizar a D. Rubén Corral Moldes, con DNI nº 36.135.072-W e nº persoal 79377, policía local, adscrito ao Servizo da Policía Local unha reducción de xornada de un tercio (160 minutos) coa correspondente reducción de retribucións de conformidade co previsto no art. 48.h) da Lei 7/2007, do Estatuto Básico do Empregado Público, 1 de abril de 2015.*

*A presente resolución notifíquese ó interesado, Xefatura da Policía Local, Intervención Xeral, Recursos Humanos (técnico de organización e planificación de RR.HH, Inspector Auxiliar de Persoal e Negociado de Seguridade Social) e dese conta á Xunta de Goberno Local."*

*Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.*

O concelleiro delegado da Área de Xestión municipal, con data 26.03.15, resolve de conformidade coa proposta contida no precedente informe.

Acordo
A Xunta de Goberno local queda informada.

I) PRÓRROGA DE COMISIÓN DE SERVIZOS DO CONCELLO DE GUITIRIZ EN RELACIÓ A D. JOSÉ IGOR SOUTO LÓPEZ. EXPTE. 26433/220.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 25.03.15, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Vista a petición formulada polo Concello de Guitiriz en escrito de data 13/03/2011 (documento administrativo nº 150030722) solicitando formalmente ao Concello de Vigo a prórroga da Comisión de Servizos informada favorablemente por este Concello por resolución de data 15/05/2014.

Solicitado informe á Xefatura do Corpo da Policía Local, en data 24/03/2015 informase favorablemente dita Comisión.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

**I.-** Dada a ausencia de regulación específica en relación aos procedementos de autorización de comisión de servizos nos corpos de Policía Local pola Lei 4/2007, do 20 de abril, de Coordinación das Policías Locais de galicia, e polo regulamento de desenvolvemento; toda vez que se trata dun sistema de provisión de postos de traballo contemplado na lexislación básica encadrada no Dereito do Emprego Público; e dende a óptica do establecido na Disposición Final Cuarta da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, efectúase unha remisión normativa ao disposto no artigo 64 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, do Regula-

mento Xeral de Ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional –de aplicación supletoria ao persoal ao servizo da Administración Local-, que establece o réxime das comisións de servizo.

En concreto, o artigo 64 da norma invocada contempla expresamente que:

*"1. Cuando un puesto de trabajo quede vacante podrá ser cubierto, en caso de urgente e inaplazable necesidad, en comisión de servicios de carácter voluntario, con un funcionario que reúna los requisitos establecidos para su desempeño en la relación de puestos de trabajo.*

*2. Podrán acordarse también comisiones de servicios de carácter forzoso, cuando, celebrado concurso para la provisión de una vacante, ésta se declare desierta y sea urgente para el servicio su provisión podrá destinarse con carácter forzoso al funcionario que preste servicios en el mismo Departamento, incluidos sus Organismos autónomos, o Entidad Gestora de la Seguridad Social, en el municipio más próximo o con mejores facilidades de desplazamiento y que tenga menores cargas familiares y, en igualdad de condiciones, al de menor antigüedad.*

*3. Las citadas comisiones de servicios tendrán una duración máxima de un año prorrogable por otro en caso de no haberse cubierto el puesto con carácter definitivo y se acordarán por los órganos siguientes:*

*a) La Secretaría de Estado para la Administración Pública, cuando la comisión suponga cambio de Departamento ministerial y se efectúe en el ámbito de los servicios centrales, o en el de los servicios periféricos si se produce fuera del ámbito territorial de una Comunidad Autónoma y, en ambos casos, previo informe del Departamento de procedencia.*
*b) Los Subsecretarios, en el ámbito de su correspondiente Departamento ministerial, así como entre el Departamento y sus Organismos autónomos y, en su caso, Entidades Gestoras.*
*c) Los Presidentes o Directores de los Organismos autónomos y de las Entidades Gestoras y Servicios Comunes de la Seguridad Social, respecto de los funcionarios destinados en ellos.*
*d) Los Delegados del Gobierno y Gobernadores civiles, en el ámbito de sus respectivas competencias, cuando se produzcan entre servicios de distintos Departamentos, previo informe del Departamento de procedencia.*

*4. Si la comisión no implica cambio de residencia del funcionario, el cese y la toma de posesión deberán producirse en el plazo de tres días desde la notificación del acuerdo de comisión de servicios; si implica cambio de residencia, el plazo será de ocho días en las comisiones de carácter voluntario y de treinta en las de carácter forzoso.*

*5. El puesto de trabajo cubierto temporalmente, de conformidad con lo dispuesto en los apartados 1 y 2 del presente artículo, será incluido, en su caso, en la siguiente convocatoria de provisión por el sistema que corresponda.*

*6. A los funcionarios en comisión de servicios se les reservará el puesto de trabajo y percibirán la totalidad de sus retribuciones con cargo a los créditos incluidos en los programas en que figuren dotados los puestos de trabajo que realmente desempeñan."*

II.- En consecuencia, e toda vez que se manteñen as condicións para a prórroga da comisión de servizos do efectivo interesado D. José Igor Souto López e concorrendo informe favorable da xefatura do Corpo, procede informar favorablemente a solicitude indicada.

III.- No uso das competencias que a lexislación vixente en materia de réxime local atribúe á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, preceptuadas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei

27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, e que en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal e dos efectivos do Corpo da Policía Local ostenta o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal por delegación efectuada en Decreto de 29.07.14 e acordo da Xunta de Goberno local de 30.07.14, pola presente elévase ao mesmo a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

"PRIMEIRO.- "Informar favorablemente a prórroga de comisión de servizos solicitada polo Concello de Guitiriz en escrito de data 13/03/2015 (documento administrativo nº 150021744) para a prestación de servizos por parte do funcionario de carreira municipal D. José Igor Souto López, con praza de policía local, en atención ao informe favorable emitido pola Xefatura do Corpo da Policía Local en data 24/03/15 e ao informe-proposta que antecede, e coas especificacións e nos termos e condicións que de seguido se relacionan:

- A duración máxima da presente prórroga será de 1 ano, que finaliza o 2 de xuño de 2016.

SEGUNDO.- Notificar a presente resolución ao Concello de Guitiriz, Xefatura do Corpo da Policía Local e Xefatura da Área de Réxime Interior aos efectos oportunos.

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

O concelleiro delegado da Área de Xestión municipal, con data 26.03.15, resolve de conformidade coa proposta contida no precedente informe.

Acordo
A Xunta de Goberno local queda informada.

K) DECLARACIÓN DA XUBILACIÓN OBRIGATORIA DA EMPREGADA PÚBLICA MUNICIPAL DNA. ROSARIO FERNÁNDEZ IGLESIAS, CON EFECTOS DE 09/04/2015. EXPTE. 26454/220.

Dáse conta do informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interior, do 19.03.15, que di o seguinte:

*ANTECEDENTES*

*1.- Consultados os datos obrantes no Servizo de Recursos Humanos en relación a Dª. ROSARIO FERNANDEZ IGLESIAS, con DNI 35992291-M, resultan os datos seguintes:*

*Vínculo xurídico: funcionario de carreira.*
*Nº de persoal: 6965*
*Data de nacemento: 09/04/1950.*
*Praza: Administrativo, subgrupo C1 de titulación.*
*Posto de traballo: Xefa de Negociado de Cemiterios, código 177, adscrita ao Servizo de Cemiterios.*

*Incidencias relativas á cotización: grupo de tarifa 03, tendo a data de xubilación 47 anos, 6 meses e 23 días de cotización (17.370 días aprox.) de cotización.*

*2.- Verificado polo Negociado de Seguridade Social o cumprimento dos requisitos legalmente establecidos para a xubilación no servizo activo, e á vista da vida laboral aportada pola traballadora, procede propoñer a declaración da xubilación obrigatoria do efectivo indicado, sendo a data de efectos da mesma o 09/04/2015.*

## *FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA*

*I.-A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) establece no seu artigo 67, apartado 1, letra b) que a xubilación dos funcionarios públicos poderá ser “Forzosa, ao cumplir a idade legalmente establecida”, Asímesmo, no seu apartado 3, establece que “A xubilación forzosa se declarará de oficio ao cumplir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade. Nembargantes, nos términos das leis de Función Pública que se dicten en desenrolo deste Estatuto, poderase solicitar a prolongación da permanencia no servizo activo como máximo hasta que se cumpla setenta anos de idade. A administración Pública competente deberá de resolver de xeito motivado a aceptación ou denegación da prolongación”, en concordancia co establecido no art. 160 e seguintes do Real decreto lexislativo 1/1994, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, constituindo o nacemento e a extinción do vínculo de servizo/laboral fixo materia de carácter básico para a totalidade dos empregados/as públicos.*

*II.- Real Decreto Lexislativo 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade presupuestaria e de fomento da competitividade, establece no seu art. 11 respecto da xubilación dos funcionarios públicos que con independencia da idade legal de xubilación forzosa establecida na Lei 7/2007, de 13 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público, será en todo caso a que prevean as normas reguladoras de réxime xeral da seguridade social; non obstante o artigo 67.3 da norma establece que “a xubilación forzosa declararase de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco (65) anos de idade. ”*

*III.- Asimesmo, a Lei 27/2011, de 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social, fixa a idade ordinaria de xubilación en términos de anos e meses durante un período transitorio que se extende ata o ano 2027, facendo depender dita idade do período de cotización expresado en anos e meses.*

*IV.- O vixente Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo, aprobado en data 28/12/1989 e de aplicación ao persoal funcionario e laboral, contempla a homoxeneidade de réxime xurídico en canto a dereitos e obrigas do persoal municipal funcionario e laboral, establecendo a idade legal de xubilación para ambos colectivos no seu artigo 33 (que debe contextualizarse no marco legal vixente).*

*V.- A competencia para a declaración das situacións administrativas do persoal municipal e xubilación do mesmo reside no Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos do establecido no Acordo da Xunta de Goberno Local de 30/07/2014, de delegación de competencias e estructura das áreas e servizos (apartado Segundo, b), 4) e con carácter xeral deriva do previsto no artigo 127.1.h) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local.*

*V.- Vistos os fundamentos xurídicos que anteceden, motivación e réxime competencial exposto, formúlase ao órgano competente a seguinte proposta de RESOLUCIÓN:*

*“Primeiro.- Declarar a xubilación obrigatoria da funcionaria de carreira Dª Rosario Fernández Iglesias, con nº de persoal 6965, na praza de Administrativo, consonte ao informe-proposta que antecede, con data de efectos 09/04/2015.*

*Segundo.- Notifíquese a presente resolución ao interesado, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefe/a do Servizo correspondente, Intervención Xeral Municipal, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización) aos efectos oportunos, dando conta á Xunta de Goberno Local para coñecemento e efectos.”*

*Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.*

O concelleiro delegado da Área de Xestión municipal, con data 26.03.15, resolve de conformidade coa proposta contida no precedente informe.

Acordo
A Xunta de Goberno local queda informada.

L) DECLARACIÓN DA XUBILACIÓN OBRIGATORIA DO EMPREGADO PÚBLICO MUNICIPAL D. FERNANDO FERNÁNDEZ PÉREZ, CON EFECTOS DE 22/04/2015. EXPTE. 26455/220.
Dáse conta do informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interior, do 19.03.15, que di o seguinte:

*ANTECEDENTES*

*1.- Consultados os datos obrantes no Servizo de Recursos Humanos en relación a D. Fernando Ferández Pérez, con DNI 36001900-T, resultan os datos seguintes:*

*Vínculo xurídico: funcionario de carreira.*
*Nº de persoal: 9952*
*Data de nacemento: 22/04/1950.*
*Praza: Oficial, subgrupo C2 de titulación.*
*Posto de traballo: Oficial báscula, código 262, adscrito ao Servizo de Limpeza.*
*Incidencias relativas á cotización: grupo de tarifa 08, tendo a data de xubilación 43 anos, 3 meses e 12 días de cotización (15.805 días aprox.) de cotización.*

*2.- Verificado polo Negociado de Seguridade Social o cumprimento dos requisitos legalmente establecidos para a xubilación no servizo activo, e á vista da vida laboral aportada polo traballador, procede propoñer a declaración da xubilación obrigatoria do efectivo indicado, sendo a data de efectos da mesma o 22/04/2015.*

*FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA*

*I.-A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) establece no seu artigo 67, apartado 1, letra b) que a xubilación dos funcionarios públicos poderá ser “Forzo-*

*sa, ao cumplir a idade legalmente establecida", Asímesmo, no seu apartado 3, establece que "A xubilación forzosa se declarará de oficio ao cumplir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade. Nembargantes, nos términos das leis de Función Pública que se dicten en desenrolo deste Estatuto, poderase solicitar a prolongación da permanencia no servizo activo como máximo hasta que se cumpla setenta anos de idade. A administración Pública competente deberá de resolver de xeito motivado a aceptación ou denegación da prolongación", en concordancia co establecido no art. 160 e seguintes do Real decreto lexislativo 1/1994, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, constituindo o nacemento e a extinción do vínculo de servizo/laboral fixo materia de carácter básico para a totalidade dos empregados/as públicos.*

*II.- Real Decreto Lexislativo 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade presupuestaria e de fomento da competitividade, establece no seu art. 11 respecto da xubilación dos funcionarios públicos que con independencia da idade legal de xubilación forzosa establecida na Lei 7/2007, de 13 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público, será en todo caso a que prevean as normas reguladoras de réxime xeral da seguridade social; non obstante o artigo 67.3 da norma establece que "a xubilación forzosa declararase de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco (65) anos de idade. "*

*III.- Asimesmo, a Lei 27/2011, de 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social, fixa a idade ordinaria de xubilación en términos de anos e meses durante un período transitorio que se extende ata o ano 2027, facendo depender dita idade do período de cotización expresado en anos e meses.*

*IV.- O vixente Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo, aprobado en data 28/12/1989 e de aplicación ao persoal funcionario e laboral, contempla a homoxeneidade de réxime xurídico en canto a dereitos e obrigas do persoal municipal funcionario e laboral, establecendo a idade legal de xubilación para ambos colectivos no seu artigo 33 (que debe contextualizarse no marco legal vixente).*

*V.- A competencia para a declaración das situacións administrativas do persoal municipal e xubilación do mesmo reside no Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos do establecido no Acordo da Xunta de Goberno Local de 30/07/2014, de delegación de competencias e estructura das áreas e servizos (apartado Segundo, b), 4) e con carácter xeral deriva do previsto no artigo 127.1.h) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local.*

*V.- Vistos os fundamentos xurídicos que anteceden, motivación e réxime competencial exposto, formúlase ao órgano competente a seguinte proposta de RESOLUCIÓN:*

*"Primeiro.- Declarar a xubilación obrigatoria do funcionario de carreira D. Fernando Fernández Pérez, con nº de persoal 9952, na praza de Oficial, consonte ao informe-proposta que antecede, con data de efectos 22/04/2015.*
*Segundo.- Notifíquese a presente resolución ao interesado, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefe/a do Servizo correspondente, Intervención Xeral Municipal, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización) aos efectos oportunos, dando conta á Xunta de Goberno Local para coñecemento e efectos."*
*Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da*

*Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.*

O concelleiro delegado da Área de Xestión municipal, con data 26.03.15, resolve de conformidade coa proposta contida no precedente informe.

Acordo
A Xunta de Goberno local queda informada.

**30(414).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 22.821,06 A FAVOR DE INTERPARKING HISPANIA S.A. POLOS SERVIZOS DE APOIO A XESTIÓN DO APARCAMENTO SITO NO SUBSOLO DA PRAZA DE PORTUGAL-FEBREIRO 2015. EXPTE. 625/449.**

Visto o informe de fiscalización do 24.03.15, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, do 19.03.15, conformado polo xefe daÁrea de Fomento e o concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

*En base ao disposto no Decreto de Delegación de competencias ditado pola Alcaldía na data 7 de febreiro de 2013, inclúense competencias en materia de aparcamentos públicos na Area de Fomento e en concreto no servizo de transportes, polo que remítense a este servizo as facturas presentadas por Interparking Hispania SA polos servizos de apoio a xestión do aparcamento sito no subsolo da praza de Portugal. Ditas facturas así como o expediente que orixina as mesmas, con anterioridade eran xestionadas na Area de mobilidade, transportes e seguridade .*

*ANTECEDENTES : Consultados os antecedentes obrantes nos servizos municipais comprobase o seguinte :*

*Ante a finalización da concesión para a xestión do parking sito no subsolo da Praza de Portugal o 4 de maio de 2011, o Pleno do Concello de Vigo, na sesión ordinaria do 21 de marzo de 2011 (exp. nº 79773/210), acordou aprobar a xestión directa pola propia entidade local como forma de xestión provisional do servizo público ata tanto non se rematase a tramitación do expediente administrativo nº 78889/210 e se adxudicase a xestión do servizo a un novo concesionario xestionándose deste xeito o servizo por xestión indirecta.*

*Con data 04 de maio de 2011, o Concelleiro Delegado de Mobilidade asinou un contrato menor de servizos a prol de "INTERPARKING HISPANIA, S.A". En virtude deste contrato (Exp. nº 80201/210/2011), cunha duración de catro meses máximo, dita entidade mercantil prestaría o servizo consistente na realización de actuacións de apoio ao funcionamento ordinario do aparcamento sito na Praza de Portugal . O destinatario das prestacións neste contrato era a propia Administración Municipal, sendo esta quen debía retribuír mensualmente ao contratista polos servizos prestados, con cargo á partida orzamentaria 1330 2270605 por un importe mensual de 5.309,70 € ( ive engadido ) Asemade, a cláusula 3ª do contrato menor de servizos establecía que "INTERPARKING HISPANIA, S.A" asumiría provisionalmente o pagamento dos gastos de funcionamento do aparcamento (ex. auga, luz ...), xirando inmediatamente dita*

*facturación ao Concello para o seu reembolso. Dito contrato menor, que finalizou o 04 de setembro de 2011, asinábase ao amparo do establecido no art. 10 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.*

*En data 04 de setembro de 2011, o Sr. Concelleiro Delegado de Mobilidade asina una Instrución autorizando á mercantil "INTERPARKING HISPANIA, S.A" a continuar prestando o servizo nas mesmas condicións que o viña realizando anteriormente, e manifesta que ditos servizos retribuiríanse a través dunha indemnización substitutiva ao abeiro do previsto na base 28ª das de execución do orzamento municipal. Asemade, consta Orde de Servizo impartida polo Concelleiro Delegado en data 04.03.2012 autorizando á mercantil a continuar prestando os servizos nas mesmas condicións que o ven realizando ata tanto non se adxudique o servizo público referido.*

*O expediente de adxudicación da xestión do parking estaba pendente dun informe da Xunta Consultiva de Contratación solicitado na data 7 de maio de 2013 non obstante ante o transcurso do prazo razoable para a emisión do mesmo, iniciouse un novo expediente para a adxudicación da xestión do servizo publico con numero 429/449 en tramite na actualidade, polo que INTERPARKING HISPANIA, S.A" ven achegando mensualmente a facturación polos servizos que está a prestar sen cobertura contractual. De non tramitar esta facturación, con arreglo á base 28ª das de execución do orzamento mediante indemnización substitutiva, produciríase un enriquecemento inxusto para esta Administración, posto que "INTERPARKING HISPANIA, S.A" ven prestando os servizos en base á Orde de Servizo impartida polo Concelleiro Delegado en data 04.03.2012.*

*A FACTURACION e a seguinte :*

*FEBREIRO 2015*

| *Concepto* | *Nº factura* | *Importe* | *Data entrada* | *Nº Documento* |
|---|---|---|---|---|
| *Funcionamento Ordinario Parking* | *FE5015000004* | *5.445,00 €* | *12/03/15* | *150019994* |
| *Refacturación gastos mantemento/xestión parking* | *FE5015000003* | *17.376,38 €* | *12/03/15* | *150029993* |

*Con data 17 DE MARZO DE 2015 , doc. nº 150032087 Doña Virginia Pascual Rodríguez actuando en representación de "Interparking Hispania, S.A", presenta escrito no rexistro xeral do Concello de Vigo no que, entre outros aspectos, declara como ingresos do aparcamento relativos ao mes de FEBREIRO 2015 un total 40.147,55 € (ive engadido) e solicita no devandito documento que se teña por compensada a cantidade de 22.821,38 € (funcionamento ordinario parking FEBREIRO 2015: 5.445 € + refacturación gastos mantemento parking FEBREIRO 2015 : 17.376,38 €).*

*Realízanse axustes por importe de +14.538,79 € que se explican no documento de data que se adxunta o expediente polo que a cantidade que ingresan e 31.865,28 € en vez dos 17.326,49 € que procedería ingresar ( doc. 150006435 nº 3 )*

*Segundo consta na certificación asinada polo Tesoureiro Municipal, "Inteparking Hispania S.A", con NIF A60526928 fixo efectivo, mediante transferencia bancaria, o seguinte ingreso en concepto de "recadación aparcamento Praza de Portugal :*

| *MES* | *IMPORTE* | *DATA DE INGRESO* |
|---|---|---|
| *FEBREIRO* | *31.865,28 €* | *11 DE MARZO DE 2015* |

*A variación do importe do funcionamento ordinario do parking do prezo que figura no contrato menor de servizos ( 5.309,70 € ) ata (5.445 € ) e debido a variación do IVE no mes de setembro de 2012 .*

*As facturas presentadas foron conformadas pola Xefatura da Área de Fomento e a Xefatura do servizo de transportes . Considerase que unha vez finalice o servizo deberá efectuarse a regularización da totalidade da facturación .*

*Con relación ás solicitudes presentadas pola empresa Interparking Hispania S.A relativas a aplicación da compensación debe considerarse o informe emitido polo Tesoureiro Municipal en data 20/03/2012 con relación á solicitude presentada pola empresa o 13/03/2012 (doc. Nº 120028854), compensación que se ven efectuando dende a data :*

> *O Tesoureiro informa que "para que proceda o instituto da compensación, resulta necesaria a concorrencia dun requisito ineludible, como é que a persoa ou entidade debedora sexa ó mesmo tempo acredora por créditos recoñecidos por acto administrativo ó seu favor. Informa o Tesoureiro Municipal que non existe crédito recoñecido algún a favor da entidade debedora que se atope pendente de aboamento (fases "O" de recoñecemento da obriga ou "P" de ordenación do pagamento), polo que procedería a denegación da compensación presentada."*
> *Non obstante, o Tesoureiro informa que: "(...) non podemos olvidar que, como recorda o Tribunal Económico Administrativo Central ... non parece lóxico, nin acorde cos principios constitucionais de eficacia e os legais de eficiencia e servizo aos cidadáns, denegar unha solicitude de compensación para a que se daban todos os requisitos legais ou, senón se daban, era por un retraso imputable á propia Administración que, en tal caso, debería resolver o procedente sobre o crédito e, acto seguido, sobre a compensación instada. Como consecuencia do exposto con anterioridade, pode resultar procedente a concesión da compensación dun crédito que no momento da solicitude non se atopa recoñecido por non existir un acto administrativo expreso de recoñecemento, como podería ser o caso que nos ocupa. Esta posibilidade aparece máis clara dende a entrada en vigor da nova Lei Xeral Tributaria na que se recoñece o carácter meramente declarativo do acordo de compensación, de forma que a extinción do crédito producirase no intre no que se cumpran os requisitos para débeda e crédito. Pola súa beira, os artigos 165 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 11 do Real Decreto 500/1990 consagran o principio do presuposto bruto dispoñendo a prohibición de atender obrigas de pago, mediante minoración dos dereitos a liquidar ou xa ingresados, polo que deberán aplicarse os dereitos e as obrigas aos orzamentos do Concello de Vigo polo seu importe íntegro (...)".*

> *O Tesoureiro Municipal conclúe no devandito informe manifestando que " (...) debe procederse a tramitar ou rexeitar as facturas presentadas pola mercantil INTERPARKING HISPANIA S.A, isto é, resolver a procedencia ou non do crédito derivado das facturas presentadas pola citada entidade que se atopan pendentes de tramitación polo servizo xestor correspondente, pois parece lóxico ... que previamente á resolución da solicitude de compensación deba resolverse o procedente sobre o crédito (...)".*

*Tendo en conta todo o ata aquí exposto, considerase que ao abeiro do previsto na Base 28ª das de execución do orzamento municipal , e coa finalidade de evitar un enriquecemento inxusto para a Administración municipal por haberse efectuado a favor de esta os servizos consignados na facturación achegada , procede aprobar a indemnización substitutiva a favor de INTERPARKING HISPANIA S.A polos servizos prestados de apoio a xestión do aparcamento sito no subsolo da Praza de Portugal e refacturación dos gastos do aparcamento previamente abonados pola empresa DURANTE O MES DE FEBREIRO DE 2015 por un importe total de 22.821,06 e con cargo a partida 1330.2279907 ( prestación de servizos parking praza de Portugal ) .*

*Polo exposto, sométese a aprobación da Xunta de Goberno Local, previa fiscalización favorable do Interventor Xeral, a seguinte PROPOSTA,*

*Aprobar a indemnización substitutiva e o recoñecemento da obrigación a favor de "INTERPARKING HISPANIA, S.A", con CIF 60526928-A, polos servizos prestados de apoio á xestión do aparcamento sito no subsolo da Praza de Portugal e refacturación dos gastos do aparcamento previamente abonados pola citade entidade mercantil, con cargo á partida 1330.2279907 (Prestación de servizos aparcamento Praza de Portugal), que se pagarán sen saída real de fondos, en formalización, polo importe total de 22.821,06 € ( ive engadido ) correspondente a :*

*FEBREIRO 2015 : importe 22.821,06 € ( funcionamento ordinario parking 5.445 € + refacturación gastos mantemento parking: 17.376,06 € )*

Acordo
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**31(415).- PROPOSTA PARA RECADAR POR VÍA DE CONSTRINXIMENTO RECIBOS POR SUBMINISTRACIÓN DE AUGA AO CONCELLO DE PORRIÑO (2012-2013). EXPTE. 26034/700.**

Dáse conta do informe-proposta do tesoureiro municipal, do 23.03.15, que di o seguinte:

*Pola Dirección de ingresos do Concello de Vigo, remítense a esta Tesourería expediente 26034/700 de liquidacións de taxas pola prestación dos servicios de subministración de auga a o Concello de Porriño, correspondentes aos anos 2012 e 2103, aprobadas pola Comisión de*

*Goberno, e que non foron ingresadas en periodo voluntario, coa finalidade de que se abra o proceso de vía de apremio.*

*Estes expedientes teñen a súa orixe na petición formulada pola empresa concesionaria do Servizo municipal de abastecemento e saneamento de auga para a apertura do citado proceso recadatorio.*

*As citadas liquidacións, cuxo importe total ascende a 217.487,29 €, segundo relación que achega correspondentes os periodos de facturación entre o 01.11.2012 e o 31/12/2013, non satisfeitas en periodo voluntario e aprobadas por decreto mensual do Ilmo. Sr. Alcalde.*

| | RECIBO | TITULAR | FIJO | PRINCIPAL |
|---|---|---|---|---|
| | | | | |
| Año-Tipo Ingreso | 2012 | O593 | | |
| | 800043244 | CONCELLO DE PORRIÑO | 102580 | 28.402,61 € |
| | | | | |
| Año-Tipo Ingreso | 2013 | O593 | | |
| | 800043240 | CONCELLO DE PORRIÑO | 102580 | 36.718,80 € |
| | 800043241 | CONCELLO DE PORRIÑO | 102580 | 29.832,08 € |
| | 800043237 | CONCELLO DE PORRIÑO | 102580 | 29.876,89 € |
| | 800043242 | CONCELLO DE PORRIÑO | 102580 | 29.385,03 € |
| | 800043239 | CONCELLO DE PORRIÑO | 102580 | 35.553,06 € |
| | 800043243 | CONCELLO DE PORRIÑO | 102580 | 27.718,82 € |
| | | | | |
| | | | Total | 217.487,29 € |

*Con data 10 de xuño de 2014, o Director da entidade concesionaria do Servizo municipal de abastecemento e saneamento de auga, Aqualia-FCC Vigo UTE emite, en cumprimento do establecido nas cláusulas 68 e 69 do prego de condicións económico-administrativas polas que se rexeu o concurso para o otorgamento da concesión, certificación na que se fai constar que unha vez rematado o periodo voluntario de cobranza das liquidacións a que se refire o presente expediente, resultaron impagadas as correspondentes cotas tributarias.*

*A cláusula 67 do prego de cláusulas económico-administrativas que rexeu o concurso para o outorgamento da concesión, prevé que "Transcorridos tres meses a contar dende a finalización do período voluntario de cobro, o Concesionario presentará ó Concello relación de impagados que resulte incobrable, ós efectos de que pola Administración Municipal se tramiten e aproben os correspondentes expedientes de constrinximento".*

*Pola súa beira, o artigo 167 da Lei xeral tributaria, dispón que o procedemento de constrinximento, iniciarase mediante providencia notificada ó obrigado tributario, que será titulo suficiente para*

*iniciar o citado procedemento e terá a mesma forza executiva que a sentencia xudicial para proceder contra os bens e dereitos dos obrigados tributarios.*

*E por isto que, en concordancia coa petición formulada pola entidade concesionaria ó Concello de Vigo, esta Tesourería, de conformidade co disposto no artigo 9.3 da Ordenanza Fiscal nº. 60 Reguladora das Taxas pola prestación de servicios de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais, propón a esa Xunta de Goberno Local, con carácter previo á apertura de expedientes de cobranza pola vía de constrinximento, a adopción do seguinte acordo:*

*Interesar da Tesourería Municipal do Concello de Vigo, tralas comprobacións e informes que estime oportuno recadar, se inicie e desenvolva o procedemento administrativo de constrinximento mediante providencia dictada polo Tesoureiro municipal e notificada o obrigado tributario, que permita a xestión de cobramento das cantidades adebedadas á entidade concesionaria, segundo consta nas certificacións de descuberto polo importe total de 217.487,29 €,en cunmprimento do establecido nas cláusulas 67 e seguintes do prego de condicións económico-administrativas que rexeu o concurso para o outorgamento da concesión e con arranxo ó procedemento regulado na Lei xeral tributaria e o Regulamento xeral de recadación.*

Acordo
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**32(416).- TOMA DE COÑECEMENTO DO PASE Á VÍA DE CONSTRINXIMENTO DE SANCIÓNS URBANÍSTICAS. EXPTE. 8115/407.**

Dáse conta do informe-proposta da técnica de Tesourería e Xestión de Ingresos, do 24.03.15, conformado pola xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

*Os ingresos polos distintos conceptos urbanísticos son liquidados, recadados e contabilizados polos servizos desta Xerencia Municipal de Urbanismo.*

*Durante o exercicio 2014 impuxéronse sancións polo incumprimento do deber de presentar o informe da Inspección técnica de edificios que non foron ingresadas no período voluntario de pagamento, polo que deben pasar á vía de constrinximento.*

*De conformidade coa base 48ª das de execución do vixente orzamento prorrogado do Concello de Vigo e a base 5ª das propias deste Organismo Autónomo "a recadación en vía de constrinximento dos ingresos da Xerencia farase utilizando os medios da Tesourería do Concello. A proposta do Xerente, o Tesoureiro dictará a correspondente providencia de apremio".*

*O Concello contabilizará extrapresupostariamente os ingresos por este concepto para o posterior traspaso á Xerencia Municipal de Urbanismo.*

*En consecuencia, proponse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:*

*Quedar enterada das seguintes sancións urbanísticas que se remiten ao Tesoureiro do Concello de Vigo para que dicte a correspondente providencia de apremio:*

| Expediente | Apelidos e nome | Importe | Data notif. | Fin volunt. |
|---|---|---|---|---|
| 7210/428 | CRUCES BAZ SERAFIN | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 7212/428 | LAGO RODRIGUEZ HERMOSINDA | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 7217/428 | LORENZO ALVAREZ ADELAIDA | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 7218/428 | GONZALEZ ISLA MANUEL | 80 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 7219/428 | BLANCO SUAREZ JOSE CARLOS | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 7221/428 | DIOCESIS DE TUI VIGO | 800 | 30/05/2014 | 05/07/14 |
| 7222/428 | BALLESTEROS CARRERA ANA MARIA | 400 | 12/05/2014 | 20/06/14 |
| 7225/428 | PEREZ ITALIANI RICARDO | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 7232/428 | TEIJEIRO RODRIGUEZ LUIS | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 7234/428 | TORRE ORVIZ MARIA | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 7236/428 | ALONSO ALONSO DOLORES | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 7239/428 | CENDON BARCIA JUAN CARLOS | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 7245/428 | COSTAS FERNANDEZ GUILLERMINA | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 7246/428 | VIUCONSA GESTION Y ARRENDAMIENTOS SL | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 7247/428 | RODRIGUEZ FERNANDEZ MANUEL | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 7250/428 | BAUFONT SL | 400 | 20/05/2014 | 05/07/14 |
| 7251/428 | HERRERA MONTALVO ANGEL | 80 | 26/03/2014 | 05/05/14 |
| 7255/428 | ALVAREZ MARTINEZ FRANCISCO RAFAEL | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 7256/428 | GONZALEZ ALVAREZ JULIO CESAR | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 7257/428 | PINO BOTANA JAIME | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 7258/428 | RIAL FERNANDEZ ANA MARIA | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 7260/428 | CASTAÑO VALEIRAS ENRIQUE | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 7261/428 | BLANCO QUINTAS JUAN | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 7265/428 | CAMPO PEREZ ENRIQUE | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 7266/428 | FERNANDEZ RODRIGUEZ FERNANDO | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 7269/428 | COMESAÑA LORENZO MARIA BERTA | 80 | 25/03/2014 | 05/05/14 |
| 7272/428 | CARRERA FERNANDEZ CONCEPCION | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 7276/428 | ALVAREZ VIDAL MARIA DOLORES | 400 | 06/05/2014 | 20/06/14 |
| 7281/428 | MADUEÑO QUINTANA ANTONIO | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 7283/428 | CARRERA MESIAS MARIA LUISA | 400 | 07/05/2014 | 20/06/14 |
| 7286/428 | FERREIRA PADIN EMILIO | 400 | 15/05/2014 | 20/06/14 |
| 7287/428 | ALVAREZ FERNANDEZ JOSE LUIS ALEJO | 400 | 09/01/2015 | 20/02/15 |
| 7291/428 | ANTON MUÑOZ FABIAN | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 7295/428 | COUSELO ALVELO MANUEL | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 7296/428 | ALONSO COSTAS BELARMINO | 80 | 16/04/2014 | 05/06/14 |
| 7297/428 | PROMOCIONES EIDOLAR SL | 400 | 16/05/2014 | 05/07/14 |
| 7301/428 | FERNANDEZ COUTO MARIA LUISA | 400 | 05/05/2014 | 20/06/14 |
| 7305/428 | COSTAS ALONSO JOSE JAVIER | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 7306/428 | PEROZO COMESAÑA VANESA LUISA | 400 | 08/08/2014 | 20/09/14 |
| 7308/428 | GARCIA ROMAN FRANCISCO | 400 | 05/05/2014 | 20/06/14 |
| 7309/428 | LOYARTI GIMENEZ JUANA | 80 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 7310/428 | NOVA ARDARA EQUITIES SA | 400 | 07/05/2014 | 20/06/14 |
| 7311/428 | BLANCO IGLESIAS ANA MARIA | 80 | 25/03/2014 | 20/05/14 |
| 7319/428 | BARROS FORTES LAURENTINO | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 7320/428 | PESO NOVOA M LIDIA CELIA | 400 | 14/05/2014 | 20/06/14 |
| 7321/428 | AGRUPACION DE INDUSTRIAS ESPECIALES SA | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 7322/428 | SUAREZ RAMILO HERMINIO | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 7323/428 | FERNANDEZ PEREZ CARLOS | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 7324/428 | AUTOINVERSION SL | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 7333/428 | DALPHI METAL ESPAÑA SA | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 7334/428 | RECUPERACION TRATAMIENTO SOLDADURA SL | 80 | 27/03/2014 | 05/05/14 |
| 7335/428 | TALLERES MECANICOS VIGO SL | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 7337/428 | COMESAÑA RODRIGUEZ MARIA CARMEN | 400 | 23/10/2014 | 05/12/14 |
| 7342/428 | REIRIZ GARCIA MANUEL | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 7350/428 | ALONSO FERNANDEZ CANDIDO | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 7365/428 | FREIRE MARTINEZ EMELINA | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 7371/428 | FERNANDEZ ALVAREZ MARIA | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 7383/428 | IGLESIAS SILVA ELOY FRANCISCO | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 7390/428 | VIEIRA GONZALEZ JOSE ANTONIO | 80 | 09/01/2015 | 20/02/15 |
| 7391/428 | DOMINGUEZ VILA ESTEBAN | 80 | 09/01/2015 | 20/02/15 |
| 7393/428 | DOMINGUEZ CEA MANUEL | 80 | 19/01/2015 | 05/03/15 |
| 7394/428 | DOMINGUEZ GALLEGO MANUEL | 80 | 19/01/2015 | 05/03/15 |
| 7395/428 | ANDRE RODRIGUEZ LUCIA | 80 | 19/01/2015 | 05/03/15 |
| 7405/428 | CARDO LOZANO MARIA DEL PILAR | 80 | 24/11/2014 | 05/01/15 |
| 7429/428 | DOMONDO SL | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 7434/428 | ALONSO CARBALLO FRANCISCO ANTONIO | 80 | 09/01/2015 | 20/02/15 |
| 7438/428 | SABORIDO SANTAMARIA DOLORES | 80 | 09/01/2015 | 20/02/15 |
| 7446/428 | COSTELA LOPEZ ANA MARIA | 80 | 09/01/2015 | 20/02/15 |
| 7449/428 | SEIJAS TABOADA CELESTINO | 80 | 09/01/2015 | 20/02/15 |
| 7450/428 | RODRIGUEZ DOMINGUEZ MANUEL | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 7451/428 | PROMALAR SL | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 7453/428 | SILVEIRA GROBAS MANUEL | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 7455/428 | FARIÑAS FARIÑAS ROGELIO | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 7491/428 | GONZALEZ GARCIA ALFONSO | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 7492/428 | ABALDE LEIROS SIXTO | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 7493/428 | COSTAS RAMILO FELICIANO | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 7612/428 | FERNANDEZ VAZQUEZ JOAQUIN | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 7665/428 | GONZALEZ PIÑA DOLORES | 80 | 25/11/2014 | 05/01/15 |
| 7703/428 | FROULE GONZALEZ ANTONIO | 80 | 21/11/2014 | 05/01/15 |
| 7705/428 | SANCHEZ RUA CARMEN | 80 | 21/11/2014 | 05/01/15 |
| 7717/428 | LOPEZ DIAZ MARIA ADELINA | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 7727/428 | RODRIGUEZ OITAVEN RAMON | 400 | 23/12/2014 | 05/02/15 |
| 7730/428 | RODRIGUEZ COVELO PERFECTO | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 7737/428 | FERNANDEZ SALGUEIRO ESPERANZA | 400 | 05/05/2014 | 20/06/14 |
| 7738/428 | NIETO ABALDE AVELINA | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 7755/428 | ARTETA LOREDO DIEGO | 80 | 31/03/2014 | 05/05/14 |
| 7757/428 | MARTIN VARELA MERCEDES | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 7783/428 | HERMIDA SEIJO JOSEFA | 400 | 09/01/2015 | 20/02/15 |
| 7786/428 | PEREZ PRADO SARA | 80 | 27/03/2014 | 05/05/14 |
| 7790/428 | JESUS DE MANUEL JOSE | 400 | 06/05/2014 | 20/06/14 |
| 7816/428 | MOREIRA PEREZ AURORA | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 7828/428 | ALONSO SILVEIRA ARGENTINA | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 7829/428 | SEOANE POMBO GENOVEVA | 400 | 06/05/2014 | 20/06/14 |
| 7871/428 | FERNANDEZ HERVELLO ENRIQUE | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 7891/428 | PROMOCIONES INMOBILIARIAS FARVEI SL | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 7918/428 | CEDIA INVERSIONES SA | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 8050/428 | AZERO INVERSION SL | 80 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 8115/428 | PROMOCIONES BOSQUE ALTO SL | 1600 | 26/11/2014 | 05/01/15 |
| 8116/428 | ALONSO COMESAÑA ERMITAS | 400 | 06/05/2014 | 20/06/14 |
| 8119/428 | SANCHEZ DIAZ DIEGO | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 8166/428 | FERNANDEZ RODRIGUEZ ANTONIO | 80 | 25/03/2014 | 05/05/14 |
| 8167/428 | MACIAS ALONSO JOSEFINA | 240 | 25/03/2014 | 05/05/14 |
| 8168/428 | GARCIA RIVERA MARIA AMALIA | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 8209/428 | ALONSO VAZQUEZ JOSE M | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 8210/428 | LOPEZ GOMEZ MANUEL | 400 | 15/05/2014 | 20/06/14 |
| 8211/428 | LAGO PUGA CONCEPCION | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 8212/428 | FERNANDEZ FERNANDEZ MARIA ISABEL | 400 | 15/05/2014 | 20/06/14 |
| 8213/428 | FERNANDEZ NUÑEZ AVILIO AUGUSTO | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 8219/428 | ALONSO LAGO JOSE | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 8221/428 | CELADA ALVAREZ FERNANDO | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 8224/428 | MELON LOPEZ ISOLINA | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 8225/428 | MELON LOPEZ ISOLINA | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 8226/428 | FREIJEIRO ROMAN ENRIQUE | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 8230/428 | FUENTES BARROS OLIVIA | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 8231/428 | ANEIROS VARELA AQUILINO JOSE | 80 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 8233/428 | DIEZ RODRIGUEZ ALFREDO | 400 | 20/05/2014 | 05/07/14 |
| 8237/428 | CENDON FERNANDEZ MANUEL | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 8240/428 | IGLESIAS MENDEZ MANUEL | 400 | 15/05/2014 | 20/06/14 |
| 8242/428 | GAGO CAMPOS SOLEDAD | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 8244/428 | REGUEIRO MIGUELEZ AMADOR | 400 | 09/01/2015 | 20/02/15 |
| 8245/428 | REGUEIRO MIGUELEZ AMADOR | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 8249/428 | ROMAN RIVEIRO FRANCISCO JAVIER | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 8251/428 | COM. PROP. ALCALDE DE LAVADORES, 122 | 1120 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 8267/428 | NOGUEIRA FERNANDEZ MANUEL | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 8268/428 | VAQUERO IGLESIAS RAMONA | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 8270/428 | GARDON PEREZ MANUEL | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 8271/428 | AMATRIAIN URCHAGA ARANZAZU | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 8276/428 | RODRIGUEZ ABALDE ROGELIO | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 8281/428 | PEREZ OSCAR ANGEL | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 8282/428 | GARCIA FERNANDEZ BENIGNA | 400 | 05/05/2014 | 20/06/14 |
| 8301/428 | XOVEL VIGO SL | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 8305/428 | EXLA PLASTICOS SLU | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 8306/428 | CAMESELLE LAGO EMILIO | 400 | 23/10/2014 | 05/12/14 |
| 8312/428 | FERREIRA FERNANDEZ JOSE | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 8318/428 | REGUERA RIVERO MANUEL AGUSTIN | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 8319/428 | FIGUEIRIDO VELAZQUEZ MANUEL | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 8321/428 | CARIDE PEREZ RICARDO | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 8322/428 | CASAL RODRIGUEZ AMELIA | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 8324/428 | ALVAREZ JUSTO MARIA CARMEN | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 8325/428 | LOPEZ CASTRO MARIA CARMEN | 400 | 09/01/2015 | 20/02/15 |
| 8326/428 | CARRERA CAMPOS MANUEL | 400 | 09/01/2015 | 20/02/15 |
| 8327/428 | CAMPO ALVAREZ PEDRO | 400 | 09/01/2015 | 20/02/15 |
| 8332/428 | GRAÑA RODRIGUEZ ALBINO | 400 | 05/05/2014 | 20/06/14 |
| 8333/428 | FERNANDEZ GRAÑA JUAN MANUEL | 80 | 25/03/2014 | 05/05/14 |
| 8334/428 | ARRIOLA FREITAS BERNARDO | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 8336/428 | SERANTES TORRES RAMON | 400 | 05/05/2014 | 20/06/14 |
| 8339/428 | LEIRAS RODRIGUEZ JAIME | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 8341/428 | CASTRO LORENZO SALVADOR SERAFIN | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 8344/428 | SOLLEIRO MARTINEZ MARIA CARMEN | 400 | 14/05/2014 | 20/06/14 |
| 8346/428 | CONSTRUCCIONES MECANICAS FERNANDEZ SL | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 8349/428 | GONZALEZ RODRIGUEZ MARIA CARMEN | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 8364/428 | AGUIAR GRANDE ISABEL | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 8365/428 | COSTAS ROUCO JOSE MANUEL | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 8369/428 | ALMACENAJE Y DISTRIBUCION VIGO SL | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 8371/428 | RODRIGUEZ ALMUIÑA ARGENTINA | 400 | 12/05/2014 | 20/06/14 |
| 8374/428 | GARCIA SILVEIRA OLIMPIA | 400 | 06/05/2014 | 20/06/14 |
| 8375/428 | MELERO GONZALEZ JOSE MARIA | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 8377/428 | GONZALEZ VILABOA ALBINO | 400 | 05/05/2014 | 20/06/14 |
| 8379/428 | SANTOS GONZALEZ MANUEL | 400 | 05/05/2014 | 20/06/14 |
| 8382/428 | LAFUENTE LAFUENTE ALBINO | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 8393/428 | GALIPAM SA | 400 | 06/05/2014 | 20/06/14 |
| 8396/428 | PUENTE SAMIL SL | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 8408/428 | ROMERO BONOME CARLOS | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 8411/428 | CASTROMIL VENTUREIRA JUANA | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 8420/428 | LAMAS CASTRO MARIO | 80 | 25/03/2014 | 05/05/14 |
| 8421/428 | CORREA COMESAÑA CARMEN | 400 | 06/05/2014 | 20/06/14 |
| 8424/428 | GUISANDE SANROMAN MARCOS | 400 | 05/05/2014 | 20/06/14 |
| 8427/428 | AMOEDO RODRIGUEZ JACINTO | 80 | 30/05/2014 | 05/07/14 |
| 8431/428 | MELLA HERMIDA MANUEL | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 8432/428 | GONZALEZ PRIETO JULIA | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 8435/428 | ALONSO COELLO JOSE ANTONIO | 80 | 26/03/2014 | 05/05/14 |
| 8436/428 | GONZALEZ SANCHEZ GERARDO | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 8437/428 | FERNANDEZ GULIAS CONSTANTINO | 400 | 03/06/2014 | 20/07/14 |
| 8438/428 | MIRANVEI, S.L. | 400 | 05/05/2014 | 20/06/14 |
| 8440/428 | ABEIJON DIAZ DOLORES | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 8441/428 | PEREIRA ANTELO ANTONIO | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 8446/428 | ANDRADE CARIDE JUAN JOSE | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 8450/428 | FERNANDEZ PEREZ ANTONIO | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 8452/428 | CADARSO SUAREZ LUIS | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 8454/428 | ARUFE ROMERO JUAN CARLOS | 400 | 05/05/2014 | 20/06/14 |
| 8455/428 | MARTINEZ GEIJO NOGUEIRA SOARES FRANCISCO | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 8459/428 | GARCIA ALVAREZ MONICA | 80 | 06/08/2014 | 20/09/14 |
| 8460/428 | FERNANDEZ FERNANDEZ TOMAS | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 8461/428 | ALONSO RIEGO JOSE LUIS | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 8464/428 | GONZALEZ ESTEVEZ MARIA DOLORES | 80 | 27/03/2014 | 05/05/14 |
| 8467/428 | CAMPO DEL GARCIA SALVADOR | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 8469/428 | FERNANDEZ VILA JOSE MANUEL | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 8470/428 | LOPEZ SEGUIN RAMON | 240 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 8479/428 | PROMOCIONES CARRETERA CORTADA SL | 80 | 30/05/2014 | 05/07/14 |
| 8480/428 | TORRE SANZ ANTONIO | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 8489/428 | FERNANDEZ CASTRO DIVINA | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 8491/428 | FERNANDEZ OTERO ANGEL | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 8502/428 | GOMEZ MOSQUERA JESUS | 400 | 09/01/2015 | 20/02/15 |
| 8505/428 | ALONSO BAR MARIA LAURA | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 8507/428 | PARDELLAS RIVERA ABELARDO | 80 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 8508/428 | THE SOUTHERN SEAS TRUST | 80 | 30/05/2014 | 05/07/14 |
| 8509/428 | TAMEPEL SL | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 8510/428 | PORTELA ABAIXO SL | 160 | 25/03/2014 | 05/05/14 |
| 8515/428 | MONTERO ZORRILLA EMILIO | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 8516/428 | PIÑEIRO PEREZ HERMINIA | 400 | 05/05/2014 | 20/06/14 |
| 8517/428 | RODRIGUEZ FERREIRA JULIO | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 8520/428 | BEIRO GARCIA AVELINO | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 8522/428 | PEDREIRA SOLLA ALBINO | 400 | 05/05/2014 | 20/06/14 |
| 8525/428 | SANJIAO ALONSO JOSE LUIS | 400 | 09/01/2015 | 05/03/15 |
| 8526/428 | SANJIAO DURAN LUIS | 400 | 09/01/2015 | 05/03/15 |
| 8527/428 | FERNANDEZ FRAMIL GUMERSINDO | 400 | 19/06/2014 | 05/08/14 |
| 8532/428 | FARO CARIDE SL | 400 | 05/05/2014 | 20/06/14 |
| 8535/428 | DIAZ GONZALEZ LIDIA | 400 | 05/05/2014 | 20/06/14 |

Acordo
A Xunta de Goberno local queda informada.

**33(417).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E APAMP, “ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL” PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL (LUDOTECA). EXPTE. 4379/336.**

Visto o informe xurídico do 20.02.15 e o informe de fiscalización do 30.03.15, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Xuventude, do 12.03.15, conformado pola concelleira de Xuventude e pola concelleira delegada de Facenda, que di o seguinte:

*Segundo a lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalidade e sustentabilidade da Administración Local, establece no artigo primeiro apartado oito a redacción que terá o artigo 25, mantendo entre as competencias do municipio: “Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre” .*

*O presente convenio está relacionado coa ocupación do tempo libre de nenos e nenas do municipio, polo que a Administración Local en base á citada lei, ten competencias propias para tal fin.*

*Dende a Concellería de Xuventude prantexamos a sinatura dun convenio de colaboración entre o Concello e APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral, para o desenvolvemento de actividades de dinamización infantil e xuvenil durante o ano 2015.*

*O obxecto do presente convenio é desenvolver un PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL, concretado nunha Ludoteca, que cubra as necesidades de ocio e tempo de lecer d@s máis nov@s e cun marcado carácter formativo en valores positivos para o seu desenvolvemento integral e a súa socialización.*

*Este programa será levado a cabo nas instalacións da Rúa Sagunto nº 86, axeitadas para o desenvolvemento do mesmo, por contar cun espazo de zona axardinada ao aire libre que facilita o desenvolvemento de ditas actividades.*

*Que na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público e social polo que o Concello de Vigo, a través da Concellaría de Xuventude, decide apoiar a realización de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo, e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.*

*Que APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral é a única entidade que na actualidade desenvolve este programa específico de Ludoteca de integración ,contando neste momento con instalación adecuada e con capacidade organizativa para afrontar esta actividade que ten un claro interese publico e zonal, figurando no orzamento prorrogado para o presente ano unha partida nominativa específica 3370.489.00.03 “Subvención Ludoteca APAMP” cunha dotación de 20.000 €, destinada a tal fin.*

*Dadas as características desta actividade, así como o lugar no que se desenvolve, o Concello de Vigo entende que a organización da mesma debe recaer na entidade APAMP, e dirixido a 24 nenos e nenas diarios con idades comprendidas entre os 4 e 10 anos.*

*Por todo elo proponse a necesidade da sinatura dun convenio de colaboración para o desenvolvemento do programa de Ludoteca Hoy por Mañana durante o ano 2015.*

*Esta subvención cun importe de 20.000 € establécese a través dun convenio coa entidade APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral , dado que é a entidade con capacidade de desenvolver esta actividade.*

*A normativa aplicable está de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente. Cómpre subliñar que dita entidade é unha das tres coas que a Concellería de Xuventude asinará convenios para o desenvolvemento de actividades de Ludoteca na cidade de Vigo, razón polo que se obvian os principios de publicidade e concorrencia.*

*Por todo o exposto proponse a Xunta de Goberno Local a Adopción do seguinte acordo:*

*PRIMEIRO:"Aprobación do texto do convenio para desenvolver un Programa de Dinamización Infantil e Xuvenil, concretado nunha Ludoteca, entre o Concello de Vigo e APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral, que se adxunta o presente expediente.*

*SEGUNDO: Aprobar o gasto de 20.000 € euros a favor da entidade APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral C.I.F. G-36624120 con cargo á partida 3370.489.00.03 do vixente orzamento prorrogado. Por tratarse dunha entidade sen ánimo de lucro e cunha economía limitada, realizarase un pago anticipado do 50% do importe e non se esixen garantías.*

*TERCEIRO: Que se libre a cantidade de 10.000 € € correspondentes ó 50% do total á sinatura deste convenio, e o 50% restante(10.000 €) á finalización do mesmo.*

*CUARTO: Facultar á Concelleira de Xuventude, María Jesús Lago Rey para a sinatura do presente convenio".*

## Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

*Na Casa do Concello de Vigo, a*

*REUNIDOS*

*Dunha parte, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, en calidade de Alcalde do Concello de Vigo con CIF P3605700-H.*

*Doutra, D. Daniel Varela Lago, con DNI: 36012389-R como presidente da APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral C.I.F. G-36624120 e enderezo social na rúa Miguel Hernández nº 1 CP 36210, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente número 4376/336*

*Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio*

*MANIFESTAN*

*I.- Que a entidade APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral ten entre os seus fins o facilitar os medios adecuados para que as persoas con dicapacidade psíquica-física de calquera índole adquiran os coñecementos e aptitudes necesarias para a súa normalización e integración social, así como o desenvolvemento de programas de respiro familiar Estes obxectivos concordan co desenvolvemento da actividade de Ludoteca de Integración que propoñen e coinciden cos da Concellaría de Xuventude no que se refire ao desenvolvemento de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.*

*II.- Que o Concello de Vigo a traverso da Concellería de Xuventude ten entre os seus obxectivos a dinamización xuvenil, así como o potenciar a participación e a integración, apoiando iniciativas xuvenís e das entidades prestadoras de servicios á xuventude.*

*Que unha das liñas de acción empregadas para cumprir os obxectivos citados é a potenciación de espacios lúdicos para nenas e nenos onde se poida favorecer a integración, combinando tempo de lecer, diversión e desenvolvemento persoal integral a traverso do xogo, a cal ven a coincidir coa proposta que realiza APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral,referida ao desenvolvemento da actividade de Ludoteca, polo que considerase convinte a concesión da subvención solicitada, tendo en conta que a actividade de Ludoteca proposta na solicitude de subvención é, como sinala García de Enterría, "a actividade xurídica da Administración pública que comporta o outorgamento de auxilios directos ou indirectos para servicios ou actividades que complementan ou suplen os atribuídos ó ente público".*

*III.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación orzamentaria 3370.489.00.03, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 20.000 euros, a favor da APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral.*

*IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervintes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a realización de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.*

*V.- Que a entidade APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente número 4376/336*

*Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social, que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral, o Concello de Vigo e a APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral,conveñén a súa colaboración no ámbito de desenvolvemento da actividade de Ludoteca proposta e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.*

*PACTOS*

*A entidade APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral comprométese a desenvolver a actividade de Ludoteca e, concretamente, a:*

*1º.- Ofrecer un espazo de integración e de lecer educativo estable para rapaces e rapazas comprendidos entre 4 e 10 anos, como mínimo, no inmoble da rúa Sagunto nº 86, 36205 da cidade de Vigo, de acordo co programa presentado, atendendo diariamente a un máximo de 24 nenos e nenas, sendo a media de participación semanal é de 50.*

*2º.- Promover o desenvolvemento cognitivo, psicomotor, afectivo e social das persoas destinatarias a través do xogo e de actividades lúdicas.*

*3º.- Favorecer a participación e a integración social dos persoas destinatarias, así coma das súas familias.*

*4º.- Facilitar a adquisición de normas e hábitos saudables e de convivencia entre os persoas destinatarias, así como o desenvolvemento máximo de habilidades e capacidades persoais e grupais.*

*5º.- Procurar a conciliación da vida laboral e familiar axustando os horarios das actividades ás necesidades e características específicas das familias do contorno.*

*En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia*

*Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:*

*1º.- Garantir a prestación adecuada das actividades de Ludoteca a traveso da supervisión das mesmas polo persoal técnico da Concellería de Xuventude, que será o encargado do seguimento da execución do convenio, así como certificar o seu cumprimento unha vez rematadas as actividades obxecto do mesmo.*

*2º.- Conceder directamente á APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral unha subvención por importe de 20.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria "SUBVENCIÓN LUDOTECA APAMP " 33704890003 do orzamento en vigor, co obxecto de coadxudar á financiación da actividade de ludoteca no ano 2015.*

*Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*A entidade APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral, deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.*

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.*

*Cuarto.- Co obxecto de facilitar á entidade o pago de salarios de persoal e seguros sociais do mesmo,e tendo en conta que trátase dunha entidade sen ánimo de lucro e cunha economía limi-*

*tada, posibilitase o pagamento da subvención en dous prazos, o primeiro deles anticipado, á sinatura do presente convenio do 50% do importe total (10.000 €) e outro do 50% restante (10.000 €) á finalización do mesmo, previa certificación de cumprimento. Debido ás razóns anteriormente descritas, non se establecen reximen de garantías dos fondos entregados.*

*A xustificación do importe total recibido presentarase coa certificación dun técnico do servizo de Xuventude xunto coas facturas orixinais correspondentes aos gastos totais, unha vez rematada a actividade.*

*Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a reducción da subvención na mesma proporción .*

*A comunicación destas circuntancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

*Sexto.- A entidade beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 75% do importe da actividade subvencionada.*
*Non poderan ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de subvenciones de Galicia.*

*Sétimo.- A entidade APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión do logotipo da Concellaría de Xuventude do Concello de Vigo.*

*Oitavo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.*

*Noveno.- A APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, dentro do ano natural na que se concedeu a subvención e antes do 10 de decembro do presente ano.*

*A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar:*

*a) Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ás actividades subvencionadas.*

*b) Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeito a retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.*

*c) Manifestación doutros ingresos ou subvecnións que financien o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.*

*A documentación da conta xustificativa deberá incluir unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.*

*A documentación da conta xustificativa deberá incluir unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.*

*As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.*

*Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.*

*A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituir a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidado do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na sua totalidade e o seu custo total foi de ….... euros; segundo establece a Base 38.4 de Execución, referente á forma de xustificación.*

*Se a entidade APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe esacto que resulte afectado pola subvención.*

*A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

*Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral, deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.*

*Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre 1 de xaneiro e 31 de decembro do 2015.*

*A APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.*

*Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención, así como a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polos servizos da Concellería de Xuventude. O xefe do servizo de Xuventude emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada, que será incorporado á conta xustificativa para a súa tramitación.*

*Décimo terceiro.- A APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Xuventude e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*<u>Décimo cuarto</u>.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.*
*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha disminución siñificativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*<u>Décimo quinto</u>.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreezación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.*

*<u>Décimo sexto</u>.- A APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral está informada de que que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Xuventude.*

*A APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral poderá exercelos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Xuventude do Concello de Vigo.*

*<u>Décimo sétimo.</u>- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, a*

**34(418).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 27.436,58€ A FAVOR DE FUNDACIÓN DE ESTUDOS E ANÁLISE FESÁN POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN A NENOS E NENAS NOS ESPAZOS DE TEMPO LIBRE DA CASA DA XUVENTUDE E PAVILLÓN DE COIA. EXPTE. 4397/336**.
Visto o informe xurídico do 24.03.15, e o informe de fiscalización de data 25.03.15, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Xuventude do 01.04.15, que di o seguinte:

*A Concellería de Xuventude iniciou no ano 1990 a actividade de Ludotecas, ubicadas na Casa da Xuventude e no Pavillón de Coia. Estes espazos estaban nese momento concebido como lugares onde se puñan a disposición dos nenos e nenas de idades comprendidas entre os 7 e 12 anos unha serie de xogos e xoguetes, sendo o xogo a actividade principal e através del o desenrolo dunha serie de aptitudes ( cognitivas, sensoriales, de pensamento lóxico, etc). Neste momento en Galicia non existían equipamentos destas características, sendo as referencias no territorio nacional as cidades de Barcelona e Madrid.*

*Na actualidade nestes espazos desenvolvense unha serie de actividades relacionadas co tempo libre como poden ser: obradoiros de todo tipo ( pintura, manualidades, cociña, reciclado), excursións, saídas á natureza, participación en concursos ( comparsas, Nadal, festa da Reconquista) actividades de repaso escolar, etc, deixando a un lado os xogos e xoguetes.*

*Así estes espazos cumpren a clara función de conciliación da vida familiar e laboral, tratando de ocupar o ocio e tempo libre dos nenos e nenas dunha maneira sana, afantándoos do mundo das consolas e a televisión, á vez que se facilita aos pais e nais que traballan un lugar onde os seús fillos e fillas, son atendidos por persoal cualificado ( monitores de ocio e tempo libre) de xeito que poidan acudir e permanecer neles de luns a venres en horario de 16:30 a 20:30 h e de 8:00 a 16:00 h en vacacións escolares.*

*A Fundación de Estudos e Análise Fesan con CIF G15597669, obtivo a adxudicación do contrato de xestión con efectos do 15 de maio de 2008 , finalizando a xestión do servizo o día 16 de maio de 2012.*

*O día 10 de maio do ano 2012 a Concelleira Delegada, resolve autorizar a tramitación dun expediente de contrato menor para a continuidade na prestación do servizo dende o 16 de maio ata o 31 de xullo.*

*Con data 24 de xullo dese mesmo ano a Concelleria Delegada, resolve autorizar a continuidade na prestación do servizo de Ludotecas a nome de Fundación de Estudos e Análise Fesan con CIF G15597669, ata a resolución do novo contrato de adxudicación.*

*O 25 de xaneiro de 2013 recíbese escrito da Xunta de Galicia onde nos informan de que teñen constancia da existencia de duas Ludotecas e que é necesario dispor de autorizacións de creación e de incio de actividade. Mentras o expediente de contratación de Ludotecas segue o séu curso, establecemos contacto coa unidade de Inspección de Servicios Sociais da Xunta de Galicia para normalizar a prestación dunha actividade nacida con anterioridade ao regulamento de 2003.*

*Dado que as actividades que se desenvolven nestes espazos cambiaron sustancialmente, posto que a súa relación directa co xogo e xoguete xa non se da, e tendo en conta que no escrito remitido pola Xunta de Galicia indican que “ si os centros que teñen en funcionamento non se axustan á definición legal de Ludotecas que establece o decreto DOG nº 187 do 26 de decembro, procede modificar a denominación de ditos centros”, esta Concellería de Xuventude propón o cambio de denominación de ludotecas por Espazos de Ocio e Tempo Libre, para o cal deixará sen efecto o expediente de contratación 3731/336 de contrato maior para a xestión das Ludotecas da Casa da Xuventude e Coia aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión de data 15*

*de marzo 2013 e continuará coa tramitación xa iniciada, do expediente de xestión dun programa de dinamización xuvenil ( expediente 4156/336) a desenvolver nos espazos adicados ao Ocio e Tempo Libre da Casa da Xuventude e do Pavillón de Deportes de Coia.*

*Ante a necesidade de dispoñer dun certificado de seguridade e salubridade das instalacións requerido pola Xunta de Galicia, solicitouse o mesmo  á Xerencia de Urbanismo, así como ao Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento.Unha vez obtidos ditos certificados remitíronse á Xunta de Galicia.*

*Por todos estes motivos e seguindo as recomendacións de Asesoría Xurídica, a licitación do novo contrato non foi publicada (3731/336), estando pendente ata ter o VºBº da Xunta de Galicia ás instalacións unha vez reformadas.*

*Ante a imposibilidade de reformar as instalacións conforme as exixencias da Xunta de Galicia, e dada a posibilidade que esta ofrecía de proceder a un cambio de denominación de actividade, posto que se ben nun principio era o xogo e o xoguete e todas as actividades relacionadas con estes o que maior peso tiña nestos servizos, a día de hoxe constituen uns centros de tempo libre cuxo obxectivo principal é a conciliación da vida familiar e laboral, procédese a cambiar a denominación dos centros.*

*Así a XLG en sesión do 04/04/2014 acorda solicitar á Xunta de Galicia o arquivo dos expedientes iniciados por desenvolver actividades distintas e proceder ao cambio de denominación de Ludotecas por Espazos de Tempo Libre.*
*Con data 4/12/2014, rematou o prazo de presentación de ofertas para a xestión dun programa de Dinamización Infantil  exp:4156/336, que sustituirá ás denominadas Ludotecas  e  en situación de proceder á apertura de ofertas para a posterior adxudicación.*

*Con data 5/03/2015 a Mesa de Contratación, acorda propoñer á XGL a adxudicación do Programa de Dinamización Infantil á empresa Clece S.L. Unha vez formalizado o contrato con dita empresa, a Fundación de Estudos e Análise Fesan, deixará de prestar o servizo.*

*Por todo elo Fundación de Estudos e Análise Fesan  con CIF  G15597669 que continua prestando o servizo e presenta con data 31 de xaneiro de 2015 a factura nº 8 serie C00 tipo FC clase OO por importe total de 13.718,29 €,e con data 28 de febreiro de 2015 a factura nº 15 serie C00 tipo FC clase OO por importe total de 13.718,29 € en concepto de prestación do servizo de atención a nenos e nenas nos Espazos de Tempo Libre da Casa da Xuventude e Pavillón de Coia durante os meses de xaneiro e febreiro de 2015.*

*Polo exposto, solicítase a convalidación das actuacións de gasto realizadas sen fiscalización previa que figuran nas facturas núm. 8 e 15 que se achegan no expediente, con cargo á partida 3370 2279900 "Ludoteca Casa da Xuventude e Coia" do programa orzamentario da Concellería de Xuventude para o exercicio 2015.*

*Esta unidade xestora solicita á Oficina de Intervención municipal a convalidación das actuacións de gasto realizadas sen fiscalización previa que figuran nas facturas núm. 8 e 15 que se achegan no expediente con cargo á partida 3370 2279900 "Ludoteca Casa da Xuventude e Coia" do programa orzamentario da Concellería de Xuventude para o exercicio 2015. A  Intervención Xeral informa favorablemente á solicitude de convalidación de gasto.*

*Por todo o exposto, e previos os preceptivos informes, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:*

*"1º.- Aprobar a indemnización sustitutiva mediante a validación das actuacións realizadas sen fiscalización previa, que figuran nas facturas número 8 e 15 de Fundación de Estudos e Análise Fesan con CIF G15597669 por un importe total de 27.436,58 € en concepto de Prestación do servizo de atención a nenos e nenas nos Espazos de Tempo Libre de Casa da Xuventude e Pavillón de Coia durante os meses de xaneiro e febreiro de 2015 do programa orzamentario da Concellería de Xuventude para o exercicio 2015.*

*2º.- Recoñecer a obriga a favor de Fundación de Estudos e Análise Fesan con CIF G15597669 por un importe total de 27.436,58 €, en concepto de Prestación do servizo de atención a nenos e nenas nos Espazos de Tempo Libre de Casa da Xuventude e Pavillón de Coia durante o meses de xaneiro e febreiro de 2015, partida 3370 2279900 "Ludoteca Casa da Xuventude e Coia" do programa orzamentario da Concellería de Xuventude para o exercicio 2015".*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**35(419).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Mª Jesús Lago Rey.